GRIAL

147

XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

TOMO XXXVIII / 2000

SOBRE MANUEL MURGUÍA E CARBALLO CALERO

RAMÓN VILLARES
A formación de Murguía como historiador

VICTORIA ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA
Manuel Murguía e a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago (con dos textos inéditos do historiador)

ISABEL SEOANE
César Vaamonde fala dos últimos días de Manuel Murguía

LAURA TATO FONTAÍÑA
Carvalho Calero poeta, narrador, dramaturgo

SERAFÍN ALONSO PINTOS
O ideal de lingua na *Gramática* de Carballo Calero

XAVIER CASTRO
Entrevista a Miguel Barnet

KLAUS BOCHMANN
Galicia e Moldavia ante o problema da lingua

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

147

XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

TOMO XXXVIII / 2000

Director:
CARLOS CASARES
Subdirector:
XAVIER CASTRO
Secretario de Redacción:
XOSÉ MANUEL SOUTULLO
Consello de Redacción:
XAN BOUZADA, CARLOS X. FERNÁNDEZ,
GUSTAVO ADOLFO GARRIDO, MODESTO LÓPEZ BOUZAS,
HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,
MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, DAMIÁN VILLALAÍN
Deseño:
M. JANEIRO
Ilustracións:
Estelas dos cemiterios de Moaña e Bouzas da *Etnografía* de Vicente Risco
EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Redacción, subscrición e distribución:
Reconquista, 1. 36201 VIGO. Telfs.: 43 21 00 - 43 32 38. Fax: 22 32 05
E-mail: galaxia@editorialgalaxia.es
Páxina web: http://www.editorialgalaxia.es/grial/index.htm
Imprime: OBRADOIRO GRÁFICO, S. L., Avda. Rebullón, 49 - MOS

ISSN: 0017-4181 / DEPÓSITO LEGAL: VG-99-1963

Esta revista é membro de ARCE (Asociación de Revistas Culturales de España).

SOBRE MANUEL MURGUÍA E CARBALLO CALERO

385 RAMÓN VILLARES: A formación de Murguía como historiador

399 VICTORIA ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA: Manuel Murguía e a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago (con dous textos inéditos do historiador)

431 ISABEL SEOANE: César Vaamonde fala dos últimos días de Manuel Murguía

441 LAURA TATO FONTAÍÑA: Carvalho Calero poeta, narrador, dramaturgo

461 SERAFÍN ALONSO PINTOS: O ideal de lingua na *Gramática* de Carballo Calero

475 XAVIER CASTRO: Entrevista a Miguel Barnet

489 KLAUS BOCHMANN: Galicia e Moldavia ante o problema da lingua

503 DOCUMENTOS

XOSÉ MARÍA DOBARRO: Eduardo Pondal e o *Diccionario* da Academia: unha carta inédita

513 LIBROS

X. G. G.: O espello no serán

MARCOS VALCÁRCEL: As doce e sereno

NOEMÍ PAZÓ: Tris-Tram, un pulo polo teatro

MIRO VILLAR: A poesía de Avelina Valladares

XOSÉ ANTONIO MORENO: A Filosofía, outra historia

ÁLVARO XOSÉ LÓPEZ MIRA: Unha república esquecida

RUBÉN ORTEGA DÍAZ: Premer F1 para axuda

XOSÉ LÓPEZ: Unha chamada de atención sobre os perigos do pseudoperiodismo

533 O REGO DA CULTURA

JOCHEN BAARSS / MARIO PELAIA: Non só Santiago de Compostela: Bologna 2000

537 ÍNDICE DE COLABORADORES

A formación de Murguía como historiador

Ramón Villares

Con ocasión do primeiro centenario do nacemento de Murguía en 1933, a revista *Nós* dedicoulle unhas páxinas especiais e o seu director, Vicente Risco, escribiu un longo ensaio interpretativo sobre a figura do patriarca, logo publicado na revista *Arquivos* do Seminario de Estudos Galegos. En ambos casos se define a Murguía como o "historiador da nación galega". Con independencia de que Murguía fale máis de "nacionalidade" que de "nación", esta definición é a que mellor recolle o sentir da súa obra. Porque Murguía foi un autor certamente prolífico, que se achegou a moi diversos eidos, desde o romance e a poesía, ata o xornalismo. Pero sen ningunha dúbida, a súa obra máis extensa e influente foi a de carácter historiográfico. Así era visto polos seus coetáneos, así o catalogaron os seus primeiros biógrafos e así pode ser considerado tamén hoxe.

Esta obra está contida en dous libros maiores e, logo, nun longo ronsel de artigos e pequenos contributos ou biografías especializadas. O primeiro destes libros maiores é a *Historia de Galicia*, comezada a publicar por entregas en 1865/66 na imprenta de Soto Freire (Lugo), que supón o esforzo intelectual máis importante de Murguía no tocante á definición dunha idea de Galicia con criterio historicista. Aínda que ficou inacabada e foi escrita e publicada en fases moi diversas da súa vida, a memoria de Murguía está asociada a esta que, xa para biógrafos coetáneos como Aurelio Ribalta, era unha "magna obra". Unha segunda obra maior é *Galicia*, publicada en 1888 en Barcelona. Consiste este libro nunha presentación global da cultura de Galicia, así como nunha exposición singularizada da historia e dos monumentos artísticos e dos persoeiros das principais cidades de Galicia. Unha longa introducción

(case unha cuarta parte do libro) sobre os tempos prehistóricos, a poboación céltica, mitos, crenzas e costumes constitúe a versión máis acabada que Murguía elaborou da cultura galega. A obra *Galicia*, concibida mesmo para lectores non galegos dentro da obra colectiva *España. Sus monumentos y artes. Su naturaleza e historia*, formaba parte da eclosión da cultura rexional na España finisecular, como amosa a vitalidade da revista *La España regional*, da que Murguía sería un dos colaboradores importantes, xunto ó navarro Arturo Campión ou ó catalán Pella i Forgas, director da publicación.

A obra historiográfica de Murguía tivo outras achegas importantes, como a dedicada a *Diego Gelmírez*, publicada en 1899 e que recibiu críticas moi severas (e algo inxustas) do positivismo académico español. Tamén forma parte da súa preocupación histórica o seu libro, premiado en concurso literario, dedicado ó estudio do foro e da organización da propiedade territorial en Galicia (*El foro. Sus orígenes, su historia y sus condiciones*, 1884). Era o tema foral, desde os tempos nos que participou nos debates do Congreso Agrícola Galego, un dos asuntos preferidos de Murguía á hora de explicar o carácter campesiño e popular da formación da identidade histórica de Galicia. Con todo, é na *Historia de Galicia* e en *Galicia* onde se atopa todo o potencial explicativo que Murguía tivo do pasado galego, do seu proceso formativo e das súas limitacións ou fracasos, merecendo unha especial consideración o "Discurso Preliminar" de 1865 (levemente revisado na reedición de 1901), onde se resume o cerne do pensamento historiográfico dun autor que, malia comezar a súa carreira de escritor como xornalista, axiña se debruzou nos estudios históricos.

1. DE XORNALISTA A HISTORIADOR

As razóns que impulsan a Murguía cara ós estudios históricos non semellan de todo claras nos perfís biográficos que ata agora se coñecen da súa figura. Como é ben sabido, a súa gran paixón de mocidade foi o xornalismo e mesmo a creación literaria, tanto en prosa como en verso: "los versos fueron mi ilusión primera", recoñece en poema publicado en honor do cronista muradano Ramón de Artaza en 1903. Algún dos seus textos máis xuvenís, como *Desde el cielo*, publicado en folletón polo xornal madrileño *La Iberia*, mereceu longo aplauso do público, así como outros romances do estilo do *Diego Gelmírez*, publicado en folletín no ano 1859. Sen embargo, axiña abandonou tanto a literatura como o xornalismo activo, para se debruzar no cultivo da historia. Como diría W. Fernández Flórez en 1913, Murguía deixou de ser "el posible Walter Scott" para se dedicar "a la labor aridísima, costosa y ob-

sesionante de la investigación histórica. Y así fue como Galicia pudo tener cronista de su vida"[1].

No ano 1856 publica Murguía no xornal vigués *La Oliva*, fundado polo seu compadre Alejandro Chao, un artigo titulado "De la historia de Galicia", no que aparecen xa algunhas das principais obsesións que Murguía manterá de por vida respecto do pasado histórico galego, entre elas a do celtismo, que non dubida en cualificar entón como "la gran cuestión". Murguía denuncia, neste substancioso artigo, o descoñecemento que existe na "literatura patria" da historia galega, da que salva só os nomes dos ilustrados Sarmiento e Cornide e do liberal Verea y Aguiar, aínda que advirte que nos últimos anos "jóvenes de talento y porvenir se arrojaron a la harto penosa tarea de revolver viejas crónicas y desempolvar manuscritos". E acaba por confesar que leva seis anos recollendo "apuntaciones" para publicalas algún día como historia de Galicia. A vocación murguiana é, por tanto, ben precoz, sobre todo se temos en conta a ausencia de formación académica no campo da Historia e, mesmo, do Dereito que era entón o camiño máis transitado para lograr unha mínima competencia en temas históricos.

Esta afección pola historia acrecentouse a partir de 1858, cando xa casado con Rosalía, o novo casal retorna de Madrid a Galicia, morando en diversas cidades. Produciuse neste tempo o que, para Aurelio Ribalta, supuxo un xiro na vida intelectual de Murguía, ó pasar de ser "un home de imaxinación" a se converter nun "sabio erudito". Foi, no sentir deste precoz biógrafo murguiano, a consecuencia dos consellos dun parente que Murguía se dedicou ós estudios históricos[2]. Non parece suficiente explicación, pero o certo é que desde esta época, Murguía vaise consolidando no panorama cultural de Galicia como o historiador por excelencia, por riba de coetáneos seus tan brillantes como Benito Vicetto, xornalista e romancista de éxito, e con maior eco social que autores algo máis novos, como Villaamil y Castro, moito máis debruzado na erudición e na historia da arte. Unha mostra deste crédito de Murguía como historiador ponse de manifesto no apoio que recibe para publicar a ansiada historia que estaba preparando, con ocasión do Congreso Agrícola Gallego, celebrado en Compostela durante as festas do Apóstolo do ano 1864. Despois de gastar moitas horas e varios días na discusión sobre a reforma do sistema foral e as desvantaxes da lei hipotecaria, Murguía é escollido para tal mester, como froito dunha proposta presentada ó congreso por parte do Conde de San Juan (Vicente Calderón), Antonio Casares, Leoncio Perejón, Vicente Martínez de la Riva e Justo Pelayo Cuesta.

1. Durán, J. A. *A loita pola vida (1833-1923). Conflictos e tenruras de Manuel Murguía.* Caixa Galicia/Real Academia Galega, A Coruña, 1999, p. 218.
2. Ribalta, A. "Don Manuel Murguía", en *Galicia. Revista Regional* 12.

Este apoio do Congreso Agrícola non foi un brinde ó sol, pois sabemos que as deputacións galegas subsidiaron parcialmente a publicación da obra de Murguía, que, pola contra, tivera pouca acollida dos suscritores, como recoñece o propio "patriarca" en epístola a Pondal escrita en 1882: "del país no espero nada, visto lo que me pasó con el primer cuaderno de la Historia, que apenas llegaran a veinte los suscriptores"[3]. Pero tal vez o máis relevante da proposta do Congreso de 1864 sexa o propio feito de ter sido tomada en consideración, despois da confrontación política a que deran lugar as sesións do congreso. Isto revela que os sectores políticos de orientación progresista, no que militan varios dos asinantes da proposta, consideraban que a rexeneración de Galicia, ademais de tender camiños de ferro ou redimir os foros, pasaba por unha recuperación da súa historia e da súa cultura.

A urxencia de escribir unha historia de Galicia estaba no ambiente cultural e político da época, dado que tanto Murguía como Benito Vicetto e mesmo Barros Sivelo tiñan concibido o proxecto de redactar unha historia xeral de Galicia polas mesmas datas[4]. A obra historiográfica de Murguía é concibida, pois, nun contexto histórico de grande actividade cultural, pero tamén de "provincialización" do progresismo político e de mitificación de acontecementos anteriores, como a "revolución" de 1846 ou o banquete de Conxo. Unha parte deste ambiente intelectual foi evocado polo mesmo Murguía na súa obra *Los precursores* (1885), verdadeira autobiografía dunha xeración prodixiosa forxada na Galicia dos primeiros anos do provincialismo político e do romantismo cultural.

Sen embargo, o apoio social e institucional recibido por Murguía, así como por outros cultivadores da lingua e da historia de Galicia, non deixou de ser episódico. Como intelectuais autodidactas e carentes de inserción no entramado burocrático da administración (pois a condición de arquiveiro de Murguía sufriu abondosos cortes), as súas obras eran basicamente froito dunha decisión persoal. Neste sentido é como se pode entender mellor a confesión murguiana de que afrontou a escritura da *Historia de Galicia* por "amor sagrado á terra"[5]. As razóns desta debilidade institucional eran de moi diversa índole, desde as propiamente académicas ata aquelas que fan referencia á peculiar maneira con que se solventou en Galicia a crise do Antigo Réxime, onde remaneceron con forza grupos sociais e, sobre todo, pautas culturais vencelladas á Igrexa e á nobreza e fidalguía aínda fortemente campesíñas e

3. Ferreiro, M. *Pondal: do dandysmo á loucura (biografía e correspondencia).* Laiovento, Santiago de Compostela, 1991, p. 108.

4. Durán, J. A. *Op. cit.* 1999, pp. 227 e ss.

5. Murguía, M. *Historia de Galicia.* Cito pola reedición, correspondente á segunda edición, de *La Gran Enciclopedia Vasca*, 1979.

máis ocupadas na defensa dos seus predios que na construcción dunha historia nacional de Galicia.

En suma, a obra historiográfica de Murguía foi ambiciosa nos seus obxectivos, extensa no seus resultados e froito dunha paixón persoal do autor. Supuxo unha fonda ruptura coa tradición anterior e foi quen de fixar algúns dos fitos máis senlleiros do percorrer histórico de Galicia. Fixo do estudio do pasado, dun pasado glorioso habitado por unha raza superior e adornada dos mellores valores, como era a celta, unha metáfora explicativa dos éxitos e fracasos de Galicia. E, sobre todo, foi a obra de Murguía a que achegou á cultura galega a máis coherente fundamentación ideolóxica do feito diferencial de Galicia, no período histórico no que se estaba a construír o estado-nación español.

2. UN HISTORIADOR NACIONAL

A obra de Murguía debe poñerse en relación coa tendencia romántica e liberal da Europa occidental da primeira metade do século XIX, consistente na redacción de obras que teñen como obxectivo a construcción dunha historia nacional. Foi entón cando a historia actuou como un dos grandes paradigmas intelectuais da cultura da época. Como é ben sabido, o século XIX é o século da Historia. O desenvolvemento da tradición ilustrada en Francia, por parte dos historiadores liberais (Guizot, Thierry ou Michelet), ou a crítica da razón ilustrada, levada a cabo nos países alemáns (nomeadamente, en Prusia) polos herdeiros de Herder e Hegel, como son Niebuhr ou Ranke, son os dous puntos de referencia da historia europea do momento. Esta conversión da historia universal (da "humanidade", en palabras de Herder, "dos costumes" en versión de Voltaire) en historia nacional é unha das grandes realizacións do liberalismo europeo. Florecen, deste modo, as historias nacionais, que se constitúen nun dos soportes do "Nation Building" en toda Europa, tanto no seo de estados nacionais progresivamente consolidados (o exemplo máis paradigmático é Francia) como no seo de culturas que, carentes de estado propio, atoparon en filólogos e historiadores os seus grandes profetas ou, cando menos, "escultores" primeiros das súas identidades nacionais. O percurso historiográfico de Ranke, que comeza cos "pobos latinos e xermánicos" e acaba facendo historias de Alemaña, Francia ou Inglaterra, é unha boa ilustración desta tendencia á nacionalización da Historia. O estudio da Historia será, deste modo, unha panca esencial para o deseño da política dos estados nacionais europeos do século XIX, aínda que o desenvolvemento da historiografía española fose moi deficiente neste período, como con mágoa recoñecen algúns historiadores españois especialmente atentos á

evolución da historiografía europea, especialmente francesa e alemana[6].

O caso da Península Ibérica non foi alleo a esta tendencia. A cultura liberal (e romántica) da España de mediados do século XIX promoveu, no campo da historia, a nacionalización do pasado, isto é, a elaboración dun discurso histórico que lexitimase a construcción do estado liberal, como froito da evolución inexorable da civilización. Así como se "nacionalizaron" os bens desamortizados ou os exércitos populares (chamados milicia "nacional") tamén se "nacionalizou" o pasado, facendo recuar ata os tempos máis antigos o punto de partida das nacións en construcción. Exemplo emblemático desta tendencia foron as varias historias nacionais españolas, que comezan a ser escritas na época isabelina por autores ben diversos, desde o galego E. Chao ata Alcalá-Galiano, Gebhardt, Patxot ou o propio Pi i Margall[7]. A moda das "historias xerais de España" adquire o seu máximo esplendor coa *Historia de España*, de Modesto Lafuente, publicada por primeira vez en 1850, que constituíu a versión canónica do pensamento liberal sobre a historia española, e que foi un dos libros máis lidos da segunda metade do século XIX en España e o de maior influencia ideolóxica na configuración do nacionalismo español, xa que actuou como unha sorte de "Biblia secularizada" ou "vademecum" para a formación dun espírito nacional[8]. Historia nacional que non ficou reflectida só nas páxinas dos libros dos historiadores, senón que atopou un grande eco en todo un programa de pintura e imaxinería de acontecementos heroicos (desde Viriato ou Indibil e Mandonio ata El Cid ou as diversas temáticas vencelladas á "Reconquista"), da que foron cultivadores singulares pintores como Casado del Alisal, V. López e moitos outros. A partir da época da Restauración canovista, a institución encargada de administrar e "xestionar" este pasado nacional foi a Real Academia da Historia, "pedra angular" na construcción dunha "historia oficial nacional"[9].

Algo semellante se podería dicir do caso portugués, onde grandes figuras do liberalismo político luso, como Herculano ou Almeida Garrett, acometen a constitución dunha memoria histórica nacional. Os catro volumes da *Historia de Portugal* de Herculano, comezada a publicar no ano 1846, na época da guerra civil da *Patuleia*, constitúen un labor patriótico, porque para Herculano "no meio de uma nação decadente, mas rica en

6. Ruiz Torres, P. (ed.). *Discursos sobre la Historia (Lecciones de apertura de curso en la Universidad de Valencia, 1870-1937).* Universitat de Valencia, 2000.

7. Cirujano, P.; Elorriaga, T. e Pérez Garzón, J. S. *Historiografía y nacionalismo español, 1834-1868.* CSIC, Madrid, 1984, pp. 77 e ss.

8. Jover, J. M. Introducción a "La era isabelina y el sexenio democrático, 1834-1874", en *Historia de España de Menéndez Pidal.* Espasa-Calpe, Madrid, 1981.

9. Peiró, I. *Los guardianes de la Historia.* Instituto Fernando el Católico, Zaragoza, 1995, p. 16.

tradições, o mister de recordar o pasado é uma especie de maxistratura moral, é uma especie de sacerdocio" que el, como historiador, se impón a si mesmo[10]. Para Herculano, como para moitos historiadores coetáneos, o cultivo da historia supuña un compromiso coas xeracións futuras, para as que escribía. Desta opinión era tamén o noso Murguía.

A orientación predominante das "historias xerais" españolas desta época era a "idea do dominio de Castela na formación da nación española"[11]. Posición que, desde logo, non foi unanimente compartida pola cultura da España liberal e, moito menos, pola de principios do século XX. Por esta razón, de forma paralela a esta aparición de historias nacionais vencelladas á construcción do estado-nación español, comezan a xurdir interpretacións diferentes, desde unha perspectiva nominalmente definida como rexional, pero que no fondo supoñen unha sorte de historias nacionais alternativas, asentadas sobre culturas diferentes e, sobre todo, en pasados catalogados como diferenciais. Este é o caso das obras de historiadores cataláns como Antoni de Bofarull, arquiveiro e experto en crónicas medievais, pero tamén secretario dos Xogos Florais de Barcelona de 1859, quen na súa *Memoria* manifesta con claridade que "non hai pobo sobre a terra que, para afortalar o seu presente, non olle dous puntos extremos e cardinais, dos que recibe a vida: o pasado e o futuro; de onde ven e a onde vai"[12]. Un papel semellante xogou o progresista Víctor Balaguer, autor *dunha Historia de Cataluña*[13], "escrita para darla a conocer al pueblo", que malia a súa baixa calidade científica tivo unha gran difusión popular[14]. E se a mitoloxía nacional española se reflectiu na pintura, no caso catalán sería o propio Balaguer quen acabase inspirando ese monumento á memoria histórica que é a denominación das rúas e prazas do ensanche de Barcelona, ateigada de figuras e terras vencelladas ás glorias pasadas da coroa de Aragón e da súa expansión polo Mediterráneo[15].

Esta recuperación histórica do pasado tivo menor plasmación en Galicia, onde a presentación visual (en forma pictórica ou escultórica) dos principais mitos atribuíbles a unha conciencia nacional galega foi algo máis serodia (traslado dos restos de Rosalía a Bonaval en 1891 ou cons-

10. Catroga, F, *et alii. Historia da Historia en Portugal, séculos XIX-XX.* Temas e Debates, Coímbra, 1998, I, p. 56.

11. Fox, I. *La invención de España.* Cátedra, Madrid, 1997, p. 45.

12. Anguera, P. *Literatura, pàtria i societat. Els Intel.lectuals i la nació.* Eumo Editorial, Vic, 1999, p. 27.

13. Balaguer, Víctor. *Historia de Cataluña y de la Corona de Aragón.* S. Manero, Barcelona, 1863.

14. Fontana, J. *La fi de l'Antic Règim i la industrialització (1787-1868),* Vol. 5 de *Història de Catalunya,* dirixida por Pierre Vilar, Edicions 62, Barcelona, 1988, p. 426.

15. Michoneau, S. "Políticas de memoria en Barcelona a finales del siglo XIX", en García Rovira, A. M. (ed.). *España, ¿nación de naciones?,* revista *AYER* 35, pp. 110 e ss.

trucción do monumento ós "mártires de Carral", en 1904), salvo naqueles exemplos que daban conta dunha conciencia nacional española en Galicia (mitificación de Méndez Núñez, por exemplo). Pero o traballo de Murguía como historiador é claramente equiparable a este esforzo de elaboración das historias nacionais, que son o gran reto intelectual e político de Europa occidental, tanto no seo dos estados nacionais plenamente constituídos, como no seo das culturas nacionais desprovistas de institucións propias de goberno, desde Galicia ou Cataluña en España (o caso vasco, coa permanencia e mesmo reforzamento das institucións forais despois do "Convenio de Bergara", era certamente diferente) como nas diversas nacións sen estado da "Mitteleuropa" danubiana.

3. A FORMACIÓN HISTORIOGRÁFICA DE MURGUÍA

Cando Murguía fala por primeira vez da necesidade de escribir unha historia de Galicia, en 1856, o autor é ben consciente da tradición intelectual na que se quere inserir. Coñece algunhas obras de devanceiros da Ilustración, como Sarmiento ou Cornide, e conceptúa de modo axustado as achegas de historiadores como Verea y Aguiar ou Martínez Padín. Pero os seus coñecementos sobre as diferentes fases da historia de Galicia son aínda moi sumarios, así como sobre a evolución da ciencia histórica en xeral. Pola contra, cando se publican os dous primeiros tomos da súa *Historia de Galicia*, dez anos despois, a concepción global do pasado de Galicia aparece moito máis madura e, sobre todo, amosa unha certa familiaridade intelectual coa historiografía coetánea, especialmente francesa e portuguesa. ¿Que formación acadou, nestes anos de "profundas reflexións", o historiador Murguía?

Hai que comezar por advertir que Murguía é un "amateur", un amador da historia escasamente profesionalizado. Non estudiou, como fixeron algúns coetáneos seus —J. Villaamil y Castro ou A. López Ferreiro—, na Escola Superior de Diplomática, na que se formaba daquela o corpo de arquiveiros e bibliotecarios de España, dado que as materias que nela se cursaban (paleografía, arqueoloxía, linguas, historia de España e bibliografía) eran moito máis axeitados para os estudios históricos que as existentes nas titulacións universitarias tanto de Dereito como de Filosofía e Letras[16]. Esta Escola, que fora fundada no ano 1856, tivo como primeiro director a Modesto Lafuente. A aparición desta institución coincide coa estadía de Murguía en Madrid, facendo vida bohemia e literaria. Parece que en 1859 fixo algunhas xestións, a través de X.

16. Peiró, I. e Pasamar, G. *La Escuela Superior de Diplomática. Los archiveros en la historiografía española contemporánea.* Anabad/La Muralla, Madrid, 1996.

Rodríguez Seoane, para entrar nesta Escola, pero non chegaron a se concretar[17]. Aínda que a "Gloriosa Revolución" de 1868 lle permitiu converterse en arquiveiro, a súa profesión máis estable, Murguía nunca acadou o status de historiador académico ou profesional. Unha confirmación, entre moitas posibles, está na propia marxinación que a Academia da Historia fixo da súa persoa e obra, con frecuencia criticada severamente nas páxinas do Boletín da mesma, ou en informes confidenciais, como o evacuado en 1892 a propósito do tomo terceiro da *Historia de Galicia*, que recentemente ten sido publicado[18] e no que Murguía advirte claramente a man do administrativista Colmeiro, como denuncia no celebrado artigo publicado en *La Voz de Galicia*, en 1896, "¡Por fin llegaron los renombrados garbanzos de Fuente Saúco!" De feito, os membros da Academia da Historia que tiñan orixe galega, como o citado Colmeiro ou o político —e antigo provincialista— Romero Ortiz, ben pouca sensibilidade amosaron pola historia de carácter rexional.

A formación historiográfica de Murguía foi, pois, a dun autodidacta que aprendeu os rudimentos da literatura histórica nas redaccións dos xornais máis do que nas aulas académicas e universitarias. Así o vía en maio do 1933, con ocasión do seu primeiro centenario, un editorial do "boletín mensual da cultura galega" e principal publicación nacionalista da preguerra, a revista *Nós*: "erudito e investigador, coma todo-los galegos, autodidacto, sen mestre, sen precedente, sen máis guieiro qu'o seu talento formidábele e o seu seguro i atinado senso das cousas"[19]. Sen embargo, a lectura dos seus libros permite observar algunhas das súas influencias intelectuais máis notables. Como ten sinalado Vicente Risco, a bibliografía que mellor manexa Murguía, alén da autores galegos ou españois, é a de carácter histórico de orixe francesa. A nómina de autores mencionados por Murguía é abondosa e non é do caso reproducila aquí, aínda que cómpre disterar aqueles que emprega para efectuar os primeiros tomos da *Historia* (anos sesenta) dos que aparecen mencionados no *Galicia* ou na segunda edición dos dous primeiros tomos da *Historia de Galicia* (1901), na que a presencia de autores estranxeiros é moito máis numerosa. Na época formativa murguiana, os nomes dos franceses Thierry (Amadeo e, nomeadamente, Agustin), de Mignet e do portugués Herculano ecoan con frecuencia na prosa murguiana. A estes cómpre engadir as numerosas mencións que, en épocas posteriores, fai de autores dedicados ó estudio das linguas, as razas ou as civilizacións antigas, celtas, galas e romanas, como M. Müller, Mortillet, Edwards, Gobineau, Fustel de Coulanges, Viollet-le-Duc ou Cartailhac, case todos

17. Barreiro, X. R. e Axeitos, X. L. *Manuel Murguía. Vida e obra.* Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2000, p. 31.
18. Durán, J. A. *Op. cit.* 1999, pp. 208 e ss.
19. Revista *Nós* 113, p. 74.

eles franceses ou lidos en versión francesa. Un elenco bastante completo das fontes históricas e bibliográficas que empregou Murguía pode ollarse no ensaio biográfico feito por Risco no ano 1933, ó que me remito para maior precisión[20].

Pero máis do que das presencias, tamén hai que sinalar as ausencias ou as mencións esporádicas. Entre elas, parece rechamante que cite só tanxencialmente a François Guizot, verdadeiro fundador da historia liberal en Francia e da institucionalización da disciplina desde o seu posto clave de ministro de Instrucción Pública na monarquía de Luís Felipe, nin que amose coñecer a influente obra, tanto na literatura como na historia, do vizconde de Chateaubriand, un dos principais inspiradores da historia romántica, dada a suxestión que a lectura que libros como *Les Martyrs* provocou en autores como Guizot ou Augustin Thierry, segundo propia confesión posterior deste último[21]. Tamén sorprende que Murguía non frecuentase a lectura de Alexis de Tocqueville sobre a Revolución Francesa, publicada nos anos cincuenta, nin a prosa de Jules Michelet, un autor que lle acaería ben ó noso patriarca, polo seu estilo vigoroso e o profundo amor ó pobo miúdo, gran protagonista da historia e autor, entre outras obras clásicas, dunha xuvenil introducción á historia de Francia. Tal vez estas ausencias teñan que ver coa temática moderna analizada por estes autores, que non cadraba ben coa obsesión murguiana de procurar sobre todo as orixes celtas de Galicia. Unha lagoa semellante se atopa respecto dos historiadores tedescos, que tampouco lle son familiares.

Coñecemos, entre outros termos posibles de comparación, as influencias que tivo o portugués Herculano e as diferencias son notables. Na prosa de Herculano, ademais dos Thierry, está presente a obra de Guizot e, sobre todo, a de moitos historiadores alemáns, como Savigny, Ranke ou Justus Möser, o xigante de Osnabrück, considerado polo portugués como un "dos máis ilustres historiadores modernos"[22]. Infelizmente, Murguía non se lucrou da tradición historiográfica alemana, que moito lle podería servir pola paixón historicista que soubo insuflar en toda a cultura europea do século XIX, nin tampouco da historiografía política inglesa, aínda que semella coñecer algo da obra de Macaulay e de Carlyle.

Con todo, as obras de historia máis influentes na Europa occidental e mediterránea de mediados do século XIX son, sen dúbida, as francesas, de modo que Murguía non fai senón beber da fonte intelectual máis caudalosa do seu tempo. Incluso en medios tan pouco afrancesa-

20. Risco, V. *Manuel Murguía*, en *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* (1933). Cito pola edición de Galaxia, Vigo, 1976, pp. 50 e ss.

21. Thom, M. *Repúblicas, naciones y tribus*. Trea, Xixón, 1999, pp. 305 e ss.

22. Catroga, F. *et alii*. *Op. cit.* 1998, I, p. 64.

dos como os da monarquía portuguesa (emparentada daquela cun vástago da familia tedesca Saxe-Coburgo), a chegada de libros de historia ingleses á corte de El-Rei Pedro V (1856-1861) é posible gracias á relación familiar que este monarca ten co seu tío o príncipe Alberto, o culto marido da raíña inglesa Victoria, con quen dialoga en longas epístolas sobre as ideas e obras de Tocqueville, Burnet ou Clarendon como fonte de inspiración para o exercicio do goberno[23]. En suma, a información bibliográfica de Murguía non era completa pero, dado o seu carácter autodidacta e as dificultades mesmo persoais nas que que tivo que procurala, non deixa de resultar asombrosa a amplitude e actualidade das súas fontes intelectuais nas que, como ten observado Risco, primaban especialmente os libros de publicación máis recente.

4. A CONCEPCIÓN DA HISTORIA (DE GALICIA).

Malia esta formación autodidacta, a concepción da historia que ten Murguía sepárase netamente de todos os seus coetáneos galegos e pode soster unha comparanza coa historiografía española da época. O prólogo de 1865, ese "outo e gasalleiro portal, como de fidalgo e campesío pazo das mellores lembranzas" (a expresión non podía ser doutro que Otero Pedrayo), ábrese cunha invocación definitoria: "a historia é, baixo certo punto de vista, a creación propia e orixinal da nosa época". Esta é a primeira gran novidade da obra de Murguía. Que a elaboración dunha historia de Galicia non pode facerse á marxe das tendencias historiográficas coetáneas. Coa seguridade que o caracteriza, así o confesa neste prólogo: "imperdonable sería escribir obras como a presente, descoñecendo a marcha das ciencias históricas en Europa". Murguía pretende, e en boa medida consegue, escribir unha historia de Galicia que teña as cualidades dunha "obra científica", mesmo rendendo o debido tributo á erudición e ás fontes documentais que estimaba imprescindibles para a elaboración do relato histórico.

En substancia, a obra de Murguía nace "con la noble aspiración de escribir acerca de nuestro país, a la manera que los adelantos del siglo lo demandan"[24]. Este esforzo por cumprir as esixencias da ciencia histórica coetánea concrétase nunha evidente ruptura con toda a tradición historiográfica galega anterior, incluída a obra máis coetánea, que é a *Historia de Galicia* de Benito Vicetto, tamén comezada a publicar en 1865 e que Murguía despacha de malos modos no seu prólogo (despre-

23. Mónica, María Filomena (ed.) *Correspondência entre D. Pedro V e o seu tio, o príncipe Alberto.* Quetzal Editores, Lisboa, 2000, pp. 62 e ss.
24. Murguía, M. *Op. cit.* 1901, I, p. XL.

zo que Vicetto devolvería anos despois, sobre todo a conta da incapacidade murguiana de rematar a obra prometida). Esta ruptura pode analizarse en catro grandes aspectos: no método expositivo, na concepción historiográfica, na interpretación do pasado de Galicia e, finalmente, na súa periodización orixinal.

En primeiro lugar, no relativo ó método, Murguía substitúe o peso da imaxinación e da literatura pola consulta de arquivos e monumentos e pola lectura de textos históricos anteriores. Murguía é a antítese de Vicetto, para quen a historia era ante todo imaxinación. Sen chegar a ser un completo historiador erudito, Murguía procura, no documento ou na observación directa de vestixios artísticos e culturais do pasado (monumentos, folclore, etc.), a comprobación empírica das súas afirmacións. En moitos casos, sérvese da comparanza entre prácticas culturais e relixiosas antigas e as que el puido comprobar nas súas andanzas por Galicia. Compara o aspecto dos labregos da Maía ou das terras de Lugo con descricións de autores clásicos. E sobarda o recurso erudito ó documento escrito, coa advertencia de que para o historiador son útiles "todas as manifestacións do espírito", desde os monumentos ata a linguaxe, os costumes e os hábitos culturais. O seu método combina a consulta de autores precedentes, nomeadamente Flórez, Masdeu e os ilustrados galegos, coa práctica de "recorrer o país" e de ver, así como a de recabar informes de amigos ilustrados coñecedores de diferentes comarcas de Galicia[25]. Unha mestura do método de Herodoto e de Mabillon. Nas súas "consideracións xerais", que preceden a *Historia* de 1865, incorpora varias conxecturas sobre a demografía galega medieval e moderna e leva a cabo unha descrición etnográfica de Galicia, desde os traballos e a relixiosidade ata a indumentaria, sobre a que fai observacións atinadas na reedición de 1901, en comparanza coa de 1865. Non é esta parte da *Historia de Galicia* a contribución máis brillante de Murguía, pero alomenos certifica esa influencia ilustrada, tamén presente no libro de Verea y Aguiar, de facer preceder a exposición dos acontecementos cunha descrición corográfica e natural, "more Plinio", da terra historiada.

En segundo lugar, na concepción da historia, Murguía tamén rompe claramente coa tradición anterior, aínda moi dependente da historia sagrada e dunha periodización que ou ben remitía á Biblia e á historia sagrada, ou ben aceptaba as teses do "tubalismo" e outras orixes heroicas. Para Murguía, as orixes bíblicas de cidades eran "locuras" baseadas en "etimologias aventuradas". Non se atopará en todo o texto murguiano senón unha concepción laica e liberal da Historia, concibida como unha "marcha gradual y constante" dos pobos cara á súa liberdade. Ademais, para Murguía a escritura da historia debe rexerse por unha

25. Barreiro, X. R. e Axeitos, X. L. *Op. cit.* 2000, p. 34.

mestura do método filosófico e calidade literaria, o que lle permite presentar elegantemente o relato e, ó mesmo tempo, acometer unha interpretación dialéctica e xeneralizadora dos sucesos históricos, nos que xa non intervén a Providencia, senón a natureza das cousas: "en buena hora se conozcan la carta puebla y el privilegio, el sello de plomo y el viejo pergamino, el concilio y las cortes, los concisos anales y la crónica llena de ingenuidad. Faltará a quien tanto crea conocer, como dice Thierry de los benedictinos (refírese Murguía á famosa congregación de San Mauro, fonte da historia erudita de finais do século XVII en Francia, da que saíu a figura de Dom Mabillon), la inteligencia y el sentimiento de las grandes transformaciones sociales"[26]. A idea de progreso, tan querida para os liberais de formación ilustrada e tradición revolucionaria, tamén ecoa de forma sistemática nos textos de Murguía.

En terceiro lugar, Murguía enfoca de forma totalmente nova a visión do pasado de Galicia. Non procura un pasado heroico, nin adornar Galicia coa presencia nela de figuras da tradición troiana ou fenicia. O que pretende é explicar cómo se fundamentou na historia o feito diferencial galego; cómo desde un pasado glorioso e brillante, por obra do desleixo das súas elites dirixentes, desembocou Galicia nunha sorte de "fracaso" histórico. Murguía, por tanto, non concibe a historia de Galicia como un exercicio de vindicación emotiva de glorias pasadas, como fixera boa parte da historiografía galega dos séculos XVII e XVIII, enfrascada na obsesión de demostrar a "matriz española" de Galicia, gracias á antigüidade dos fundadores (gregos ou bíblicos) das súas cidades ou á presencia na súa terra do apóstolo Santiago. Pola contra, Murguía concibe o seu traballo histórico como unha explicación racional dos éxitos e fracasos dun pobo, que careceu, sobre todo nos tempos medievais, de dirixentes que estivesen á súa altura: "a los nobles gallegos nada les debe Galicia, más que sus viejos males y su sempiterna postración". Murguía pretende, pois, facer unha auténtica historia nacional de Galicia, de orientación liberal e laica, na mellor escola dos historiadores liberais europeos, para quen a historia era o escenario no que se desenvolvía a epopea do progresivo dominio do home sobre a natureza, da civilización sobre a barbarie.

En cuarto lugar, Murguía é anovador na periodización da evolución histórica. A idea que un historiador ten do pasado que estudia exprésase mediante a periodización que efectúa do mesmo, nos cortes ou rupturas que establece na evolución temporal e, sobre todo, nas obsesións ou temas fortes que de forma recorrente abrollan no seu discurso. Neste sentido, Murguía fixa con precisión unha división interna da historia de Galicia que, en boa medida, remaneceu ata a actualidade. Establece un

26. Murguía, M. *Op. cit.* 1901, I, p. XLII.

punto de partida, que son os celtas como moradores primixenios de Galicia e subministradores dos caracteres máis fortes (e invariables) do pobo galego. Logo, sinala varios "turning-points" que son a romanización, os séculos centrosos da idade media e a crise do século XV, como fitos máis singulares da historia de Galicia. A partir de principios do século XVI, como ten observado xa Vicente Risco, Murguía aproxima en exceso a historia de Galicia á evolución da historia española, pero chama a atención sobre a figura de Carlos III e remata coa guerra contra Napoleón e o propio Rexurdimento que el mesmo vivira e protagonizara.

Alén desta periodización feita a grandes alancadas, hai no Murguía dúas ideas fortes que recorren boa parte da súa obra historiografíca e que teñen un elo común. Por unha banda, a afirmación dun signo de identidade do pobo galego, mediante a adopción do paradigma do celtismo. Sería esta a fundamentación nacional de Galicia. E, por outra banda, a explicación de por qué Galicia non construíu unha monarquía ou estado propio, o que Murguía invoca en moitas ocasións como a "anhelada autonomía", sempre presente como arela, pero nunca plenamente lograda, salvo en tempos de El-Rei don García ou de Afonso Raimundez. É a contradicción que, de forma recorrente, está sempre presente nos textos murguianos. Pobo histórico e non salvaxe, gracias á forza nutricia nas súas orixes celtas, pero pobo desprovisto de institucións propias; pobo con irmandade europea, gracias á súa condición celta, pero pobo illado dos seus conxéneres, por mares e anchas chairas; pobo que resiste asimilando as influencias exteriores, pero que, paralelamente, non é quen de influír nos alleos; pobo que se mantén idéntico co paso do tempo, pero que carece de elites dirixentes. Para dicilo con palabras do propio Murguía: "Galicia, cuya historia, como la de todos los pueblos europeos, es de ayer, puede decir con entera verdad, que su vida fue más interna que externa, que no se dejó conquistar ni dominar, pero que tampoco fue conquistadora ni dominadora".

R. V.



Manuel Murguía e a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago
(con dous textos inéditos do historiador)

Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda

É o meu propósito expoñer brevemente a relación de Manuel Murguía e a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, cuestión aínda inexplorada neste ano murguiano. A miña pescuda centrouse no arquivo desta institución, que conserva fondos documentais valiosos, algúns nunca utilizados polos investigadores. Á vista destes, organicei a materia en cinco apartados, nos cales recollo cantas noticias sobre Murguía se atopan no devandito arquivo. Algunhas aluden a episodios ata agora descoñecidos, como o paso de Murguía pola Escola de Debuxo da Sociedade Económica. Refírense outras a asuntos coñecidos, como a presencia de Murguía no Congreso Agrícola de 1864, mais nos que as fontes manuscritas engaden ou rectifican algún dato de interese. Aspecto central, e a miúdo esquecido, é o labor de mecenado exercido pola Sociedade Económica, especialmente no relativo á obra maior de Murguía, a *Historia de Galicia*, que os Amigos do País alentaron e protexeron.

O presente traballo hónrase coa publicación de varios inéditos, pertencentes á colección documental da Sociedade Económica. Como indico no título, dou a coñecer dous textos de Manuel Murguía, de certa relevancia: unha carta (1885) e mais unha proposta (1889) dirixidas polo historiador á Sociedade. Exhumo tamén unha carta do impresor Juan Compañel (1862), quen tivo ó seu cargo a edición de importantes obras de Murguía e de Rosalía (do obradoiro vigués de Compañel saen o *Diccionario de escritores gallegos* (1862), de Murguía, e *Cantares gallegos* (1863), de Rosalía de Castro).

1844-1845: MURGUÍA, ALUMNO DA ESCOLA DE DEBUXO DA SOCIEDADE ECONÓMICA

A historia da Sociedade Económica de Santiago ten sido estudiada, entre outros, por María del Carmen Fernández Casanova e por don Antonio Fraguas, bibliotecario que foi da asociación, e a estes autores debe remitirse o lector interesado[1]. Pola nosa parte, lembraremos que a Real Sociedade Económica de Amigos do País da Cidade de Santiago foi fundada por Real Cédula de Carlos III de data 23 de setembro de 1784, a iniciativa dun grupo de ilustrados que aspiraban a conseguir o adianto de Galicia e a prosperidade dos cidadáns. Como se sabe, as sociedades económicas son institucións culturais características do XVIII español, que proliferan no último cuarto do século. Promovidas polo poder central, estas corporacións responden á vontade de dirixir a cultura nun sentido netamente utilitario. O ideario que profesan foi definido por Campomanes no seu *Discurso sobre el fomento de la industria popular* (1774), e pode resumirse nesta soa frase: "hacer más feliz la condición del pueblo sobre cuyos hombros descansa todo el peso del Estado"[2]. Para acadar este obxectivo, as sociedades económicas deberán fomentar a agricultura, pois a verdadeira riqueza —pensan— provén da terra; mellorarán a gandería e a pesca; protexerán a industria e o comercio; difundirán a luz da instrucción e acabarán coa rutina que impide o progreso.

A vida da Sociedade Económica de Santiago ten tido sempre como manifestación principal e, en ocasións, única, o ensino das artes e procedementos industriais, orientado ás clases traballadoras, aínda que sen exclusión das demais. Desde o momento da súa creación, a Sociedade Económica establece "escolas patrióticas", a máis importante das cales será a Escola de Debuxo; outras escolas desta primeira época son a de fiar ó torno, a de lencería e a de mantelería. Tras un período de decadencia, con sucesivas supresións e refundacións, a Sociedade Económica renace definitivamente en 1834, e unha das súas primeiras iniciativas é o restablecemento da Escola de Debuxo, aberta o 14 de abril de 1834. Antes de comezar o curso 1835-36, os Amigos do País deciden admitir mulleres na Escola de Debuxo; este é dato descoñecido para os historiadores da So-

1. Fernández Casanova, María del Carmen. *La Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago en el siglo XIX. Un estudio de la organización interna y de su actuación en favor de Galicia.* Ediciós do Castro, Sada (A Coruña), 1981. Fraguas Fraguas, Antonio. *Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago. Primera época, 1784-1813-1821.* Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, Santiago de Compostela, 1986.

2. Campomanes, Conde de. *Discurso sobre el fomento de la industria popular.* Sancha, Madrid, 1774, pp. IV-V. Cito por Sarrailh, Jean. *La España ilustrada de la segunda mitad del siglo XVIII.* Trad. de Antonio Alatorre, Fondo de Cultura Económica, México/Buenos Aires, 1957, pp. 252-53.

ciedade Económica, e, por ese motivo (e non só), comprácenos lembrar que a proposta se debeu ó socio Vicente del Río Mondragón, e obtivo dictame favorable do socio Vicente Fociños de Bendaña[3].

Para a mentalidade actual, tanta insistencia no debuxo pode resultar estraña, habida conta da pouca consideración que merece ó común da xente. Mais no século XVIII o debuxo forma parte das chamadas ciencias útiles, aquelas que contribúen á felicidade dos Estados. Así, Campomanes, no *Discurso sobre la educación popular de los artesanos y su fomento* (1775), que complementa ó antes citado, insta ás sociedades económicas a abriren unha escola patriótica de debuxo nos lugares nos que non exista. Aínda máis. Para os ilustrados, o debuxo é unha linguaxe universal, e, por tanto, vai máis alá do puramente utilitario. O propio Jovellanos afirma que o debuxo pode crear e afortalar o sentimento da fraternidade humana: "Sus signos hablan con todos los pueblos y a todos los hombres, y expresan las producciones de todos los climas y todos los tiempos. Cultivadle, pues, y los rasgos de vuestra mano presentarán un día, así a los ojos del malabar y el samoyedo como al sabio inglés y al industrioso chino, las ricas producciones de este suelo"[4].

A Escola de Debuxo era unha necesidade fondamente sentida en Compostela, pois non había ningunha institución, nin oficial nin privada, nin profesores particulares, que impartisen esta disciplina. Teñamos en conta que o debuxo era útil para bo número de artesáns, como ebanistas, retablistas, broncistas ou gravadores, e imprescindible para certos mesteres tradicionalmente compostelans, coma os acibecheiros e os prateiros. En canto á muller, os Amigos do País consideraron que o debuxo lle serviría de base para os labores de agulla, sobre todo para o bordado. Nun principio, pois, as mulleres aprenderán soamente o denominado debuxo de adorno; desde 1836, e debido a unha moción do socio José L. Sagastizábal, o profesor acepta ensinarlles tamén o debuxo da figura humana.

A Escola comeza as súas actividades nunha casa particular fronte á Igrexa da Compañía, para establecerse no Colexio de Fonseca o 19 de xullo de 1835. A Sociedade cobra unha mensualidade ós podentes, reservando un número de prazas gratuítas para os pobres ou de menor capa-

3. Rectifico, pois, a información dada por María del Carmen Fernández Casanova (*op. cit.*, p. 85), quen afirma que as clases de debuxo para as mulleres non comezaron ata o ano 1866. As fontes manuscritas demostran que as clases se iniciaron no curso 1835-36; o que ocorre, como explico máis adiante, é que se suspenderon poucos anos máis tarde, a fins do curso 1843-44, e reanudáronse en 1866.

4. Jovellanos, Gaspar Melchor de. "Oración inaugural a la apertura del Real Instituto Asturiano" [1794], en *Obras publicadas e inéditas*, colección hecha e ilustrada por Cándido Nocedal, M. Rivadeneyra, Madrid, 1858 (Biblioteca de Autores Españoles; 46), p. 321. Esta pasaxe ocupou a atención de Sarrailh, *op. cit.*, pp. 171-72.

cidade económica. O profesor é Juan José Cancela (Santiago, 1803-1886), pintor de miniaturas formado na Escola de San Fernando (Madrid). O seu método pedagóxico fúndase na copia de láminas, aínda que a Económica se esforzará por estender a ensinanza ó debuxo do xeso.

En 1835, a Escola de Debuxo conta con 88 alumnos (57 contribuíntes e 31 non contribuíntes) e 55 alumnas (44 contribuíntes e 11 non contribuíntes). Entre os varóns hai unha saudable mestura de idades e de clases sociais. O alumno máis novo ten doce anos, e o maior, corenta e dous; os artesáns e os aprendices alternan cos estudiantes, fillos de comerciantes e de profesionais liberais; hai un sacerdote e mais un notario, o prestixioso Ildefonso Fernández Ulloa, e outros nomes coñecidos, coma o pintor Tomás Vidal e os irmáns José e Ramón Rúa Figueroa. Canto ás mulleres, o nivel socioeconómico xeral é medio-alto, e son maioría as fillas de comerciantes; as súas idades oscilan entre os dez e os vinteoito anos.

Manuel Murguía estivo matriculado na Escola de Debuxo da Sociedade Económica durante dous cursos, 1844-45 e 1845-46. A noticia é rigorosamente inédita, e documéntoa no primeiro Libro de matrículas da Escola. No ano académico 1844-45, baixo o rubro "Alumnos de nuevo ingreso", rexístrase esta entrada: "D. Manuel Martinez / Edad 12 / Naturaleza Coruña / Profesion Estudte. / Nombs. de los Pads. D. Juan / Contribuyente / Día de entrada 30-7re de 1844"[5]. Ó noso ver, a ausencia do segundo apelido non debe dificultar a identificación, pois coinciden os demais datos, e, como sabemos, na época adóitase usar só o primeiro apelido. Daquela, Manuel Martínez Murguía, natural da Coruña, de doce anos, era, soamente, o fillo do boticario don Juan Martínez, e este é o apelido que prevalece.

Entre os colegas de Murguía podemos mencionar a José Pardo Bazán (1827-1890), pai da ilustre escritora; ós Aller, membros dunha familia de prateiros (cos que, anos despois, chegaría a emparentar a familia de Rosalía de Castro)[6]; a José Courtier, músico; a José Pimentel Miranda, fillo do marqués de Bóveda; a Manuel Pereiro Rey, Eduardo Aróstegui, José María Forcelledo, Bernardo de la Iglesia, José Calderón, Cleto Pintos, Domingo Aristizábal... En cambio, Murguía non coincide co seu grande amigo Juan Compañel, fillo do libreiro don Francisco, que dei-

5. Arquivo da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago (en adiante, A.R.S.E.A.P.S.), "Libro n.º 1. Matrícula de los discípulos de la escuela de dibujo establecida por la Rl. Sociedad Económica de Santiago. Empieza en 19 de Octubre 1835", sen foliación.

6. Segundo as investigacións de Fermín Bouza-Brey, Rosalía de Castro e súa nai tiveron un piso alugado na casa número 6 da rúa de Bautizados, en Santiago de Compostela, no que figuran empadroadas durante os anos 1850 a 1854. Segundo as nosas investigacións, unha curmá da escritora, Concepción Lugín de Castro, que viviu temporadas na casa de Bautizados, casou con Ángel Aller Presas, un dos fillos dos propietarios do inmoble, tamén domiciliados nel, o prateiro Manuel Aller e a súa dona María Josefa Presas.

xara a Escola de Debuxo en 1844; nin tampouco con Aurelio Aguirre, que se matriculará na Escola o 3 de xaneiro de 1845.

No curso 1845-46, Murguía matricúlase novamente, para darse de baixa un mes despois: "Dn. Manl. Martinez / Edad 13 / Naturaleza Coruña / Profon. Estudiante / Nombs. de los Padres D. Juan / Clases Yd [contribuínte] / Día de entrada 1º de Yd [outubro]. Ydm. de Salida 5 de id.". A precipitada saída de Murguía coincide cunha profunda crise na Escola de Debuxo: a matrícula descende drasticamente; a ensinanza para a muller é suprimida (29-IX-1844), e o profesor, Juan José Cancela, é separado do seu cargo (23-XII-1845).

Explicar as causas desta crise requiriría un estudio detido. Certamente, a evolución da Escola de Debuxo, a influencia que exerceu na educación dos xoves, a incorporación da muller a esta ensinanza, é unha historia merecente de ser contada, e así nos propoñemos facelo en breve. Mais hoxe é outro o noso obxecto, e cremos que o dito abonda para situármonos no contexto histórico e cultural no que actuaba a Sociedade Económica de Santiago.

O interese polas Belas Artes é unha constante na obra de Murguía, xa desde os seus primeiros escritos na prensa madrileña. No prólogo de *El arte en Santiago durante el siglo XVIII* (1878; 1884), o historiador expón o desexo que sempre tivo de estudiar a arte galega, referíndose a cantos artistas produciu en todo tempo o noso país. Non sendo posible, cinguiuse ó século XVIII, traballo no que non regateou nin tempo nin esforzo: "Movíannos a ello —explica Murguía—, no solo el convencimiento de que es más que necesario el emprender seria y concienzudamente este y otros estudios relativos al pasado de Galicia, sino también aquella dulce conmiseración para con unas gentes que tantos infortunios experimentaron, y el amor que les tenemos, y nos parece heredado con la sangre". E, en nota, fai esta aclaración: "En el testamento de nuestra bisabuela paterna, tanto el albacea como los testigos, todos pertenecen a la clase de artistas menores que llenan en su mayoría la lista que va a continuación"[7]. (Refírese Murguía á lista dos artistas que traballaron en Santiago no século XVIII, coa que pecha o seu libro). Así pois, se non interpretamos mal estas palabras un tanto crípticas, Murguía abordou a investigación sobre a arte en Galicia por dúas razóns: pola necesidade de estudiar o pasado e por unha razón íntima, unha especie de débeda moral que experimentaba cara ós seus devanceiros, entre os que houbo, ó parecer, artistas menores.

Murguía demandou repetidamente unha escola de Belas Artes para Galicia, ás veces con acentos apocalípticos, nel non infrecuentes. Sobre

7. *El arte en Santiago durante el siglo XVIII y noticia de los artistas que florecieron en dicha ciudad y centuria.* Establecimiento tipográfico de Ricardo Fe, Madrid, 1884, pp. 197-98 e n. 1.

a Escola de Debuxo da Económica verqueu xuízos durísimos, e xulgou con severidade a Juan José Cancela, profesor da mesma[8]. Murguía decretou estéril a copia de estampas que se practicaba na Sociedade Económica, e foi un ardente defensor do traballo do natural. Non obstante, cando seu fillo Ovidio Murguía (1871-1900) manifestou disposición para a pintura, seu pai matriculouno na Sociedade Económica. A correspondencia que mantivo con Ovidio, cando este se estableceu en Madrid para abrirse camiño como pintor profesional, dá testemuño íntimo dos criterios estéticos de Murguía, da súa querencia pola pintura ó aire libre, e, incluso, da súa formación neoclasicista, pois recomenda ó fillo que adquira o tratado das cinco ordes arquitectónicas de Vignola, que se estudiaba nas clases de Juan José Cancela[9].

1862: *LA PRIMERA LUZ* NA SOCIEDADE ECONÓMICA

Ó principio destas páxinas referímonos ó impresor Juan Compañel, a quen se deberon algunhas das iniciativas editoriais máis fermosas e arriscadas do Rexurdimento. Como se recoñece unanimemente, unha delas foi a publicación de *La primera luz* (Compañel, Vigo, 1859), libro de lectura para uso das escolas de primeiras letras de Galicia, concibido e escrito por Manuel Murguía. A obriña, moi breve, comprende vintesete lecciónns sobre lingua, xeografía e historia de Galicia, relixión e varias biografías de galegos ilustres. No prólogo, titulado "Dos palabras del editor", Juan Compañel destaca o carácter innovador de *La primera luz*:

> Nuestro objeto es que el niño, tan pronto empiece a leer, empiece a la vez a conocer y amar a su patria, ¡ninguna como la nuestra necesita más de este santo amor de sus hijos! Este sencillo método de interesar al hombre en todo lo que concierne a su patria hace mucho tiempo que se usa con asombroso éxito en las naciones más cultas y adelantadas de Europa. Al ofrecer, pues, semejante libro a Galicia, creemos llenar la más alta misión del editor y del hijo amante de su país. Nuestros hijos sabrán mejor que nosotros cuánto ha influido en sus futuros destinos la lectura de esta pequeña obra.

En todas as súas expresións demostra Compañel idéntico entusiasmo por este libriño escolar, no que puxo diñeiro, intelixencia e saber tipográfico. Responsabilidade súa é, naturalmente, o coidado e varieda-

8. *Vid.* "La Escuela de Dibujo de la Sociedad Económica de Santiago", *La Ilustración de Galicia y Asturias* (Madrid) 1, 15-VI-1878; recolleito en *El arte en Santiago durante el siglo XVIII*, ed. cit., pp. 235-44. Sobre a opinión que lle merecía Juan José Cancela, pode verse ademais a voz correspondente no *Diccionario de escritores gallegos* (1862).

9. Naya Pérez, Juan. *Testimonios de una orientación artística. Cartas cruzadas entre Ovidio Murguía y su padre.* Obra Cultural de la Caja de Ahorros-Monte de Piedad de La Coruña y Lugo, La Coruña, 1968.

de da tipografía, tanta, que fai de *La primera luz, tamén*, unha especie de repertorio dos tipos dispoñibles no seu establecemento. Explica o impresor que así facilitará a aprendizaxe dos nenos e formarán estes unha idea completa dos caracteres que usa a cotío a imprenta. Ós mestres, a quen se dirixe no prólogo, promételles Compañel, se adoptan a obra, "agrandar este trabajo, y hacer en él todas aquellas correcciones que la prudencia y la práctica de los maestros nos aconseje"[10]. As expectativas do editor non se cumpriron, e os datos coñecidos indican que *La primera luz* tivo escasísima fortuna; consideremos que a segunda edición é de 1868 (Lugo, Soto Freire), e que a terceira, de 1974, é xa un rescate erudito, promovido por Xesús Alonso Montero[11].

No verán de 1862, Juan Compañel, de paso en Compostela, visita a Sociedade Económica, invitado polo contador, Domingo Rodríguez Yáñez. Con el percorre as instalacións da Escola de Adultos, inaugurada en xaneiro, onde se ensina a ler, escribir e contar, e principios de relixión e moral. O editor, que na súa infancia asistira ás clases de debuxo da Económica, igual que seus irmáns Joaquín e Carmen, séntese conmovido e decide regalar á Sociedade cen exemplares de *La primera luz*, coa suxerencia de entregar cadanseu ós alumnos premiados naquel curso académico. No arquivo da Sociedade Económica consérvase a carta que con este motivo dirixe Compañel ó director, o célebre médico José Varela de Montes.

Como Compañel moi ben sabía, as sociedades económicas concedían grande importancia ó reparto anual de premios, que se verificaba nun acto solemne, coa presencia das autoridades e persoas máis relevantes da cidade. Estas cerimonias amosaban a xenerosidade dos organizadores (os Amigos do País non cobraban ren; ó contrario, pagaban unha cota mensual para contribuíren ó mantemento da sociedade) e reforzaban a convicción, propia e allea, de que os seus traballos rendían froitos. Na súa biografía do doutor Varela de Montes, Ramón Otero Pedrayo glosa o discurso pronunciado por aquel na distribución de premios do ano 1863. Escribe Otero Pedrayo:

10. A este respecto, convén termos presente a noticia bibliográfica proporcionada polo lembrado Antonio Odriozola: "Se preparaba por el mismo Compañel una 2ª edición en 1863 que se anuncia en las guardas de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro (Vigo, 1863) como notablemente corregida y aumentada con preciosos grabados en madera y un mapa de las cuatro provincias de Galicia, pero que no llegó a publicarse" (Odriozola Pietas, Antonio. "La imprenta en Vigo", en *Vigo en su historia*. Coordinadores Álvaro Cunqueiro, José María Álvarez Blázquez, Caja de Ahorros Municipal de Vigo, Vigo, 1980, pp. 480-81.

11. Xesús Alonso Montero editou integramente *La primera luz* na antoloxía de textos de Manuel Murguía, por el preparada, *Política y sociedad en Galicia* (Akal, Madrid, 1974). Desta edición, primeira das modernas e terceira no cómputo xeral, arrinca a revisión crítica de *La primera luz* e a estima da que actualmente goza.

> En la sesión del 26 de julio de 1863, reparto de premios a los alumnos de Bellas Artes y Escuela de Adultos, pronuncia Varela de Montes un discurso. Surge la vindicación del XVIII. El espíritu de Sánchez, de Páramo y Somoza flota en el salón cuando el director de la Económica saluda con las palabras: "Respetables y celosos patricios". Elogia a Carlos III. No maldice del tiempo actual. El siglo sigue su ruta. No es todo en él sensualismo ni personalismo... La voz del maestro se vuelve confiada. Sabe la posible influencia de sus palabras sobre la juventud. Una acción, más que de las ideas, operativa por el acento...[12]

Parécenos estar oíndo as palabras do gran clínico, tal é o poder de evocación da prosa oteriana. O certo é que o espléndido xesto de Compañel brindou á Sociedade Económica, dirixida por aquel home bo e sabio, en quen había, aínda, reflexos viventes do XVIII, a oportunidade de difundir entre os artesáns a singular obra de Murguía. Preguntámonos cómo axuizaron *La primera luz* aqueles próceres. ¿Decatáronse da súa novidade ou pasoulles desapercibida? ¿Que pensaron das lecciónns dedicadas ó idioma galego, eles, que nunca se pronunciaron sobre a situación lingüística galega? ¿Limitouse a asociación a distribuír *La primera luz* entre os alumnos máis destacados, ou ben a utilizou como libro de texto na Escola de Adultos?

Son cuestións suxestivas, ás que non podemos, de momento, responder. Os indicios apuntan a que a Económica non se reservou ningún exemplar de *La primera luz*, pois a edición viguesa non figura nos seus fondos bibliográficos, depositados actualmente na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago. En canto á Escola de Adultos, breve foi a súa andadura, xa que, segundo afirma Fernández Casanova, o establecemento pechou as portas en 1865, urxido pola falta de recursos económicos e ante o desinterese da poboación[13].

O donativo de Compañel, por outra parte, fornece unha pista sobre a pobre recepción de *La primera luz*, que, a tres anos da súa saída, aínda non esgotara a tiraxe. Paradoxalmente, a edición de Compañel chegaría a converterse nunha auténtica rareza bibliográfica, pois ata o presente ano, en que Edicións Xerais publicou unha reproducción facsímile[14], non se coñecía o paradoiro de ningún exemplar da *princeps*.

A carta de Juan Compañel merece ser trasladada integramente, xa que contén interesantes pormenores bibliográficos e outros, como a alusión a un arresto que o impresor di sufrir por defender os intereses públicos. Na transcrición respéctanse a ortografía e puntuación orixinais.

12. Otero Pedrayo, Ramón. *El doctor Varela de Montes, médico humanista compostelano del siglo XIX*. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1952 (*Cuadernos de Estudios Gallegos*. Anejo; 7), p. 175.

13. *Vid.* Fernández Casanova, María del Carmen. *Op. cit.*, p. 88.

14. Murguía, Manuel. *La primera luz. Libro de lectura para uso de las escuelas de primeras letras de Galicia*. Prólogo de Xesús Alonso Montero; estudio de Henrique

Excmo. Sr. D. José Varela de Montes

Muy apreciable Sr. mio y amigo:

A últimos del mes anterior, me hallaba de paso en esa ciudad, y he tenido la dicha de ser invitado por mi buen amigo y distinguido individuo de la "Sociedad Economica", Sr. D. Domingo Rodrig.ez Yañez, á visitar las escuelas q.e tan patrióticamente sostiene esa loable institucion tan dignamente representada por V. como su Director, y confieso francamente que agradecí en el alma el obsequio q.e me dispensara el Sr. Rodrig.ez pues sentí un placer infinito al cruzar los inmensos salones de la Sociedad, estudiando los trascendentales beneficios q.e reporta al pais, y especialmente á mis queridos paisanos, sosteniendo esas clases necesarísimas a la perfeccion de la humanidad. Al observar los admirables adelantos hechos por los alumnos de la escuela de adultos, y al saber como la Sociedad iba á recompensar su aplicacion, indiqué á mi amigo q.e, en mi deseo de contribuir al sosten de ese gran pensamiento humanitario y en lo q. cabia á mi modesta posicion, regalaria á esa Escuela cien ejemplares de la *Primera Luz*, preciosa obrita, q.e, en mi pobre opinion, no hay nada mas recomendable para la lectura en las escuelas de Galicia. Ese pequeño librito, á la par q.e moral, despierta en todo corazon gallego el amor y el orgullo de la pátria, tan necesario á la dignidad del ciudadano q.e por desgracia vemos abatida en la clase de hombres q.e concurren á aprovecharse de los fraternales esfuerzos de la "Sociedad economica".- Si V. y sus dignos compañeros, ven del mismo modo q.e yo la importancia de la *Primera luz*, me darian un placer sin igual, agregando un ejemplar de ella á cada uno de los premios propuestos q.e deben adjudicarse el dia 26; reservando el resto al objeto q.e esa entendida Sociedad creyese mas conveniente á sus loables fines.

Siento llegar á última hora con tan pequeña dádiva en sí, aunque grande por los sentimientos q.e la acompañan, pero las deferencias de que estoy siendo objeto por parte de mis buenos amigos y vecindario de esta poblacion, con motivo del arresto q.e sufro por defender con claridad é independencia los intereses públicos, me han distraido lo bastante para q.e en momentos tan críticos para V. vaya á incomodarle con mis afa-

Rabunhal Corgo, Xerais/San Luis, Vigo, 2000. Reproducción facsímile da ed. de: Vigo, Establecimiento tipográfico de Juan Compañel, 1859. Ed. non venal, preparada a partir dun exemplar facilitado por Miguel Anxo Seixas.

Utilizo esta ed. para as citas do prólogo de Compañel (pp. 7-8).

nes.- Dispénsemelo V. á la vez q. se sirve recibir la consideracion con q.e es siempre de V. afmo. s. s. y amigo q. s. m. b.

Juan Compañel

Vigo 24 de julio 1862.

P. D.- Los cien ejemplares de la "Primera Luz", van francos por el correo, bajo el nombre de V.[15]

1864: MURGUÍA NO CONGRESO AGRÍCOLA GALEGO

A véspera do Apóstolo de 1864, en San Martiño Pinario, celébrase con gran solemnidade a apertura do Congreso Agrícola Galego. Promovido e financiado pola Sociedade Económica de Santiago, a el asisten 370 congresistas. José Planellas é secretario; preside Varela de Montes, que pronuncia a oración inaugural. Figuran como oradores Justo Pelayo Cuesta, Julián Obaya, Jacobo Gil Villanueva, Manuel Fernández Poyán, Aureliano Linares Rivas, Eugenio Montero Ríos, Juan Manuel Paz Nóvoa, Ramón Otero, Luís Rodríguez Seoane, Antonio Casares... As *Actas* recollen os discursos e intervencións dos mencionados e doutros moitos, ó longo dos cinco días de reunión. Manuel Murguía, que está entre os asistentes, non pide a palabra en ningunha ocasión[16].

O Congreso Agrícola Galego de 1864 é a actuación máis relevante que protagonizou nunca a Sociedade Económica. Ramón Villares cualifícao como fito decisivo na configuración da sociedade decimonónica, e non cabe dúbida de que así foi, porque nel se deron cita os xuristas, científicos e políticos máis notables de Galicia, e porque se puxeron a debate cuestións transcendentais para o desenvolvemento do país. En efecto, o Congreso Agrícola convócase para discutir a reforma do réxime da propiedade territorial vixente, é dicir, a conveniencia de suprimir ou non o sistema foral, e, en caso afirmativo, a favor de quén debería recaer. Outras proposicións referíanse á lei hipotecaria e á organización da producción agraria.

Contra todas as previsións, os resultados do Congreso Agrícola foron nulos. A polémica sobre a cuestión foral, que se prevía resolver rapidamente, ocupou a maioría das sesións, e, a pesar diso, quedou pen-

15. A.R.S.E.A.P.S., caixa 22, leg. 153.

16. As Actas publicáronse na *Revista Económica*, órgano da asociación, no segundo semestre de 1864 (pp. 221-22; 270-512). Recolléronse posteriormente en volume co título *Congreso Agrícola Gallego de 1864. Actas, discursos o sus estractos y demás documentos de que se dio cuenta en esa reunión memorable...*, publicados por José Planellas y Giralt, Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, Santiago de Compostela (Imprenta de José Rodríguez Rubial), s. a. [1865]. Hai reprod. facs., con limiar de Ramón Villares Paz: Ediciós do Castro, Sada (A Coruña), 1994.

dente; escindiuse en dous partidos o Congreso, o dos que propugnaban a abolición dos foros e o dos que, sen ousar pedir a súa continuidade, sostiñan o *statu quo*. Declarouse que a cuestión non estaba suficientemente estudiada, nomeouse unha comisión que o fixese e adiouse a resolución ata un novo congreso que debería convocar a Sociedade Económica. "¡Que no estaba estudiada la cuestión! —escribe Murguía con bastante gracia— Bien claro demostraron conocerla todos cuantos se ocuparon de ella"[17]. Paga a pena ler a crónica á que pertencen estas liñas, na que Murguía analiza as razóns do fracaso.

O único logro do Congreso Agrícola, a única decisión que saíu daquela magna asemblea, atinxe a un asunto que non figuraba na convocatoria, nin ten relación ningunha coa agricultura. Refírome á proposta presentada para que o Congreso acordase a necesidade de escribir a Historia de Galicia, baixo os auspicios e subvencións das deputacións provinciais, e encomendase esta tarefa a Manuel Murguía. Subscriben a proposición o Conde de San Juan, Antonio Casares, Justo Pelayo Cuesta, Leoncio Perejón, Vicente Martínez de la Riva, Gregorio Iglesias, Eugenio Montero Ríos, Juan Manuel Paz Nóvoa e Narciso Vila. O texto di así:

> Reconocida por todos los amantes de Galicia la absoluta necesidad de escribir la esclarecida historia de este antiguo Reino, y en consideración a las relevantes cualidades de un hijo del país, cuyos notables trabajos históricos y bibliográficos han merecido recientemente el aprecio general y honrosas distinciones por parte de la Academia de la Historia y de la Dirección general de Instrucción pública, los que suscriben tienen la honra de proponer al Congreso agrícola se digne acordar:
>
> 1º. La conveniencia de escribir la Historia de Galicia.
>
> 2º. Dirigirse a las Diputaciones provinciales para que se sirvan subvencionar dicho trabajo literario con la suma anual de 4.000 rs. cada una durante seis años.
>
> 3º. Proponer para el desempeño del mismo al distinguido literato D. Manuel Murguía, que por su parte deberá comenzar la publicación de la *Historia de Galicia* en el año segundo, a contar desde la fecha en que las Diputaciones adopten el acuerdo mencionado en el párrafo anterior[18].

O Congreso Agrícola de 1864 tivo como único resultado a designación de Manuel Murguía como o historiador idóneo da nación galega. Era un importantísimo apoio. Con todo, o observador atento decátase de que o acordo se adoptou de maneira irregular: datada o 27 de xullo,

17. "Congreso Agrícola Gallego", *El Museo Universal* (Madrid) 43, 23-X-1864; 44, 30-X-1864.

18. A.R.S.E.A.P.S., caixa 25, leg. 186. Publicada en *Congreso Agrícola Gallego de 1864. Actas...*, ed. cit., pp. 207-8.

a proposición presentouse apresuradamente, o día 28, na confusión dos últimos minutos, inmediatamente antes das palabras de clausura de Varela de Montes, e sancionouse sen votación dos congresistas (as *Actas* consignan só un murmullo aprobatorio: "(Sí, sí)"). Quizais por iso alzáronse despois do Congreso algunhas voces discrepantes[19].

Con data 19 de setembro de 1864, o presidente do disolto Congreso Agrícola e director da Sociedade Económica, José Varela de Montes, traslada o acordo ás deputacións, para que estas se dignen subvencionar a Historia de Galicia. No Arquivo da Sociedade Económica consérvanse senllos oficios dos gobernos provinciais de Pontevedra (21-X-1864), Lugo (22-X-1864) e Ourense (24-X-1864), acusando recibo da comunicación. A Deputación de Pontevedra contesta que "estudiará los medios que pueda adoptar para contribuir en su día, según lo permitan los recursos de su presupuesto, al mejor éxito del pensamiento iniciado". A Deputación de Ourense "acordó que luego que vea la conveniencia de los mencionados trabajos, resolverá sobre ellos lo que crea oportuno". A Deputación de Lugo adhírese á idea, condicionando a súa contribución á das demais provincias: "La Diputación [...] se dispone a prestar todo el ausilio que en su posibilidad está, bien por medio de suscriciones o bien de una pensión proporcional a la que las demás provincias de Galicia señalen tan luego como éstas acuerden la forma y cantidad del ausilio"[20].

Estes son os únicos documentos que temos atopado no Arquivo da Sociedade Económica de Santiago respecto á comisión que Murguía recibe do Congreso Agrícola. ¿Chegaron a facerse efectivas as subvencións propostas? ¿En que forma? ¿Por canto tempo? Os biógrafos de Murguía non nos axudan a resolver estas preguntas, que só se poderán contestar, acaso, acudindo ós arquivos das corporacións oficiais. É de esperar que a edición do epistolario dirixido ó historiador, que teñen anunciada os profesores X. R. Barreiro Fernández e X. L. Axeitos, traia luz a este asunto.

En 1865, Manuel Murguía inicia a publicación da *Historia de Galicia*, por entregas, na imprenta luguesa de Soto Freire. O primeiro tomo, que consigna esa data, concluíuse en outubro de 1866[21]. O tomo segundo, que leva data de 1866, non sabemos cando se rematou. O

19. Na *Fotobiografía* de Murguía, preparada por X. R. Barreiro Fernández e X. L. Axeitos, publican os autores a fotografía dunha folla solta, en verso, sen pé de imprenta, con esta explicación: "A Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago, á que dalgún xeito sempre estivo vinculado Murguía, propón o seu nomeamento como Cronista de Galicia. A folla anónima dirixida 'A unos gallegos' responde a algunhas voces disconformes coa proposta" (Barreiro Fernández, X. R. e X. L. Axeitos. *Manuel Murguía, 1833-1923. Unha fotobiografía.* Xerais, Vigo, 2000, p. 65).

20. A.R.S.E.A.P.S., caixa 24, leg. 171.

21. Segundo a cronoloxía elaborada por X. R. Barreiro Fernández e X. L. Axeitos (*Fotobiografía*, ed. cit., p. 17). Esta cronoloxía tamén pode consultarse na obra dos mesmos autores *Manuel Murguía. Vida e obra*, Xerais, Vigo, 2000, p. 15.

moito tempo que consumía Murguía na súa investigación, os retrasos na entrega do orixinal para a imprenta, os desacordos económicos entre autor e editor e, claro está, a falta de apoio institucional, fixeron naufragar a empresa e a *Historia de Galicia* quedou interrompida ó finalizar o segundo tomo. Escribe X. R. Barreiro Fernández:

> Cando se separan Soto e Murguía (e a mal, como se separou Murguía de tantos amigos), este pretende que sexan as Deputacións Provinciais as que lle aseguren un soldo fixo anual. As Deputacións, en cambio, o que lle ofrecen é a adquisición de exemplares publicados ou, polo menos, a entrega da obra xa impresa e neste caso están dispostos a pagarlle o soldo estipulado. O que ningunha Deputación está disposta é a anticipar un soldo sen a presentación previa da obra impresa. Outro círculo vicioso na vida de Murguía[22].

En 1869, segundo cremos, Murguía renuncia a proseguir a súa obra. Neste ano liquida contas con Soto Freire[23], e tamén neste ano regala á Biblioteca da Sociedade Económica de Santiago os dous tomos publicados da *Historia de Galicia*[24]. É o final da aventura.

A pesar deste fracaso, Murguía nunca abandonará o proxecto da Historia de Galicia, o libro da súa patria e das súas predileccións. Despois de xestións económicas infructuosas na década dos setenta, a publicación reanúdase, finalmente, en 1881. En efecto, o 18 de xullo de 1881, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, da que Murguía fora director literario, anuncia a continuación da *Historia de Galicia*, e publica integramente as páxinas que servirán de prólogo ós novos volumes, tomadas —aclara a revista— dos primeiros pregos impresos[25]. Tituladas "Al lector", e moi emotivas, como todas as de Murguía, nelas fálanos sobre o significado da obra e o porqué da súa interrupción:

22 *Fotobiografía*, ed. cit., p. 98.

23. A liquidación que o editor entrega a Murguía leva data do 10 de outubro de 1869 (parcialmente reproducida na *Fotobiografía*, ed. cit., p. 51).

24. A.R.S.E.A.P.S., caixa 125, leg. 1222. A Sociedade agradece o doñativo na sesión do 30 de marzo de 1869.

25. Murguía, Manuel. "Al lector", *La Ilustración Gallega y Asturiana* (Madrid) 20, 18-VII-1881, pp. 231-32.

Baixo o epígrafe "Historia de Galicia", precede ó prólogo de Murguía a seguinte aclaración: "De los primeros pliegos impresos de la concienzuda *Historia de Galicia*, cuya interrumpida publicación va a continuar nuestro siempre querido amigo el señor Murguía, tomamos las siguientes líneas, que sirven de prefacio a los nuevos tomos, y en las cuales el ilustrado autor se sincera del retraso que ha sufrido la impresión de su obra. // Creemos que nuestros lectores nos agradecerán le demos cabida en las columnas de esta revista" (p. 231).

Queremos indicar que na Bibliografía de Murguía elaborada por nós en novembro de 1998, omitimos, por erro, o prólogo agora descrito (Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria. "Para unha bibliografía, correcta e completa, de Manuel Murguía", *Boletín da Real Academia Galega* (A Coruña) 361, 2000, pp. 15-58).

> No fue, por lo tanto, el ansia del reposo la que me detuvo, sino lo incontrastable de las circunstancias, que sellando mis labios, me impusieron aquel largo y doloroso silencio que permitió se desatasen contra mí impunemente los vientos de la injuria. ¡Airadas Euménides que me forzaban al silencio y lo proclamaban a grandes voces!
>
> Días no más serenos y propicios, pero sí más fáciles a mis intentos, parece como que me permiten al fin romper aquellos hielos y arriesgarme de nuevo en los ya olvidados caminos. Una voz interior me grita que tengo que apresurarme, que hay momentos en que detenerse es morir, y yo no quiero bajar al sepulcro sin dejar segadas mis mieses. [...] Lo sé bien, y sé que toco en la tarde de mi vida; por eso vuelvo a mis antiguos amores y emprendo de nuevo la triste y penosa tarea, seguro como estoy de que el tiempo que ha pasado, no ha pasado en balde[26].

Pero a empresa malógrase unha vez máis, por falta de medios, e a impresión detense nos primeiros pregos[27]. A decepción do autor é grande. Aquel outono, en Padrón, Murguía recibe a visita do seu antigo amigo o pintor Ignacio León y Escosura, de paso para Exipto. Escribe Murguía:

> ... nos dimos nuestro apretón de manos, y él partió para Egipto. Y mientras volvíamos al olvidado rincón, abandonado un momento para saludar al amigo de otros tiempos, íbamos pensando en los destinos que hacían de él un hombre que podía decir con certeza *mundanus sum*, mientras nosotros, entregados a los tristísimos desamparos, apenas si podíamos contar con el asilo de un día en la pequeña y amada patria, en la patria que nos desconoce[28].

1884-1885: MURGUÍA, SOCIO DE MÉRITO DA ECONÓMICA E CRONISTA DE GALICIA

O ano 1884 ten un significado especial para a Sociedade Económica, xa que nel conmemora o seu primeiro centenario. É un momento, pois, de certa euforia, no que se inician tarefas importantes, coma o traslado da Sociedade de San Martiño Pinario a San Clemente (a Biblioteca trasládase en agosto do 84; as escolas e demais dependencias

26. Murguía, Manuel. "Al lector", *op. cit.*, p. 232.

27. Non coñecemos ningún exemplar dos pregos impresos en 1881. A primeira noticia sobre a súa existencia é a que aparece en *La Ilustración Gallega y Asturiana* (*vid.* n. 25). Como despois veremos, o propio Murguía tamén alude a esta impresión de 1881 no terceiro tomo da *Historia de Galicia* (Coruña, 1888; edición á que o autor chama "segunda"). Achega máis datos sobre o particular X. R. Barreiro Fernández, quen engade o nome da imprenta responsable, a de Otero (Ourense). O profesor Barreiro Fernández aclara: "A existencia desta impresión consta por varias cartas que lle escribe a Murguía Segade Campoamor (26-I-1881, 24-II-1881 e 6-III-1881), quen lle indica que nin as Deputacións aceptan adiantar nada, nin o impresor Otero parece estar disposto a proseguir a impresión da obra" (*Fotobiografía*, ed. cit., p. 99).

28. Murguía, Manuel, "Ignacio León y Escosura", *La Ilustración Gallega y Asturiana* (Madrid) 36, 28-XII-1881, p. 425.

tardarán anos). Cremos que o optimismo desencadeado polo centenario prolongouse en 1885, declarado pola Igrexa ano xubilar extraordinario. A Sociedade Económica súmase ás celebracións do Apóstolo organizando unha Exposición pecuaria e un Congreso Agrícola e de Pesca. Baixo a presidencia de Eugenio Montero Ríos, falarán Alfredo Brañas, Joaquín Díaz de Rábago, José Villaamil y Castro, Antonio Casares, Manuel Colmeiro, Bibiano Fernández, Augusto González Besada, José Antonio Parga Sanjurjo, Salvador Cabeza de León, Salvador Parga Torreiro, Joaquín Becerra Armesto... Manuel Murguía non estará presente, pois a súa dona, Rosalía de Castro, falece o 15 de xullo.

En 1884 Murguía xa ingresara nun período económico e familiar crítico, debido á grave enfermidade de Rosalía. Non obstante, o ano ábrese con bos augurios para o historiador. Proposto para socio de mérito da Económica por Juan Barcia Caballero, é admitido pola Sociedade na sesión do 18 de xaneiro[29]. Este é o preludio dunha batalla que vai encarar a institución co obxectivo de que se cree o cargo de cronista de Galicia e se encomende a Murguía.

A creación do cargo de cronista de Galicia non se concibe (só) como unha honra para Murguía, senón que ten unha finalidade práctica, a de proporcionarlle un salario ou pensión que lle permita vivir decorosamente e dedicarse a escribir a Historia de Galicia. Vinte anos despois do primeiro intento, no marco do Congreso Agrícola, a Económica retoma a cuestión. Esta vez, a iniciativa parte de José Antonio Parga Sanjurjo (1841-1917), maxistrado e membro activo, daquela, da Sociedade Económica. A moción de Parga Sanjurjo, lida na sesión do 22 de novembro de 1884, expón sucintamente os seguintes feitos: a) Galicia carece de historia escrita; b) Murguía ten publicados o primeiro e segundo tomos da *Historia de Galicia*; 3) escribir a historia dun país "acusa [...] gastos a que no puede subvenir el patrimonio de un particular, y de un particular de tan reducida fortuna como el eminente historiador D. Manuel Murguía". Daquela, propón:

> Galicia está pues en el deber de ser justa y agradecida con su ilustre historiador, y ya que no le ayude, como era justo, con una pingüe subvención que le permita dar cima al trabajo eminente que ha iniciado, puede ponerle en camino de terminarlo y de utilizar al propio tiempo sus conocimientos en otra empresa que es y no puede por menos de ser auxiliar de la historia, nombrándole cronista de Galicia[30].

29. A.R.S.E.A.P.S., caixa 125, leg. 1222, "Expediente personal del socio Martínez Murguía, D. Manuel".

O expediente, moi pobre, contén tres papeis con senllas anotacións: 1) data de admisión como socio de mérito e nome da persoa que o propuxo; 2) datas das sesións ás que asistiu, a saber: 12-XII-1885, 23-XII-1889 e 23-III-1893; 3) data na que se lle agradece o regalo de dous tomos da *Historia de Galicia* da que é autor (*vid.* supra).

30. A.R.S.E.A.P.S., caixa 59, leg. 460/8.

Parga Sanjurjo suxire para Murguía unha retribución de 22.000 reais, a razón de 5.000 cada unha das deputacións e de 2.000 o Concello de Santiago, por ser o historiador —pensaba Parga Sanjurjo— natural desta cidade (non é así; como sabemos, Murguía naceu accidentalmente en Froxel, Arteixo, A Coruña). O censor da Económica, Vicente Martínez de la Riva, pronuncia un voto particular para que a Sociedade, ademais de patrocinar este pensamento, contribúa economicamente.

A proposta de Parga Sanjurjo era moi intelixente, como dictada pola adhesión que lle inspiraba Murguía. O cargo de cronista de Galicia eliminaba o problema, ó parecer insoluble para as deputacións, de aboar un soldo a Murguía sen requirirlle previamente a presentación dun tomo impreso da Historia de Galicia, un tras outro, a un ritmo que ningún historiador podería enfrontar. É dicir, que, para recibir un subsidio, Murguía debería manterse pola súa conta o tempo que durase a súa investigación, custeándose os libros e viaxes necesarios, e, unha vez terminada, tería que adiantar diñeiro a un impresor para que este lle editase o volume. Pero o cargo de cronista non ía vencellado a ningún título concreto, de maneira que o salario xustificábase con todas as producciòns do historiador, fosen monografías, fosen artigos.

O 28 de novembro de 1884 a Sociedade Económica comisiona a Isidoro Casulleras Galiana, Juan Barcia Caballero e Ramón Segade Campoamor para que informen a proposición. O dictame, que leva data do 11 de decembro de 1884, é obra de Isidoro Casulleras, médico, poeta e un dos socios máis laboriosos da Económica. Identificado con Parga Sanjurjo, Casulleras glosa, en primeiro lugar, os termos da súa proposición; traza despois a biografía intelectual de Murguía, poñendo o acento en cómo este abandonou unha prometedora carreira de escritor para dedicarse á investigación histórica. Conclúe Casulleras esta parte unindo ó de Murguía o nome de Rosalía:

> Tal es en breve y descarnado resumen la ejecutoria que ostenta D. Manuel M. Murguía. Si, como es de esperar, las Excmas. Diputaciones provinciales y Ayuntamiento de Santiago acceden a los deseos de la Sociedad Económica, y a las exigencias de la cultura regional, el nombre del autor de *El foro* será también el de nuestro primer cronista; ¡nombre simpático a todas las inteligencias que se preocupan de nuestros destinos y a todos los corazones que palpitan con amor filial por el progreso de la tierra en que hemos nacido! ¡Y nombre simpático también porque a él va unido el de la inspiradísima cantora D.ª Rosalía Castro de Murguía que ha merecido del instinto popular el cariñoso dictado de *Ruiseñor gallego*! [31]

31. A.R.S.E.A.P.S., caixa 59, leg. 460/6.

Como vemos, a comisión non tiña presente que existían precedentes do cargo na institución dos Cronistas do Reino, de xeito que, mellor que de creación, cumpriría falar de restablecemento ou restauración do mesmo. En efecto, o primeiro cronista oficial de Galicia foi Frei Felipe de la Gándara (1596-1676), designado en 1654 pola Xunta do Reino. A este sucedeuno Frei Juan Pacheco y Troncoso, nomeado en 1718. Veu despois Francisco Javier Manuel de la Huerta y Vega (1697-1752), elixido contra 1737-39. Non é ocioso lembrar que, tanto no caso de Gándara coma no de Huerta (o de Pacheco é mal coñecido), as cidades dilataron o pagamento dos subsidios e axudas de custa. Con Huerta mostráronse belixerantes, ata o extremo de solicitaren ó Rei a anulación do nomeamento feito ó seu favor, alegando que crían se concedía por honra e non por salario[32]. Pola súa parte, Murguía coñecía mellor ca ninguén, daquela, a traxectoria dos mencionados cronistas, sinaladamente a de Gándara. Non esquezamos que foi Murguía quen deu a coñecer a carta que Gándara escribira a un capitular compostelán por volta de 1662, texto moi valioso por varios conceptos, e no que Gándara se queixa da inasistencia e ingratitude dos seus paisanos, e négase rotundamente a traballar sen remuneración: "el que quisiere historia que la compre", conclúe malhumorado o sabio agustino[33].

Volvéndomos ó informe da comisión, esta apoia a proposta económica de Parga Sanjurjo, coidando de sinalar que tal subvención representa para cada unha das provincias "la equivalencia de un sueldo de escribiente temporero" e debe considerarse como "una imposición a interés crecido sobre la fianza del talento". Despois de amosarse favorable á axuda da Económica, aínda que sen consignar contía, a comisión termina con este recordatorio ás deputacións: "El nombre de Horacio es inmortal, pero el de Mecenas se salvó del olvido".

O 20 de decembro de 1884 a Sociedade Económica aproba o dictame por unanimidade e acorda dirixirse ás corporacións oficiais. Para darlle a debida transcendencia, determinan publicar o texto na *Revista*

32. *Vid.* Pérez Costanti, Pablo. *Notas viejas galicianas*, I. Imprenta de los Sindicatos Católicos, Vigo, 1925, pp. 1-12; Fernández-Villamil Alegre, Enrique. *Juntas del Reino de Galicia. Historia de su nacimiento, actuaciones y extinción*, I. Instituto de Estudios Políticos, Madrid, 1962, pp. 73-91; Filgueira Valverde, José. "Introducción" a Gándara, Fray Felipe de la. *Armas y triunfos. Hechos heroicos de los hijos de Galicia.* Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela, 1970, pp. VII-XLVIII.

33. Murguía publica a carta de Gándara no *Diccionario de escritores gallegos* (Compañel, Vigo, 1862, pp. 81-82 da Antoloxía de textos). Publicada despois por José Villa-amil y Castro (*Ensayo de un catálogo sistemático y crítico de algunos libros ... que tratan en particular de Galicia.* Imprenta de T. Fortanet, Madrid, 1875, pp. 206-208) e, modernamente, por Filgueira Valverde, *op. cit.*, pp. XIX-XXI. Hai diverxencias nas transcricións, a máis importante na data: "abril 29 de 664" (Murguía); "abril 25 de 662" (Villa-amil; Filgueira).

Sobre Huerta e a súa correspondente asignación, emite Murguía algún xuízo despectivo e inxusto na súa *Historia de Galicia*, t. I, Imprenta de Soto Freire, Editor, Lugo, 1865, p. XII.

de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago (da que se imprimían, naquel momento, 500 exemplares) e facer unha tiraxe especial inserindo ó principio a moción de Parga Sanjurjo.

O 26 de decembro de 1884 os Amigos do País comunican a Murguía o acordo adoptado. No Arquivo da Sociedade Económica consérvase a fermosa carta de agradecemento que o historiador lles dirixe, desde Padrón, o 12 de xaneiro de 1885. Que saibamos, está inédita. É de letra de amanuense, e leva a firma autógrafa de Manuel Murguía. Na transcrición respectamos a ortografía e puntuación do orixinal.

Carta de Murguía (Padrón, 12-I-1885)

He recibido la atenta comunicacion de V. S. por la cual pone en mi conocimiento que en la sesion del 20 del próximo pasado diciembre y en virtud de una mocion del S.or D. José Parga Sanjurgo [*sic*] y asi mismo del dictámen á ella favorable atendido por el S.or Censor y comision, se acordó por unanimidad pedir á las cuatro provincias gallegas, se sirvan crear una plaza de Cronista de Galicia y que me honren con dicho cargo. Dice más, que tanto el ayuntamiento de esa Ciudad, como la Sociedad Económica han de contribuir por su parte á que la suma votada por aquellas corporaciones se aumente con lo que por su parte acuerden.

Yo no sé como dar gracias á todos por la señalada distincion de que me han hecho objeto; yo no sé como pagar, no solo el beneficio, sino tambien las palabras de encarecimiento con que, el autor de la mocion, el censor que la amplia, la comision que la informa y la presidencia q.e pone todo ello en mi conocimiento, usan al ocuparse de mi persona. Me basta decir, que creyendolas hijas de una buena voluntad y del cariño que engendra el diario trato, las acepto en toda su plenitud, mas que p.a enorgullecerme de ellas, p.a tenerlas siempre en la memoria y tratar con todo ánimo de hacerme á lo adelante digno de merecerlas con entera justicia.

Las acepto pues y las pongo sobre mi corazon.

Pero si mi agradecimiento no debe tener limites, debe á mi juicio tenerlo la benevolencia de ese distinguido centro: si el no repara en sacrificios de mi mas estricto deber es no aceptarlos. Enhorabuena que las provincias contribuyan á la loable empresa de dotar al pais gallego de la necesaria historia, que al fin á ellas acudimos á cada momento, cuantos con mas ó menos fortuna emprendemos trabajos destinados á ilustrar la historia de este antiguo reino, pero la Sociedad Eco-

nómica que tiene sobre si tantas y tan perentorias obligaciones no puede hacerlo con aquella holgura q.e disculpase á los que aceptasen sus dones, tan generosamente ofrecidos y por esto mismo con sentimiento mio no aceptados.

Mi grande, mi leal reconocimiento, para con la Sociedad, por todo lo hecho en mi obsequio me permiten decirlo así, sin que parezca nunca, un acto de soberbia por mi parte.

Otro tanto digo por lo que se refiere al ayuntamiento de Santiago.

Si lo que se pide al municipio es como p.a el hijo de una ciudad que tanto amo, pero en la cual no he nacido, deber mio es advertir á debido tiempo, q.e bajo tal concepto no merezco sus sacrificios. La lealtad de mi caracter me obliga á apresurarme á decirlo así.

Por lo demás Sr. Presidente ¿como aquel que se ve honrado de una tan pública e imitada manera por esa Sociedad Económica ha de dejar de poner todo ello entre las más señaladas distinciones que debe á sus amigos y á sus conciudadanos? Como no comprender desde luego que el pago de los sacrificios hechos es superior, infinitamente superior á ellos? Como en fin no tener en cuenta la suma delicadeza que en todo se puso? Con razon se dijo en ocasiones análogas y se repite á menudo q.e la palabra es bastante [*sic*] p.a espresar lo que el alma siente en semejantes casos.

Agradeciendo pues, viva profunda y lealmente las atenciones de que soy y me reconozco deudor á esa Sociedad Económica, á cuantos intervinieron en un asunto q.e por tocarme tan de cerca no califico como fuera necesario, y muy en especial al dignísimo Director de la Sociedad S.or D. Salvador Parga.

Ruego al nuevo Director y no menos acreedor á mi reconocimiento Sr. D. Luis Rodríguez Seoane mi amigo y compañero de tantos años, se sirva hacer presente á la Sociedad este mi testimonio de consideracion y respeto por todo lo hecho en mi obsequio y tambien por lo que semejante significa para nuestra Galicia.

Dios guarde á V. S. muchos años.

Padron 12 de Enero de 1885

Manuel Murguía

Sr. Presidente de la Sociedad Económica de Santiago

[Acordo da Sociedade Económica:]

Sesion ordinaria de 24 de febrero de 1885.

Dado cuenta, la Sociedad acordó quedar enterada y en cuanto á lo que manifiesta de no aceptar que la Sociedad distraiga parte de sus escasos recursos en el sostenimiento del cargo que se le solicita, ni que tampoco que se pida al Excmo. Ayuntamiento de Santiago recurso alguno, con tal objeto, por si se pide en el concepto de ser hijo de esta Ciudad á la que tanto ama, pero en la cual, advierte, que no ha nacido, se acordó estimar en mucho los buenos deseos y las observaciones del Sr. Murguía, hijos sin duda de su reconocida delicadeza, pero sostener, sin embargo en toda su integridad el acuerdo aludido, por las razones que lo han informado.

El Srio. gral.
V.ez Quirós[34]

Inícianse as xestións

O 21 de xaneiro de 1885 a Económica oficia ás catro deputacións pedindo o nomeamento de cronista para Murguía e anunciando que mandará o informe impreso para que se reparta entre os deputados provinciais. É o folleto titulado *Proposición e informe relativos al nombramiento de Cronista de Galicia a favor de D. Manuel M. Murguía* (Santiago de Compostela, Tip. de La Gaceta, Felipe de la Torre y C.ª, 1885). Entre febreiro e marzo de 1885 as deputacións acusan recibo dos cincuenta exemplares que se envían a cada provincia.

Murguía necesita diñeiro urxentemente. Neste período, prepara dúas obras para a imprenta, ambas publicadas con anterioridade en revistas. Son *El arte en Santiago durante el siglo XVIII* (Madrid, Ricardo Fe, 1884) e *Los precursores* (Coruña, Latorre y Martínez, 1885), que inaugura a célebre Biblioteca Gallega. O Concello de Santiago subscríbese á primeira por cincuenta exemplares, dos cales doa dous á Sociedade Económica, con data 28 de febreiro de 1885[35].

O auxilio económico para Murguía tarda en chegar. Así as cousas, en marzo de 1885 Isidoro Casulleras presenta unha moción para que a Económica adquira exemplares de calquera obra do historiador que teña relación coas tarefas da Sociedade, e propón *El foro. Sus orígenes, su historia, sus condiciones* (Madrid, Bailly Bailliere, 1882). Unha comisión, integrada por José Antonio Parga Sanjurjo, Ramón Segade Campoamor e Juan Barcia Caballero, emite o correspondente informe, defen-

34. A.R.S.E.A.P.S., caixa 59, leg. 460/15.
35. A Sociedade Económica contesta dando gracias o 13 de marzo de 1885 (A.R.S.E.A.P.S., caixa 64, leg. 508).

dido o 1 de abril de 1885. A comisión destaca a orixinalidade do ensaio, o cal —afirman— abre novas fontes ás indagacións científicas:

> En vez de ir a buscar el señor Murguía el origen del foro en la enfiteusis romana, encuentra, por el contrario, el germen de esta institución o, ya que no el germen, elementos propicios, cuando menos, a la preparación de este contrato en la manera de ser que afectaba la propiedad en Galicia bajo los auspicios de esa raza céltica que constituyendo el núcleo de la población primitiva de nuestro suelo, instaló en él, a la par que el sagrado dolmen bajo la fronda de nuestros seculares bosques, las formas a tenor de las cuales había de ser cultivado, poseído y explotado el territorio gallego. Y este germen o elemento de preparación, siguiendo su proceso histórico y puesto en contacto con el sistema feudal o señorial que imperó en los siglos medios, dio lugar al nacimiento del foro...[36]

A comisión gaba a erudición e o estilo do autor, e non esquece subliñar a oportunidade do seu estudio, no momento no que se estaba a traballar na formación do Código Civil. Por todo isto, conclúen que a Sociedade Económica debe subscribirse á obra por un número de exemplares non inferior a setenta, sen que a subscrición implique un precedente para o sucesivo, "y sí solo un acto de consideración al mérito y a las excepcionales circunstancias por que atraviesa nuestro ilustre y estimado consocio". Na redacción final, omítese a segunda frase, que supoñemos aludía á enfermidade de Rosalía de Castro. Non sería xusto —nin delicado— mencionalo, tratándose de xulgar o mérito dunha obra, pero esta consideración, evidentemente, operaba no ánimo dos Amigos do País. Por outra parte, no texto definitivo engádese que a subscrición debe facerse "sin ser visto prohijar ni rechazar los conceptos emitidos en dicha obra". Na sesión do 1 de abril de 1885, a Económica aproba este dictame, e acorda distribuír os setenta exemplares entre a Biblioteca da Sociedade, as comisións dos corpos colexisladores que se ocupan de formar o Código Civil e as xuntas económicas, cando estas se creen. Finalmente, con data 30 de abril de 1885, o tesoureiro Alfredo de A. Moreno autoriza o pagamento de 525 pesetas a don Manuel Martínez Murguía[37].

Proseguen as xestións

As subvencións para Murguía son noticia nos periódicos aquén e alén do mar. Así, por exemplo, o 10 de maio de 1885, *El Eco de Galicia* da Habana publica a seguinte información, procedente de Santiago de Compostela:

36. A.R.S.E.A.P.S., caixa 64, leg. 507.
37. A.R.S.E.A.P.S., caixa 62, leg. 491. A anotación do tesoureiro non especifica o concepto, que eu relaciono co acordo sobre *El foro* pola proximidade das datas.

> Harto conocida es la vida accidentada y penosa de tan eximio literato: sus excelentes obras, entre las cuales descuellan, en primer término, su interrumpida *Historia de Galicia* y el *Diccionario biográfico y bibliográfico de escritores gallegos*, no han bastado a proporcionarle lo necesario para el sostenimiento de su dilatada familia a pesar de que en esta carga le ayudaba, con sus sentidos versos y excelentes rimas, su esposa, la melancólica y tierna poetisa Rosalía Castro de Murguía. [...]
>
> La Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, teniendo presentes los méritos que en el Sr. Murguía concurren [...], le ha nombrado Cronista de Galicia con un sueldo anual de treinta mil reales.
>
> Tiene ya asegurada la subsistencia el señor Murguía: en su propia tierra, recompénsasele, si no con largueza, al menos de un modo decoroso y bastante para no necesitar de protecciones extranjerizas[38].

A sección está firmada por L. R. S., sen dúbida Luís Rodríguez Seoane, colaborador habitual de *El Eco de Galicia*. Estraña que sexa o propio director da Sociedade Económica quen incorra en tales inexactitudes, esaxerando a contía da remuneración solicitada e dando por concluída unha negociación que acababa de empezar. Non sabemos se isto obedecía a un exceso de optimismo, ó desexo de espallar o bo nome da Sociedade Económica, a unha estratexia para forzar ás corporacións a daren cadanseu óbolo, ou a todo xunto. Como queira que fose, a anécdota ilustra unha actitude que veremos a cotío na prensa galega respecto a Murguía.

O 30 de maio de 1885 o gobernador civil da Coruña informa á Sociedade Económica de que a Deputación da Coruña, con data 27 de maio de 1885, comunica que "acordó contribuir con la cantidad anual de 1.250 pesetas [...] siempre que las demás Diputaciones gallegas hagan lo mismo". Con data 3 de xuño de 1885 a Sociedade traslada a Murguía o acordo da Deputación da Coruña.

Pasan meses. A punto de cumprirse un ano da proposta da Sociedade Económica, todo seguía no aire. O 6 de outubro de 1885 a Económica insiste ante os presidentes das Deputacións da Coruña e de Ourense, expoñendo que, dado que A Coruña, Ourense e Santiago están dispostos a contribuír, e de Pontevedra agárdase dictame favorable, só a Deputación de Lugo ten adiada a resolución definitiva. Por tanto, piden:

> Siendo, pues, un hecho que el Sr. Murguía se da ya por satisfecho con las subvenciones acordadas, esta Sociedad vería con gusto que la Excma. Diputación provincial de La Coruña, para no hacer ilusorios dichos acuerdos tome la iniciativa y ordene el pago de la referida subvención, toda vez que se dan ahora las más oportunas

38. L. R. S. "Cartas gallegas. Santiago, Abril 10 de 1885", *El Eco de Galicia* (Habana) 150, 10-V-1885, p. 2.

> circunstancias para que el Sr. Murguía pueda dar principio a sus trabajos y consagrarse con decisión a sus tareas[39].

O 6 de novembro de 1885 o goberno da provincia de Pontevedra comunica que a Deputación acordou nomear cronista a Murguía coa remuneración de 1.250 pesetas anuais, "presentando el Sr. Murguía cada año treinta ejemplares de los trabajos que publique respecto a Galicia". Asina este oficio, adobiado con moitos eloxios ó historiador, Sabino González Besada. O 29 de novembro de 1885 a Sociedade Económica comunica a Murguía o acordo da Deputación de Pontevedra.

Pasa 1885. Chega 1886. Das subvencións nada se sabe. O 3 de abril de 1886 a Sociedade Económica diríxese ó presidente da Deputación da Coruña e expón o seguinte:

> Las otras Diputaciones gallegas han seguido tan patriótica conducta, y solo la de Lugo, aceptando el pensamiento, juzgándolo convenientísimo, y reconociendo los merecimientos de la persona designada para llevarlo a cabo, ha discrepado nuevamente en la ejecución, creyendo debía mantener un acuerdo suyo anterior por el cual se concedían al Sr. Murguía mil pesetas por cada tomo de la Historia de Galicia que diese a la estampa.
>
> De esperar es que la Diputación de Lugo modifique el rigor expreso del acuerdo; pero como coincide en el fondo con el de las otras Diputaciones, no debe considerarse como óbice para que se lleve a efecto el de la de La Coruña, subordinándolo al cumplimiento material de una condición que formalmente está cumplida[40].

Este é o último documento do expediente xerado polo nomeamento de Murguía como cronista de Galicia que se atopa na Sociedade Económica de Santiago.

Chegados aquí, facémonos unha pregunta (que son dúas): ¿foi Murguía nomeado e remunerado como Cronista de Galicia polas deputacións provinciais? Canto ó primeiro, non sabemos se os acordos das deputacións se traduciron en nomeamento, é dicir, se as catro deputacións, conxuntamente, chegaron a confirmar ou a expedir tal título (aínda que, como inmediatamente veremos, Murguía o utilizase á fronte da súa *Historia*). Canto ó segundo, ignoramos se as catro corporacións chegaron a retribuír o traballo realizado polo historiador; en todo caso, e o feito é significativo, non existe ningunha obra de Murguía impresa a custa das deputacións.

39. A.R.S.E.A.P.S., caixa 59, leg. 460/16.
40. A.R.S.E.A.P.S., caixa 59, leg. 460/21.

O terceiro tomo da Historia de Galicia *(1888)*

O decisivo impulso que a Sociedade Económica dá á *Historia de Galicia* de Murguía calla na publicación do terceiro tomo, en 1888 (Coruña, Librería de Andrés Martínez). Na portada, e debaixo do nome do autor, consígnase este cargo: "Cronista general del Reino"; e esta aclaración: "Tomo tercero / impreso a costa del Centro Gallego de la Habana".

Abren o volume dous prólogos do mesmo Murguía. Titúlase o primeiro "Al lector", e coincide co publicado en *La Ilustración Gallega y Asturiana* o 18 de xullo de 1881; o segundo, "Algunas palabras más", está datado en "Santiago 2 de julio de 1888". Analizaremos este con algún pormenor. Nunha nota, explica Murguía o carácter complementario de ambos e dous textos, pois se no primeiro domina a decepción que o aflixía noutros tempos, o segundo expresa a satisfacción que experimenta, vendo cómo os que o tiñan só e esquecido se agrupan ó seu arredor e o axudan na empresa común. Importa sinalar que a nota vai enmarcada por estas frases: "Va al frente de esta segunda edición el presente y nuevo prólogo [...] No se comprendería bien lo escrito hoy, sin conocer lo publicado hace seis años. Se completa". Así pois, Murguía considera a presente como a segunda edición do tomo terceiro; a primeira edición, deducimos, estaría constituída polos pregos impresos en 1881 (había sete anos, polo tanto, e non seis), e dos cales, á súa vez, *La Ilustración Gallega y Asturiana* reproducira o prólogo "Al lector".

Nestes preliminares Murguía establece a súa concepción da Historia de Galicia coma un proxecto colectivo, no que el é o designado para a realización intelectual, pero ó que toda Galicia está obrigada a contribuír. Lembra Murguía —sen nomeala— a Rosalía, a única persoa que o alentou. Fala extensamente da Sociedade Económica e do restablecemento do cargo de Cronista de Galicia:

> Mi deber era aceptar y acepté con todo mi corazón, dispuesto a gastar en beneficio de Galicia los últimos años de una vida llena de decepciones, pero también con tan supremas felicidades como la de verme designado unánimemente por la opinión pública y aceptado por los que la representan, para realizar la más insigne empresa que en este siglo haya de acometerse entre nosotros. Y esto sí que compensa en más de lo que merezco las tribulaciones sufridas, pues me permite unir eternamente mi nombre al de la patria redimida[41].

41. Historia / de / Galicia / por / Manuel Murguía / Cronista general del Reino. / Tomo tercero / impreso a costa del Centro Gallego de La Habana. / Coruña / Librería de D. Andrés Martínez / MDCCCLXXXVIII. (Pero impreso en Santiago de Compostela, Imp. y Enc. del Seminario Conciliar). A cita, na p. XXIV.

Nunha longa nota explica Murguía as circunstancias da súa aceptación e as razóns para non admitir diñeiro nin do Concello de Santiago nin da Sociedade Económica. E prosegue:

> De las Diputaciones sí que acepté lo que para mí y en nombre del país gallego se les pidió en dicha ocasión, porque ellas son las corporaciones oficiales populares que más directamente y de un modo más genuino representan Galicia, y tienen el deber ineludible de atender a estas y otras obligaciohes parecidas, tan útiles y también tan sagradas como la que lo sea más. Ellas mismas lo conocen así, tanto que de nuestras cuatro provincias, solo la de Lugo se negó a contribuir a esta obra de buena voluntad y aun pudiera añadirse que de patriotismo también. Quedó por lo tanto reducida a tan mínima expresión la consignación para mí demandada, que sin la decidida ayuda del Centro Gallego de la Habana, me sería imposible no digo imprimir, sino escribir mi libro, con el espacio y desahogo que demandan los trabajos históricos: sea esto dicho no en son de queja, sino de descargo[42].

Así pois, Murguía viu terceira vez cómo os auxilios oficiais empezaban a minguar e renacían os antigos inconvenientes. Isto, cando a prensa galega levaba tempo espallando a noticia, e as subvencións para Murguía enchían columnas nos periódicos. Finalmente, só a contribución económica dos galegos de Cuba fixo posible a publicación do terceiro tomo —e seguintes— da *Historia de Galicia.*

En parágrafos que hoxe parecen declamatorios, pero do máximo interese, explica o autor o sentido e o alcance da misión que se lle encomenda. Murguía establece un paralelismo entre Galicia e Bohemia, e compárase el mesmo co historiador e político checo Frantisek Palacky (1798-1876), a quen o Congreso de Bohemia designou historiógrafo oficial (1839), e foi autor, entre outras moitas, da obra *Geschichte Böhmens* (*Historia de Bohemia*, 1836-67), que contribuíu a fundamentar teoricamente o nacionalismo checo. Di Murguía:

> ¡Ciego será quien no vea ahora que Galicia aspira a su total redención! Es en esta tierra bendecida, en donde por segunda vez se da en Europa el ejemplo de una nacionalidad desconocida y negada, que queriendo rehabilitarse acude para ello al conocimiento de su pasado. Por segunda vez en nuestro siglo, el hecho de escribir una historia provincial, se eleva a la altura de los cargos públicos. Con razón o sin ella, Galicia hoy, como ayer Bohemia, desea levantarse de su postración y recobrar su individualidad. Con razón o sin ella, me escoge entre todos, igual que aquélla a Palacky, y, como quien dice, por aclamación, pone en mis manos el honor de la patria. Ah!, el cielo es bien generoso con este hijo de la nada![43]

42. *Ibidem*, pp. XXII-XXIII, n. 1.
43. *Ibidem*, p. XXVII.

Examinado o prólogo de Murguía nos seus principais aspectos, voltemos á documentación da Sociedade Económica. En marzo de 1889, José Antonio Parga Sanjurjo presenta unha proposición para que a Económica adquira exemplares do citado terceiro tomo, en número igual ós adquiridos polo Concello de Santiago (66 exemplares, en concreto). Argumenta Parga Sanjurjo que este auxilio pecuniario imponse como un deber, aínda que non fose máis que en correspondencia ó desinterese de Murguía, quen renunciara o salario de 2.000 reais con que a Económica estaba disposta a contribuír anualmente á dotación do cargo oficial de cronista de Galicia. Unha comisión, formada por Luís Rodríguez Seoane, Juan Barcia Caballero e Salvador Cabeza de León, emite dictame favorable o 5 de abril de 1889. O relator, Luís Rodríguez Seoane, lembra con orgullo o actuado pola Sociedade Económica, e conclúe:

> A medida, sin embargo, que el monumento de la historia de nuestro país adelanta, más vivo se siente el anhelo de verlo por su autor terminado. Constituyó esta tarea como la obra total de la vida de una poderosa inteligencia, y es menester por lo tanto que ningún estímulo se le escatime y ningún recurso le falte para que logren el país y el autor verla completa y terminada. Fama imperecedera ha de alcanzar con su Historia el Sr. Murguía; pero no menor gloria ha de redundar a Galicia al verse por propios y extraños y en lo pasado y en lo presente conocida y dignificada[44].

O informe é lido e aprobado na sesión do 26 de abril de 1889.

Como sabemos, Murguía só alcanzará a publicar o tomo cuarto (Coruña, Librería de Eugenio Carré, 1891) e parte do quinto (Coruña, Imprenta y fotograbado de Ferrer, 1913) da *Historia de Galicia*. Considerando o exposto, non parece inadecuado aplicar a Murguía o que el deixou escrito sobre os historiadores de Galicia nos séculos XVII-XVIII:

> Ese deseo vivísimo entre los buenos hijos de Galicia, de conocer la historia de este pueblo y los mil ocultos senderos que le trajeron al estado de postración en que le hallamos, arrastró a tantos escritores a estudiar y escribir nuestra historia, pero como, efecto de esa tranquila indiferencia de que acabamos de hablar, todo se halla disperso, y no existe un archivo general del reino, ni nuestras bibliotecas conservan respecto al asunto cosa que pueda mencionarse, viéronse los autores obligados a consumir lo más florido de su vida en investigaciones sin fin, para venir a los últimos a escribir un libro que ni la edad les permitía concluir ni el enfriado entusiasmo daba ánimos para llevarlo a cabo[45].

44. A.R.S.E.A.P.S., caixa 70, leg. 559. Proposta e informe publicáronse na *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago* 91, 31-VII-1889, pp. 787-89.

45. Murguía, Manuel. *Historia de Galicia*. T. I, Imprenta de Soto Freire, Editor, Lugo, 1865, p. XII.

1889: MURGUÍA ANTE A INMIGRACIÓN GALEGA EN CUBA

En 1889 chegan a Galicia noticias preocupantes sobre a inmigración galega en Cuba. A crise xeral e agraria na Península estaba a provocar unha emigración masiva ás repúblicas da América do Sur, principalmente á Arxentina, ata había pouco posesións españolas. O goberno de España tentou reorientar a corrente migratoria cara ás Antillas, aínda non independizadas, e regulala, establecendo colonias de asentamento en diferentes puntos. Pero axiña hai novas alarmantes sobre as condicións de vida nestas colonias: falta a comida, os terreos son improductivos, a insalubridade todo o invade. E a prensa anuncia cada día os contratos de novos continxentes de galegos.

Ninguén que coñecese a experiencia galega de 1853-54 podería evitar a comparación. Daquela, cando a Fame e o cólera despoboaban Galicia, un empresario particular, coa autorización do goberno, concibiu o plano de contratar galegos para iren traballar a Cuba en lugar dos escravos. Segundo nos ensina Roberto Mesa[46], a quen seguimos nesta parte, díxose entón que a inmigración galega resolvería os males da Illa; ela substituiría a man de obra escrava; ela abarataría o prezo dos salarios; ela daría cos seus aforros capital bastante para fundar unha caixa de descontos. Algúns centos de galegos, moitos dos cales non sabían onde estaba Cuba, nin a qué se comprometían, venderon a súa liberdade durante cinco anos a cambio dun xornal desproporcionalmente inferior ó do traballador libre, e que non chegaba á metade do que gañaba ordinariamente un obreiro escravo. En Cuba, os inmigrantes galegos non foron solicitados; ante a escasísima demanda de traballo, o Estado converteuse no seu patrón, empregándoos nas obras públicas. Decimados por unha epidemia, brutalmente explotados, os galegos desertaban do seu contratista; fuxidos, vagaban pola Illa na procura dunha colocación, a pediren esmola e refuxio. Medrou o escándalo, conmoveuse a opinión pública, as Cortes crearon unha Comisión para estudiar a inmigración galega en Cuba. Concluíuse por deixar ó inmigrado a posibilidade de non cumprir o contrato subscrito, "considerando que no había toda la libertad en uno de los contratantes, puesto que una fuerza mayor, la miseria, le obligaba a abandonar sus hogares..." (*Diario de Sesiones de las Cortes*, 18-VI-1855).

Para Manuel Murguía, que vivira aqueles acontecementos, era un deber interpoñer a súa autoridade, agora, que parecían reproducirse. Así, o 23 de decembro de 1889, o historiador comparece ante a Sociedade Económica e presenta unha moción para que se estudien os medios de garantir a li-

46. Mesa, Roberto. *El colonialismo en la crisis del XIX español.* Ciencia Nueva, Madrid, 1967, pp. 170-79. Hai 2ª ed.: *El colonialismo en la crisis del XIX español. Esclavitud y trabajo libre en Cuba.* Ediciones de Cultura Hispánica, Madrid, 1991.

berdade persoal e os intereses dos inmigrantes galegos en Cuba. Transcribimos fielmente o texto, autógrafo de Murguía, que cremos inédito.

A la Sociedad Economica de Amigos del Pais, de Santiago:

La tentativa del actual ministro de Ultramar, de llevar á nuestras posesiones ultramarinas, la emigracion española q. de un modo tan alarmante se dirige á las republicas de la America del Sud, no solo es patriotica, sino oportuna y beneficiosa para el pais. Pero si bastan los buenos propositos q. en si encierra, por lo q. se refiere al bien publico en general, no tanto en lo q. atañe al de los individuos q. animados de los mejores deseos, hayan de dirigirse á la Gran Antilla para constituir las proyectadas colonias. Y no ciertamente por q. el Gobierno lo haya olvidado, sino por q. al solo intento de poblar aquellos feraces y solitarios campos, ya asoma el interes particular, tratando de ingerirse —bajo el especioso pretesto de promover y reglar la inmigracion en Cuba y Filipinas— y tomar como suya esta obra de patriotismo, haciendola tal vez obgeto de ulteriores propositos q.e es necesario preveer [*sic*] desde luego. Cierto q. estos no se declaran por ahora, pero cierto tambien q. al solo anuncio de la formacion de sociedades especiales para proteger la inmigracion, se han dispertado [*sic*] los recelos de todos, sospechando q. lo q. es obra de humanidad y á la vez de patriotismo, se convierta en cosa de granjeria para unos cuantos.

Por de pronto en *El Centro Gallego de la Habana* cuya importancia, respetabilidad y amor á Galicia son bien conocidos, se sintió ya el golpe. No es estraño. Sabiendose alli q. el mayor contingente de la inmigracion lo ha de dar Galicia; teniendose en cuenta las lecciones de la historia; sin olvidar lo q. pasó en 1853 con nuestros paisanos y en 1877 con los canarios, con sobrada razon temen q. se renueven aquellas vergonzosas escenas en q. los hijos de estas cuatro provincias, se vieron por un momento, equiparados á los negros, con menos derechos q. ellos, pero en cambio sugetos á mas dura esclavitud.

Fiel representante de la opinion general de la colonia gallega en Cuba, la notable revista "El Eco de Galicia", se ocupa tambien del asunto al q. consagra varios articulos y en los q. se espresan los deseos de todos, condensandolos en esta sencilla pero terminante formula = ¡Nada de sindicatos! Oponese por lo tanto y con entera resolucion á la formacion de sociedades q. puedan, en cualquier modo q. sea, constituir un peligro p.a la honra de Galicia y para la libertad de aquellos de

sus hijos q. fiados de alhagadoras [*sic*] promesas, se liguen á su hora, por contratatos [*sic*] q. no hemos de juzgar mientras no se conozca, pero de los cuales puede desde luego sospecharse q. no han de brillar por lo benigno de sus clausulas.

En su vista pues, y tratando, tanto de coadjuvar [*sic*] á la noble empresa de la colonizacion de nuestras posesiones de Ultramar, como de proteger los intereses de los hijos de Galicia que vayan á formar parte de las colonias, algunos distinguidos paisanos nuestros residentes en Cuba se han adelantado á formular las *Condiciones*, con q. el labrador gallego puede dirigirse á aquella isla, en busca de un trabajo digno y honroso al par q. fructifero para él. Esas condiciones la prensa regional, las dió ya á conocer, pero entiende el Socio q. suscribe, q. no se debe dejar huerfano de ausilio aquel buen proposito y q. la Sociedad Económica de Amigos del Pais, es la llamada naturalmente á cubrir con su autoridad y hacer si cabe mas respetables, las protestas de nuestros hermanos residentes en Cuba, y los deseos por ellos espresados para q. la inmigracion sea util y provechosa al campesino gallego q. obligado por la necesidad trate de formarse en aquella isla una nueva propiedad y una nueva patria.

Con tal motivo el que suscribe ruega á la Sociedad, se digne nombrar una comision q. estudiando el asunto, bajo los diversos aspectos q. puede afectar, proponga á la Ecomica [*sic*] y esta al Gobierno del Estado, los medios á su entender mas conducentes á sacar á salvo la honra de Galicia y á garantir los intereses y la libertad personal de aquellos de nuestros paisanos que se dirijan á Cuba con animo de formar parte de las proyectadas colonias.

Santiago diciembre de 1889
Manuel Murguía

[Acordo da Sociedade Económica:]

Sesion de 23 de Dicbre. de 1889

En la de este dia se acordó el nombram.[to] de una Comision que informe.

El Vice Srio.
S. Cabeza[47]

47. A.R.S.E.A.P.S., caixa 70, leg. 563.

O 31 de xaneiro de 1890 a Sociedade Económica designa a Isidoro Casulleras, Salvador Cabeza de León e Cristóbal Valdés Menéndez para emitiren informe. Cremos que as xestións non pasaron adiante, pois non temos atopado outras referencias no Arquivo.

O lector interesado poderá consultar con proveito a colección de *El Eco de Galicia* (Habana), que proporciona información abonda sobre as colonias, moitas veces reproducida da prensa de Madrid, que se ocupou asiduamente dos inmigrantes galegos. Lembremos que esta revista publicou tamén un artigo de Murguía denunciando ós especuladores, o titulado "Trata de blancos?" (*El Eco de Galicia* 399, 15-II-1890), no que se repiten conceptos e, incluso, expresións literais do texto que acabamos de coñecer.

FINAL

Na sesión do 5 de xaneiro de 1899, e contestando, probablemente, a unha petición de Murguía, a Sociedade Económica acorda adquirir exemplares do ensaio *Don Diego Gelmírez* (Carré, La Coruña, 1898), por importe de 250 pesetas[48]. Como sempre, a axuda chega en momento oportuno, pois a época é de penuria para o historiador, co seu fillo Ovidio Murguía en Madrid, completando a súa formación como pintor e sen posibilidades, aínda, de se manter. Esta é a última actuación dos Amigos do País en defensa da obra de Murguía da que temos constancia documental.

Non deixaremos de mencionar que, desde a morte de Rosalía de Castro, a relación de Manuel Murguía coa Sociedade Económica está enfocada a miúdo nos asuntos atinxentes á fama póstuma da escritora (traslación das súas cinzas, mausoleo...), pero non trataremos desta cuestión, xa que excede os límites que nos propuxemos ó empezar.

Ata aquí, pois, chega o noso estudio do Arquivo da Sociedade Económica no que concirne a Manuel Murguía. Alumno, de neno, da súa Escola de Debuxo; invitado a participar nas deliberacións do Congreso Agrícola; comisionado pola Sociedade para escribir a Historia de Galicia; designado socio de mérito da corporación; promovido para Cronista de Galicia, e subvencionados algúns dos seus libros mediante a adquisición de exemplares, non cabe dúbida de que a Sociedade Económica distinguiu a Murguía de maneira excepcional.

Os documentos que temos examinado sobre as subvencións acordadas a Murguía polas corporacións oficiais (pero acordadas non significa

48. A.R.S.E.A.P.S., caixa 81, leg. 690/5. O 26 de xaneiro de 1899 a Sociedade Económica envía unha letra por este importe a Murguía; do oficio de remisión parece desprenderse unha demanda previa do historiador.

pagadas) non nos aclaran se aquelas se fixeron efectivas, nin por canto tempo; e as dilacións e trasacordos de que temos noticia indúcennos a pensar que foron máis ilusorias que reais. Realmente, Murguía colleitou retribucións desaxeitadas, desgustos e incomprensións sen conto. A súa furia é lendaria, e a trompazos foi escribindo unha obra na que hai mostras abondas de sufrimento e de soidade. Conforta pensar que a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago tratou de facerlle xustiza e foi, para el, un recuncho de agarimo e de comprensión.

V. A. R. de O.

César Vaamonde fala dos últimos días de Manuel Murguía

Isabel Seoane

A dedicación do Día das Letras Galegas a Manuel Murguía vai permitir, como en ocasións anteriores, un mellor coñecemento da súa obra e un achegamento, esperemos que verdadeiro, á súa persoa, sen mitificacións; expoñendo as súas virtudes e as súas miserias, que é como cómpre estudiar as grandes figuras. A este labor vai contribuír de maneira esencial a súa correspondencia[1], e nós queremos facer unha pequena achega a este campo dando a coñecer unha carta de César Vaamonde[2] a Julio Dávila[3], que relata os dous días anteriores ó pasamento de Manuel Murguía.

Don César coñeceu o patriarca a través de seu irmán Florencio Vaamonde, traballador igual que Murguía da Delegación de Facenda na Coruña.

> Don Florencio presentó a su hermano, al patriarca, porque él ya lo conocía: era uno de los más calificados elementos regionalistas

1. Inxente labor levado a cabo por X. R. Barreiro e polo noso benquerido profesor X. L. Axeitos, ós que agradecemos a axuda prestada.

2. César Vaamonde Lores (Bergondo,1867-A Coruña, 1942). Historiador. Cronista oficial da Coruña desde 1934. As súas obras máis coñecidas son: *Ferrol y Puentedeume* (A Coruña, 1909) e *Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes* (A Coruña, 1917).

3. Julio, Dávila (Ortigueira, 1871-Madrid, 1971). Emigrou moi novo a Arxentina onde se dedicou ós negocios mercantís. Colaborou en varios xornais en Bos Aires, *El Eco de Galicia* e *Almanaque Gallego* e tamén en *La Voz de Galicia*. Publicou varios estudios históricos e lingüísticos: *Apuntes históricos y descriptivos de la villa y partido judicial de Santa Marta de Ortigueira* (Bos Aires, 1902); *Vocabulario santamartés u ortigueirés. Crítica de críticas* (Bos Aires, 1903); *Cuestión filológica. Nombre genérico de los hijos de Ortigueira* (Bos Aires, 1903-1904). Foi elixido académico numerario da RAG en 1920, tomou posesión en 1927. *Vid.* Ramón Villar Ponte, *Días, Hechos y Hombres de la Real Academia Gallega*, Litografía e Imprenta Roel, A Coruña, 1953, p. 33.

> coruñeses y estaba en contacto directo con Murguía. [...] Desde entonces (César) fue su compañero inseparable y el más fiel confidente que Murguía tuvo[4].

Seguramente, o gusto polos estudios históricos foi o elo que aproximou o camiño destes dous destacados personaxes ata facelos íntimos, sendo frecuente velos paseando polas rúas coruñesas intercambiando opinións e confidencias.

Esa amizade levou a César Vaamonde á Real Academia Galega en 1907, tras ser proposto por Murguía para desempeñar o cargo de arquiveiro-bibliotecario ó quedar vacante a praza trala renuncia de Galo Salinas[5] e, pouco a pouco, a súa persoa pasará a ser figura imprescindible nesa institución. Malia non ser nomeado nunca académico numerario, desenvolveu un papel principal na coordinación do *Boletín* e na realización daquel primeiro *Diccionario* que naufragou na palabra "cativo", non por falta de diñeiro, ou non só por isto, pois problemas económicos si había, senón por discrepancias entre os académicos que se negaron a que na portada do mesmo constase que era realizado por César Vaamonde por encargo da Academia.

O desempeño dese posto aproximouno aínda máis, se cabe, a Murguía e o seu talante conciliador, discreto, e pouco amigo de polémicas —como nos relata quen o coñeceu[6]— fixo que se rodease de amigos de ben distintas ideoloxías. Unha desas amizades foi a de Julio Dávila, destinatario da carta, fundador, secretario e tesoureiro da Asociación Protectora de la Academia Gallega en Buenos Aires[7]. Este ortigueirés, emigrante desde o ano 1889, segundo el mesmo relata en 1903: "hace catorce años que vivo fuera de Ortigueira"[8], estableceuse en Bos Aires onde permaneceu ata o ano 1926[9]. Aínda que non podemos afirmar que o seu primeiro destino fose Bos Aires, os datos que ofrece Núñez Seixas sobre a súa chegada á capital arxentina en 1919[10], parécennos errados, xa que desde 1903 publica diversas obras en Bos Aires e en *El Eco de Galicia*, e en 1908 está alí con toda seguridade, pois asina un manifesto conxuntamente con outros

4. Naya, Juan. "Murguía y su obra poética", en *BRAG* 289-293, xaneiro 1946-decembro 1950, pp. 92-93.

5. Actas da Academia, Xunta Ordinaria, 12-VII-1907.

6. Marina López Cortizas, a quen agradecemos encarecidamente o material achegado e a información sobre a figura de César Vaamonde Lores.

7. A Asociación Protectora de la Academia Gallega en Buenos Aires naceu ó abeiro da Casa de Galicia de Bos Aires en 1919, a inicitiva de Julio Dávila, co mesmo fin que a súa homónima da Habana.

8. Dávila, Julio. *Vocabulario santamartés u ortigueirés. Crítica de críticas.* Bos Aires, 1903.

9. "Asociación Protectora en Buenos Aires de la Real Academia Gallega", en *BRAG* 139, 1-VI-1921.

10. Núñez Seixas, Xosé M. *O galeguismo en América 1879-1936.* Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1992, pp. 126-27.

académicos correspondentes da Academia Galega en Arxentina para erixir un edificio escolar co nome de "Escuela Curros Enríquez". En 1919 o que se produce é o seu regreso á capital bonaerense, tal vez despois dunha estadía en Galicia. Será nesa data cando entre en contacto con Luís López Páez, presidente da Casa de Galicia de Bos Aires, para crear a Asociación Protectora da Real Academia Galega en Bos Aires, xa que neses momentos detenta o cargo de representante da Academia en Arxentina.

Descoñecemos se a relación entre César Vaamonde e Julio Dávila era anterior ou se se produciu a partir da creación da Protectora, o que si é certo é que desde esa data a correspondencia entre ambos será moi frecuente.

Durante o último ano de vida, Murguía, recluído na súa casa por mor da rotura de cadeira que lle produciu unha caída, é visitado a cotío por Vaamonde Lores, en calidade de amigo e para despachar os asuntos da Academia.

O 30 e o 31 de xaneiro, don César realiza as dúas últimas visitas, mais xa non o fai o mércores día 1, o do pasamento, en vista do mal estado en que atopa a Murguía a última mañá que están xuntos e lle asina os recibos da pensión (150 pesetas mensuais[11]) que lle enviaba desde 1913 o Centro Galego de Bos Aires en colaboración cun grupo de paisanos baixo a denominación "Pro Murguía".

Trala súa morte a Academia intentou que tanto esta pensión como a de 250 pesetas, tamén mensuais, que Murguía recibía do Centro Galego da Habana pasasen á súa filla Alexandra, sesaxenaria, solteira e sen recursos económicos, pois a piques de casar co santiagués Joaquín Arias Sanjurjo, ó morrer súa nai Rosalía, e sendo seus irmáns aínda moi novos, decidiu sacrificar a súa vida ó coidado deles, renunciando ó matrimonio.

O Centro Galego da Habana concédelle a pensión pero rebaixa a cantidade á metade. Pasando de 50 a 25 pesos mensuais[12]. Mentres que o Centro Galego de Bos Aires, que recibe a petición oficial da Academia[13] a través da Protectora, lla nega, contra o que asegurara anteriormente Julio Dávila, alegando estar case exclusivamente dedicado á mutualidade[14].

Así pois, nesta carta que César Vaamonde envía a Julio Dávila, e que reproducimos a continuación, dáse conta deses dous últimos días con Murguía e das conversas mantidas.

11. Asociación Protectora de la Academia Gallega en Buenos Aires. *Memoria de 1922*. Imp. Joaquín Estrach, Bos Aires, 1923.

12. "Una pensión a favor de la hija de Manuel Murguía", en *BRAG* 154, 1-VIII-1923.

13. A petición oficial da RAG é do 17 de febreiro de 1923, publicada en *BRAG* 150, 1-III-1923.

14. Asociación Protectora de la Academia Gallega en Bos Aires. *Memoria de 1923*. Imp. Joaquín Estrach, Bos Aires, 1924.

A Dávila
12 Febrero 1923

Mi querido D. Julio:

El cablegrama enviado a esa Protectora participandoles el fallecimiento de D. Manuel[15], le habrá a V. sin duda alguna sorprendido tanto más, cuanto que Vds. le estaban preparando un homenaje para el día que cumpliese los 90 años[16], lo cual prueba que no temían por su vida.

Pero las cuentas, facilmente salen erradas. Y nuestro buen amigo y maestro dejó de existir, sin enfermedad, a la $1^1/_4$ de la mañana del 2 con toda la lucidez de su inteligencia.

Con su muerte se nos fue una institución y un simbolo, y perdio Galicia el hombre mas eminente con que contaba, y tal vez pasen siglos sin que aparezca otro que se le pueda igualar. Él fue el primero que abrió el surco de donde había de brotar el resurgimiento de nuestra tierra y por cuyo enaltecimiento trabajó toda su vida y tanto se sacrificó.

Yo, como uno de los que mas le acompañaba, y aun tal vez el unico, pues no toleraba que pasase un dia sin verle desde que llevó el golpe que lo tuvo recluido en casa mas de un año, muchas particularidades de su vida se. Si yo fuera un erudito pudiera escribir su biografía durante sus ultimos años.

El día 30 de Enero, pasé con él toda la tarde y decía que se encontraba muy bien de salud, pero que tenía una tristeza y una preocupación constante que le amargaba la vida desde que supo que su hija Gala[17] estaba embarazada, pues primeriza, y a la edad de 50 años, temía que quedase en la demanda. Esta pena se le aumentó con haber roto una pierna, tres o cuatro días antes, su yerno[18], el marido de Gala. Tenía momentos de tristeza, y de buen humor. Se acordaba "de aquella vida placida de Padron, de aquel cielo tan hermoso, de aquellos paisajes tan encantadores". De repente me dijo. "Esta caida es la ultima caida. Es la caida de los 90 años". Pero de repente volvió la hoja diciendo: "Dentro de unos dias me pondre al tomo V de la Historia[19] a ver si lo termino, y despues seguiré con

15. Murguía falece o 1 de febreiro de 1923 á 1:15 da noite.

16. O seu día de anos era o 17 de maio. Despois de varios intentos para organizar un acto desistiuse por falta de xente ás convocatorias que se facían. Asociación Protectora en Buenos Aires de la Real Academia Gallega, *Memoria do ano 1923,* Imp. Joaquín Estrach, Bos Aires, 1924. Si lle realizan unha homenaxe ó cumprirense os cen anos do seu nacemento, en *BRAG* 249, 1-VI-1933.

17. Gala Blanca Eleonora, nacida en 1871 e finada en 1964, era xemelga de Ovidio, quen morre en 1900. Os anos de Gala, se botamos a conta, eran 51, camiño xa dos 52.

18. Pedro Izquierdo Corral, distinguido publicista, licenciado en Ciencias pola Universidade de Madrid gozou de moita sona como matemático. Morreu o 19-V-1942 con 67 anos. Casaron o 30-III-1922, cando ela tiña 50 anos e el 47 no santuario de Pastoriza, onde Murguía entra por segunda vez en brazos, pola súa caída. A primeira fora no seu bautizo. El era de Madrid, onde se coñeceran bastantes anos antes. Juan Naya di que o que rompeu foi un pé. *Vid.* Naya Pérez, Juan "El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía", en *BRAG* 356, decembro de 1974.

19. O tomo V da *Historia de Galicia* foi publicado pola Imprenta y Fotograbado de Ferrer da Coruña en 1913, pero non estaba rematado, só constaba de tres capítulos, como

los demas". A lo que le contesté: "Pero D. Manuel, V. cree que no se va a morir nunca". —"Tengo tiempo, tengo tiempo", arguyó.

Tambien decía que el día que se muriese sería el mas feliz de su vida pues estaba rodeado de disgustos y pesares "y despues de todo no tengo de que quejarme, por que yo siempre comi bien, bebi bien j... bien y me divertí bien y llegué a los 90 años. ¿que mas se me puede exijir. No llevo de este mundo restitución alguna".

Así continuamos en conversación, unas veces con tristeza y otras en pura broma por su parte y observando que se fatigaba me despedí de él hasta el día siguiente, preguntando antes si seria tan valeroso que dicho día podria echarme tres firmas. "Ya lo creo que lo soy", contesto.

Fui a la mañana siguiente a las once, y estaba sentado en el sillon, en el comedor, de bruces sobre la mesa. Le tiré de un brazo y le dije: "D. Manuel, aquí le traigo las firmas, a ver si cumple la palabra de ayer" "Está V. buena pieza. He dicho que si". Firmo con pulso firme los tres recibos, que eran los de la pensión que le pasaba el Centro Gallego de Buenos Aires, ultimas firmas que echó, y cuando terminó, le dije "Cada una de estas firmas valen 10 duros" "Y las tres valen treinta" contestó.

Me preguntó que noticias había y me instó a que le acompañase, pero como estaba ya con el estertor, le di una disculpa y me despedí de él con animo de no volver a verlo, pues me causaba grandísima pena el estado en que se encontraba.

El ultimo trabajo literario que escribió y publicó son unas lineas dedicadas a Portugal, país por el que sentía vivísima simpatía[20].

El ultimo trabajo que estaba disponiendo, era un artículo sobre el convento franciscano de Herbon[21].

La ultima firma que echó para America fue la carta en que acusaba recibo al Conde del Rivero[22], de los fondos enviados para el monumento de Curros.

Y las últimas de su vida, las del recibo triplicado de la mensualidad de Enero que como pensión de ese Centro Gallego cobraba en casa de Pastor[23].

Todas estas noticias y las oficiales, debían serle a Vd. comunicadas antes, pero yo, desde el día que murió D. Manuel, estoy con una traqueo bronquitis, que me tiene recluido en casa sin poder hacer nada. Y D. Andrés[24], desde el día 4 que presidió una reunión de maragatos, está con otra bronquitis morrocotuda. Vea V. que coincidencias.

indica M. Casás Fernández, en *Páginas de Galicia*, Librería y Editorial Sucesores de Galí, Santiago de Compostela, 1950, p. 29.

20. Traballo publicado en *A Aurora do Lima*, 5-I-1923. "Don Manuel Murguía", en Rodríguez González, Eladio; en *BRAG* 150, 1-III-1923.

21. Non chegou a publicalo.

22. Director do *Diario de la Marina*. Datada o 19 de xaneiro, na que acusaba recibo e daba as gracias ó Conde por xirarlle os fondos (23.711,80 pesetas) que o xornal conservaba no seu poder con destino ó monumento de Curros. En *BRAG* 150, 1-III-1923.

O día que se coloca a primeira pedra, 22-VII-1922, o Conde del Rivero envía outras 1.000 pesetas, en *BRAG* 154, 1-VIII-1923.

23. Casa bancaria de Sobrinos de José Pastor, hoxe Banco Pastor.

24. Trátase de don Andrés Martínez Salazar, que sucederá a Murguía na presidencia da Academia, aínda que por pouco tempo xa que sendo elixido en maio de 1923 falece en outubro dese mesmo ano.

Ya se que desea saber como está el asunto Curros. El Conde del Rivero, a pesar de mis malos augurios, mandó los cuartos y tengo una satisfacción vivísima en haber fracasado yo en mis temores. Ahora, todo el dinero esta junto.

Las divergencias que parecía iban a hacer malograr la empresa, se marraron. La campaña contra el concurso, continua, pero como los directores del cotarro están firmes pierden el tiempo aquellos buenos patriotas, que sin haber dado un centimo, quieren ser ellos los mangoneantes y prefieren que el monumento no se haga[25].

El Circo de Artesanos[26] ofició a la Acad^e^ que emprenda el concurso para ellos recaudar mas fondos, pues 5000 pts, le parece poco dinero. Efectivamente es poco, pero sin perjuicio de lo que el Circo haga, se irá trabajando en el asunto.

Eladio[27] es el encargado de redactar las bases, y para ello le facilito Palacios[28] un esquema o guía. De suerte que por ahora no hay dificultades.

De Cuba, hace nueve meses que no tenemos noticias[29]. No comprendemos lo que pasa por allá.

Supongo que sus hijos estarán restablecidos y fuertes y de ello, ya sabe V. amigo Julio, cuanto me alegro, lo mismo que la salud de V. siga inmejorable.

Yo estoy en decadencia, y entré en la vejez prematura sin saber a que atribuirlo, pues paso la vida encataplasmado, cuando no de una cosa, de otra.

Pregunté a Veiga[30] por V. y me dijo que tenía noticias satisfactorias. No sabe cuanto me alegro.

Voy a ponerme a redactar las cartas oficiales, y así no puedo por hoy ser mas extenso.

Hemos dirigido un mensaje al Centro Gallego de la Habana para ver si conseguimos que transmitan a Alejandra la pensión de D. Manuel. La de ese Centro ya sabemos por V. que está acordada hace tiempo, pero como oficialmente no lo sabemos, se le dirige un mensaje igual[31].

25. Refírese ás polémicas sobre quén será o xurado que elixirá o proxecto.

26. O seu verdadeiro nome é Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos. Fundada na Coruña en 1847, comeza a súa andaina con 200 socios. Coñecida cariñosamente como "Circo" case sempre foi fiel intérprete do sentir do pobo en todas as manifestacións da vida político-social coruñesa.

27. Eladio Rodríguez González (Ourense, 1864-A Coruña, 1949). Un dos corenta membros numerarios fundadores da Real Academia Galega, da que foi secretario e presidente. Como poeta hai que salientar o seu libro *Oracións campesiñas* (1927), é autor tamén do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, publicado postumamente entre 1958 e 1961.

28. Antonio Palacios Ramilo, prestixioso arquitecto, nacido no Porriño en 1876 e falecido en 1945. Tamén formou parte do xurado encargado de avaliar os proxectos presentados para o concurso do monumento a Curros. Entre as súas obras está o Teatro García Barbón de Vigo.

29. A mala situación que atravesaban os emigrantes en Cuba impedíalles facer achegamentos económicos.

30. Sabemos por outras cartas que este personaxe se chama Félix Veiga, pero descoñecemos de quén se trata.

31. Refírese ó Centro Galego de Bos Aires.

> Con que, mi querido Dante, que todos se hallen muy bien y con mis sinceros afectos. Lo mismo los de mis hermanos, y V. reciba un abrazo de un aff. que le quiere.
>
> C. V.

Como vemos, Murguía estivo en activo ata o último momento. Redactou as súas derradeiras liñas por pedimento de don Julio de Lemos, secretario do Instituto Histórico do Miño, ó que Murguía pertencía como Socio de Mérito desde novembro de 1921, para seren publicadas en *A Aurora do Lima,* xornal de Viana do Castelo, o 5-I-1923, nun número dedicado a Galicia. Din así:

> Fué en una mañana primaveral cuando, por vez primera, vi el paso de las aguas, que marchaban atropelladamente.
>
> En su presencia, oyendo el rumor supremo de las ondas, exclamé: —Pasa, río glorioso de mi patria, que llevas en tu corriente todos los amores, todos los reflejos, todas las extensiones, todas las quejas y todas las esperanzas de otros días que alientan dos pueblos hermanos, pasa y vuelve a unir para siempre las aguas que pasan y los destinos que han de cumplir en la historia.

Pero, desgraciadamente, morreu sen ver feito o monumento a Curros Enríquez. Pois, aínda que a idea xurdira trala morte do poeta en 1908, trascorreron 26 anos ata a súa inauguración, por mor de diversos problemas. Primeiramente, as distintas iniciativas que existían e houbo que xunguir baixo un proxecto único. A primeira partira da Academia Galega e da Asociación da Prensa, mentres que en Bos Aires, entre os académicos correspondentes da Academia, abrollaba unha idea parecida: a de erixir un centro de ensinanza que levase o nome do poeta, como antes mencionamos. Por outro lado, o *Diario de la Marina* iniciaba unha colecta para adquirir un monumento funerario que se emprazaría no cemiterio ou nos xardíns da Coruña, para logo ser trasladado ó grupo escolar que se construíse.

A subscrición que se iniciou para recadar fondos non deu resultado en Galicia, e en Cuba e Bos Aires chocou cos proxectos sinalados, ata que, por iniciativa da Academia e de Julio Dávila, decidiron en 1921 unir as tres ideas e os fondos recadados, para facer factible a construcción dun só monumento proxectado en principio para a praza de Ourense da Coruña e que finalmente se situou nos xardíns de Méndez Núñez.

Aínda así, a morte de varios presidentes da Real Academia Galega e as diverxencias sobre a forma de elección do proxecto definitivo dilatou o inicio do concurso ata o 7 de marzo de 1927.

A principal discrepancia naceu ó coñecerse a noticia de que sería a Academia de San Fernando a encargada de xulgar os proxectos e elixir

o definitivo, contra o que se manifestaron abertamente importantes figuras da cultura galega:

> "Unha corporación que se coida douta e enxebre, entregando á caciqueiría artística de Madrid o fallo dos proyectos que se presenten no concurso" di Antón Vilar Ponte.
>
> E digo eu: unha Academia que redauta o seu boletín en castelán, será sen dúbida *Real*, mais non é moi galega que digamos.
>
> [...]
>
> Ou foi cecais o afán de ceibar das responsabilidades da eleición o que motivou a determinación da Academia? As mais estranas suposiciós se presta esa resolución inespricabel, qu'os seus autores queren apoyar en diposiciós legales que non eisisten asegún dí a imprensa da Cruña.
>
> De todol-os xeitos, absurda; de todol-os xeitos, é un noxento servilismo diante do imperial señorío de Madrí; de todol-os xeitos, dá pena e dá vergonza.
>
> E agora, ¿qué van faguer os académicos nazonalistas, os académicos que figuran afiliados nas irmandades? Van calar diante d'iste aldraxe que Galiza recibe da Corporación encarregada de velar pol-os seus valores espirituaes? Van-o aprobar co seu silenzo ou coa sua indifrenza, ou c'unha tímida protesta das que non chegan ó prubrico do derradeiro curruncho da Nosa Terra?
>
> Xa sabemos a cal das duas Galizas pertenece a Real Academia Gallega.... Gallega con elle, con grafía e pronunciación castelán...[32]

No mesmo xornal, un día despois, Valentín Paz Andrade di que o escultor ten que ser Asorey, iniciándose así unha campaña a prol do escultor galego, e que se opoñía a un concurso internacional, como pretendían os galegos residentes na Arxentina, o que produciu reaccións inmediatas. A través de *Celtiga* de Bos Aires acúsase abertamente a *La Zarpa*:

> Pero el comentario hecho por el señor Villar Ponte, aparecido en las columnas de "Galicia" hace también pocos días se distinguía por su pulcritud de lenguaje y en él se aducían atinados argumentos en pro del otorgamiento de esa obra al escultor Asorey; en cambio en "La Zarpa", en vez de argumentos, que siempre son aceptables, sólo aparecieron exabruptos y denuestos, que pusieron de relieve, no el "rastacuerismo" y "criterio hermético" del grupo de conterráneos contra el que fueron dirigidos, sino el repudiable espíritu de caciques que poseen los de "La Zarpa", que aspiran, por lo visto, a ejercer el monopolio del galleguismo[33].

32. Risco, Vicente. "O moimento a Curros Enríquez", en *La Zarpa* 442, 2-I-1923.

33. Garrido, Ramón L. "Acerca del proyectado monumento a Curros Enríquez", en *Céltiga* 18, Bos Aires, 25-IX-1925.

Da polémica de quén debe elixir o proxecto, pásase ó intento de dirixir a escolla.

Finalmente o 7 de setembro un xurado formado polo Marqués de Figueroa, Ramón Cabanillas, Francisco Llorens Díaz, Miguel Durán Salgado[34] e Juan Cristóbal[35], encárgase de xulgar as propostas presentadas declarando deserto o concurso, o que retarda unha vez máis a execución do monumento. Ó ano seguinte, na mesma data, convócase novamente o concurso e o xurado constituído, nesta ocasión, polo Marqués de Figueroa, Álvarez de Sotomayor, Antonio Palacios, Francisco Llorens e Eladio Rodríguez González, acorda outorgar o primeiro premio a don Francisco Asorey[36].

A aberta oposición a que fose a Academia de San Fernado a encargada da elección podía ter como antecedente a súa actuación no monumento ós Mártires de Carral, que fixo que se cambiase un obelisco por un cruceiro, con toda a simboloxía que leva aparellado cada un deles.

Malia estes atrancos, o monumento inaugurouse en 1934, nun contexto gobernativo que tal vez fose do agrado do homenaxeado.

No aspecto persoal, a preocupación de Murguía pola súa filla Gala era máis que fundada, como así demostrou o paso do tempo. Ignoramos se o fillo chegou a nacer e, como pasou cos xemelgos de Aura, morreu ó pouco tempo. Sorprende que Juan Naya, o máis docto nos aspectos persoais da familia Murguía-Castro non fale sobre este tema[37]. É evidente que a traxectoria vital da familia, con casamentos tardíos, por poderes, como no caso de Aura, a renuncia ó mesmo por parte de Alejandra, o suposto fillo de Ovidio, as mortes dos fillos de Aura e de Gala, está aínda pendente dun estudio rigoroso.

A perda de Murguía, aínda que esperada pola súa avanzada idade, deixou un baleiro na vida de César Vaamonde que perdeu ademais dun amigo o seu principal baluarte na Academia, non sendo tan do seu agrado, como sabemos por correspondencia que está nas nosas mans, os próximos presidentes (excluíndo a Martínez Salazar), o que seguramente tamén tivo algo que ver nos problemas xurdidos na publicación do primeiro *Diccionario* da Real Academia Galega.

I. S.

34. Notable arquitecto coruñés, fillo do matemático Juan Jacobo Durán Loriga. Na Coruña deu forma ós edificios do Palacio de Facenda e do Banco de España.

35. Non sabemos se se trata dun arquitecto ou dun escultor.

36. "Gestión del monumento", en *BRAG* 254, 11-VIII-1934.

37. Naya Pérez, Juan. "El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía", en *BRAG* 356, decembro de 1974.

Carvalho Calero poeta, narrador, dramaturgo

Laura Tato Fontaíña

Non resultará doado resumir na escasa capacidade dun único estudio, por moi longo que for, o labor creativo de Carvalho Calero tanto pola súa cantidade como pola súa calidade. Carvalho formaba parte dunha xeración literaria, a do Seminario de Estudos Galegos —diría el—, que identificaba literatura con compromiso e, por tanto, consideraba un deber contribuír á creación dunha literatura nacional tocando todos os xéneros. Con todo, para a maior parte dos galegos e galegas que o coñecen, Carvalho é un historiador da literatura, un crítico e un lingüista, mais non un creador. Pola súa parte, a crítica centrouse sobre todo na obra lírica, probablemente porque el mesmo insistiu moitas veces en afirmar que se consideraba, antes que nada, poeta. Porén, foi autor de dúas novelas, seis relatos, oito pezas dramáticas e outros tantos poemarios. Poderiamos estudialos por xéneros —facilitando o labor pedagóxico—, mais optamos por dar unha visión global que nos permita afondar no mundo literario do autor e comprobar a súa evolución temática e técnica.

Comeza a súa andaina como escritor galego co poemario *Vieiros* (1931)[1] no que a carón de reminiscencias románticas, modernistas e simbolistas, aparecen textos que se achegan ás vangardas do momento:

> As imaxes —habitualmente de signo racional próximas às do criacionismo e às do ultraismo— funcionan como elemento nuclear. Trata-se en moitos casos de imaxes antropomórficas, hilozoístas, impregnadas de ludismo e con gosto polo imprevisto, polo inaudito. Coa

1. Salinas, Francisco. "Na poesia de preguerra", en AA. VV. *Ricardo Carvalho Calero: a razón da esperanza.* Extra de *A Nosa Terra*, Vigo, 1991, pp. 60-64.

> vanguarda criacionista comparten alguns poemas o ton propositadamente antisentimental e o pendor abstracto. Mais Carvalho, bon coñecedor da tradizón literária e devedor dela, non chega a ser plenamente vanguardista. Do criacionismo e do ultraísmo afastan-no o apego ao narrativismo e ao descritivismo e, sobretodo, a tendéncia a construir os poemas como "unidades de pensamento", en contraste co atomismo que os mellores textos daquelas tendéncias manifestas[2].

Despois dun segundo libro en español, *La soledad confusa* (1933) —o primeiro fora *Trinitarias* (1928)—, Carvalho vai ser xa un creador monolingüe[3], que dá ó prelo, en 1934, *O silencio axionllado*, libro en que desaparecen todos os residuos modernistas e co que entra de pleno no movemento vangardista: hilozoísmo, neopopulismo, abstracción e ludismo. No contexto da poesía do momento, a obra de Carvalho salienta polo erotismo e pola identificación que realiza entre muller e natureza[4].

Mais estamos no ano en que o Partido Galeguista asume a súa responsabilidade na modernización do teatro galego e no que se leva a IV Asemblea, celebrada en Ourense, un relatorio sobre el. Carvalho prepara a súa contribución a esta tarefa común escribindo a peza *O fillo. Acción dramática en dous actos, o segundo dividido en dous cadros*, que estaba entregada na editorial Nós, para a súa publicación, cando estalou a sublevación fascista; doce anos máis tarde, en 1947, gañaría con ela o Premio de teatro Castelao en Bos Aires. A peza responde ós principios máis xerais do teatro de preguerra: desenvólvese no medio rural, mais nun pazo, e aproveita elementos da cultura popular (neste caso, as panxoliñas de Nadal e o desafío amoroso). A fidalga Joana pretende alcanzar o ideal católico de unir, como a Virxe María, as condicións de virxe e nai, e interpreta como un milagre a aparición na súa casa dun neno acabado de nacer. O coñecemento da verdadeira orixe da criatura provoca nela un rexeitamento visceral que a leva a entregar o neno a unha criadiña nova, Estrela, que soña co amor e a maternidade. O conflito resólvese coa loita interior da fidalga que a conduce a reconsiderar a súa decisión e que, no plano estético e dramático, o autor plasma dun xeito realista creando a figura da Descoñecida (Joana de moza) que suplanta á fidalga.

Na mesma liña de *O fillo*, Carvalho comeza a escribir, en 1936, a comedia en tres actos *Isabel*. Aínda que non a puido rematar ata 1945, a

2. Pallarés, Pilar. *Fillo de Eva (88 poemas de Ricardo Carvalho Calero)*, Colección Esquío de Poesía, Ferrol, 1992, p. 13.

3. Loxicamente, non consideramos como indicador lingüístico o español dos poemas escritos nos cárceres franquistas polos condicionantes en que foron creados.

4. March, K. N. "A figura feminina na poesía de preguerra de Ricardo Carballo Calero", en *Grial* 75, Galaxia, Vigo, 1982, pp. 18-34.

peza nacía coa urxencia de que había un grupo para a levar a escena, polo que o autor —segundo el mesmo conta[5]—, aproveitou elementos da obra anterior, en concreto, o ambiente de pazo rural e as personaxes da criada vella e a criada nova que informan ó espectador dos antecedentes do conflicto que se vai desenvolver. Mario vive na montaña profundamente afectado pola morte da súa muller, Isabel, que, misteriosamente, se presenta na casa no final do primeiro acto; no segundo, reciben a visita dun vello amigo, Quiroga, que coas súas preguntas sobre a dona do pazo parece coñecer o misterio que envolve a súa resurrección; por fin, no terceiro, desvélase o misterio: a segunda Isabel fora contratada polos amigos de Mario para o tirar da súa melancolía; mais o que non deixaba de ser unha broma de mal gusto foi aceptado polos protagonistas como realidade, caendo o pano sobre un Mario e unha Isabel que asumiron plenamente a ficción.

Se ben *O fillo* estaba máis cerca das vangardas por mor das escenas simbolistas da entrega do neno e a aparición da Descoñecida, *Isabel* resulta máis actual polo xogo do teatro dentro do teatro, a suplantación da personalidade e as relacións entre ficción e realidade. De todos os xeitos, ambas forman parten do teatro de preguerra, e dentro das liñas que a esa altura se propuxeron para a renovación da escena galega, Carvalho optou polo simbolismo, como Risco e Álvaro de las Casas, mais cunha forte pegada de Benavente. En principio, o autor rexeitounas e non foron incluídas no volume de teatro que publicou en 1971 (*4 Pezas*), mais como historiador da literatura era consciente de que, para entendermos tanto a evolución do noso teatro como a súa historia, era preciso coñecermos todo, polo que viron a luz en 1982, no volume *Teatro completo*, onde fica constancia dos anos en que foran redactadas. A súa lucidez de crítico non lle permitía ignorar as deficiencias destas pezas e tal vez por iso, cando analizou a súa propia obra dramática, dedicou á súa explicación e xustificación moito máis tempo do que ó resto da súa producción.

A década dos 40, ó regreso do cárcere, en Ferrol, foi unha época de grande actividade literaria para Carvalho Calero; sometido a control policial constante, debeu achar na escrita un refuxio onde esquecer a realidade circundante e unha forma de continuar o labor colectivo dos homes que integraban o Partido Galeguista. Inicia agora o seu labor como narrador coa novela *A gente da Barreira*[6] que, escrita case toda en 1941 —segundo declaracións do autor—, foi para el unha forma de co-

5. Carballo Calero, R. *Sobre o seu teatro*. Cadernos da Escola Dramática Galega 56, A Coruña, 1985.

6. García Negro, Mª P. "*A gente da Barreira*", en AA. VV. *Homenaxe a Carvalho Calero*. Cadernos de Medulio, Ferrol, 2000, pp. 29-32.

ñecer aquela parte de Galicia, a rural do interior, que descoñecía pola súa orixe vilega e marítima. Con ela gañou o Premio de Novela convocado pola editorial Bibliófilos Gallegos e foi publicada en 1950, de forma que ten o valor engadido de inaugurar a narrativa de posguerra.

A novela presenta a historia da Galicia do século XIX a través dunha saga familiar, a dos Frade da Barreira. A partir dun señorío creado polo esforzo individual do primeiro señor da Barreira, o fidalgo segundoxénito don Ramón Frade, os seus descendentes irán embrutecendo ó tempo que consomen e estragan terras, poder e señorío, deixando paso a unha nova clase social que, ou ben procede do exterior, ou ben baseou a súa fortuna no crime. Do vello orgullo fidalgo ficará como única pegada o que garda unha descendente bastarda da casa. Retrato sociolóxico dunha turbulenta etapa da nosa historia en que as clases dirixentes, divididas polo carlismo, non quixeron ou non souberon capitanear as transformacións económicas, sociais e políticas que deberían ter levado á modernización de Galicia, porque a terceira xeración dos Frade identifica con "paifoquismo" o se manteren ligados á terra e optan por se transformar en funcionarios. Este desligamento é o que sinala as causas externas que condicionaron a incorporación de Galicia ó mundo do século XX.

Tematicamente *A gente da Barreira* enlaza coa narrativa de preguerra, co Otero de *Os camiños da vida* ou *O mesón dos ermos*, na procura dunha explicación á situación económica, social e política do país na primeira metade do século XX, mais tecnicamente afástase da narrativa oteriana no sentido de que carece dos elementos románticos desta e tampouco idealiza a sociedade que describe. A obra de Carvalho debe ser encadrada no movemento neorrealista vixente na arte europea da época, o retrato da sociedade é obxectivo, as motivacións dos personaxes son fundamentalmente económicas e, por tanto, o movemento de clases sociais tamén. Na mesma órbita neorrealista, o relato *Os señores da Pena* narra unha outra saga familiar en que o erro fidalgo de procurar herdeiros de sangue e liña masculina —aínda que vaia en detrimento da terra— é emendado pola habilidade dun labrego sen recursos que saberá manter riqueza e poder. Nestes primeiros textos narrativos apunta xa unha técnica que alcanzará o seu maior desenvolvemento en *Scórpio* e que ten un antecedente en Castelao: a estructuración da materia narrativa en pequenas secuencias. Quizais pola data de publicación (1950) o neorrealismo que inauguraba Carvalho non tivo continuadores.

A estas novelas que enlazaban coa tradición, seguiron unha serie de relatos, uns máis breves que os outros —que non verán a luz ata moito máis tarde—, en que Carvalho pasa da reflexión sobre a historia de Galicia á lembranza da súa propia biografía. Sobre *O lar de Clara*, o propio autor declarou:

> Son páxinas escritas para loitar contra a destrutora hostilidade dun tempo baleiro e adverso que habia que encher e conjurar coa actividade que nos defende de nós mesmos e do mundo circunstante[7].

Tanto *O lar de Clara*, como *A chuvia das pitas* e *Os tombos* recollen experiencias persoais: o mundo da nenez do autor é recuperado como catarse persoal e como paraíso perdido. *O lar de Clara* está escrita en primeira persoa; un emigrante regresa despois de corenta anos á súa cidade natal, Ferrol, e rememora a súa infancia, de forma que o autor empírico e o autor textual se identifican, da mesma maneira que o narratario, el mesmo, fica especificado na secuencia "Un home vai lembrar". Neste relato Carvalho utiliza de novo técnicas narrativas que desenvolverá, perfeccionadas, en *Scórpio*, pois inclúe reflexións sobre o acto de escribir e o seu fin último. Máis breves, e tamén máis ledos, son *A chuvia das pitas* e *Os tombos*, contos curtos en que o narrador, tamén en primeira persoa, conta dúas anécdotas da súa infancia. O mesmo protagonista infantil ten *A cigoña*, mais agora estamos perante un narrador omnisciente que relata unha historia inspirada en crenzas das culturas nórdicas, non vivida senón escoitada.

Poeticamente, a transición entre o escritor de preguerra e o Carvalho madurecido pola terrible experiencia da guerra e as represalias posteriores está representada por dous poemarios, *Anjo de terra* (Pontevedra, 1950) e *Poemas pendurados dun cabelo* (Lugo, 1952) que, a pesar da súa data de publicación, están integrados por textos redactados, na maioría dos casos, entre os anos 1934 e 1939. O que fora unha incipiente procura do Absoluto nos libros anteriores transfórmase agora nunha reflexión máis fonda sobre a condición do home, "anxo de terra", expulsado da cidade dos verdadeiros anxos (o "azul"), que non acepta a súa condición de desterrado porque non é capaz de gozar plenamente do mundo no que foi recluído (o "verde"). A loita entre contrarios, presente xa nos libros anteriores, vaise conformando como elemento esencial deste mundo poético. A presencia da reflexión sobre o amor e a recreación sensual no corpo feminino seguen presentes, así como a radical diferencia entre Home e Muller, definidos en dous poemas de *Anjo de terra*. El non pode gozar da vida por mor da súa arela de transcendencia, mentres Ela acepta plenamente o "verde" e intégrase nel.

O abismo que afasta ó Home da Muller, e por tanto a imposibilidade do amor, ficou plasmado en forma de drama no "auto en tres escenas con epílogo-prólogo" *A árbore*, escrito no ano 1948. Ó longo de tres escenas idénticas —datadas en 1908, 1928 e 1948—, o Home, que vai madurando e avellando co paso do tempo, dialoga coa Muller, eternamente

7. Carballo Calero, R. *Narrativa completa*. Ed. do Castro, Sada (A Coruña), 1984, p. 11.

conxelada nos dezaoito anos, que responde ás palabras de amor con tópicos, mostrando a superficialidade máis banal e unha grande asimilación do código moral e social establecido. O "epílogo-prólogo", datado "fóra do almanaque", explica estas situacións escenificando o momento en que Eva consegue, con engano, que Adán coma do froito prohibido. Fronte ós soños do Home, os valores materiais da Muller; fronte ó coñecemento de El, a submisión de Ela ó socialmente correcto:

> Quizá se non tivese un primo trémulo, unha nai asisada, houbese sido miña fai vinte, fai cuarenta anos[8].

Na mesma liña de reflexión sobre as relacións home/muller xira a comedia en tres lances *A sombra de Orfeu*[9], datada tamén en 1948. Ten en común con *Isabel* ser unha comedia psicolóxica, mais agora Carvalho vaise deter moito máis no deseño dos caracteres. A acción desenvólvese nunha casa rústica habilitada para estudio de artista onde un home se vai enfrontar con tres mulleres, mentres outras tres desempeñan o papel de coro. Rafael, admirado e atractivo compositor, déixase retratar pola súa muller, Mariana, e mais por unha discípula desta, Magdalena; a rivalidade das dúas pintoras sobrepasa as fronteiras do artístico porque a que o amou plasma o seu rancor e a que o ama a súa devoción, ó tempo que el se deixa coidar por Luísa, especie de criada-secretaria que renunciou á posible gloria por servir ó mestre. Tres tipos femininos: Mariana, a muller independente que non consente en ficar subordinada á carreira do seu home; Luísa, a escrava submisa que renuncia a todo, mesmo ó amor físico, por se manter a carón do amado; e Magdalena, a fermosa deusa fatal que aposta arriscadamente pola seducción planificada. Das tres posibilidades, Rafael opta por Luísa; en palabras do propio Carvalho:

> Orfeo refuga ser devorado polas feras que o ameazan coas fauces da sua feminidade enervante, e o Mestre conserva so ao seu carón a feminidade da sua fiel e digna colaboradora, feminidade sublimada en dedicación profisional, e que so a costa desa sublimación mantén a privilegiada posición de sombra familiar do Mestre, a quen non inquieta e que, naturalmente, a estima como preciosísimo coadjuvante da sua obra[10].

Da comedia psicolóxica de técnica realista, Carvalho salta, tamén en 1948, ás técnicas da farsa. Non sabemos se a esa altura coñecía *Os ve-*

8. Carballo Calero, R. *Teatro completo*. Ed. do Castro, Sada (A Coruña), 1982, p. 156.
9. Marco, A. "Rafael-Orfeu: a sombra dun mito", en AA. VV. *Ricardo Carvalho Calero: a razón da esperanza*. Extra de A Nosa Terra, Vigo, 1991, pp. 84-88.
10. Carballo Calero, R. *Op. cit.*, 1985, p. 8.

llos non deben de namorarse, de Castelao, mais o certo é que *A farsa das zocas*[11] coincide con ela na mestura de elementos populares con elementos cultos, no expresionismo e na estilización da materia dramática. Esta peza de Carvalho encaixaría perfectamente no Teatro de Caretas con que Castelao proxectaba renovar a escena durante a II República, e para o que Otero redactou os textos que conforman o volume *Teatro de máscaras*. Parte dun relato popular e aplícalle unha técnica que Fernández Roca cualificou de "case *naïf*": personaxes moi estilizados e dunha peza, acción lineal na cronoloxía dos feitos, autopresentación dos personaxes, interpelacións ó público... creando a impresión "dun retábulo de aldea ou dun cartaz de cego"[12] de carácter lúdico, aínda que o seu autor afirmou que podía admitir tamén unha lectura social. O primitivismo inxenuo é un efecto intencionado do autor, que botou man dos recursos do teatro chinés. Esta peza, estreada polo propio Carvalho en Fingoi, foi a máis celebrada e representada da súa producción dramática. O mesmo carácter lúdico de teatro infantil ten *O redondel*, adaptación dun drama chinés de Li Hsing-Tao, realizado en 1951 para que fose representado polos seus alumnos de Fingoi.

Durante dez anos, o traballo como docente e investigador —doutórase en 1954 e comeza a redacción da *Historia da literatura galega contemporánea*— só deixou lecer ó poeta, e en 1961 viu a luz o poemario *Saltério de Fingoi*. A crítica coincide en sinalar esta obra como un punto de inflexión na traxectoria poética de Carvalho, como un libro de madurez, como peza fundamental na súa produción, en que se privilexia a voz reflexiva na procura de transcendencia, de Deus[13]; ou incide na desolación da descuberta de que Deus —o Absoluto— non existe[14]. Concorda en que, técnicamente, alcanzou a perfección na poetización das referencias culturais, dos mitos literarios, e da combinación de metros[15]. O mesmo título está a falar xa do contido da primeira sección do poemario: unha colección de salmos ós que se tivesemos que aplicar a clasificación dos salmos bíblicos cualificariamos de "salmos de lamentación" porque Deus —a transcendencia á que aspiraba o "anxo de terra"— é néboa ("Oh néboa, néboa") ou está morto ("É estás ali —como un cadelo triste—"), polo que o home fica só con/e a terra ("Intre de soledade"); quédalle a poesía ("Ja chegou a ese tempo") feita de

11. Herrero, A. "Intertextualidade, contra-obra e reteatralizaçom", en AA. VV. *Ricardo... Op. cit.*, pp. 77-83.

12. Fernández Roca, X. A. "Carballo Calero no seu teatro", en AA. VV. *Homenaxe... Op. cit.*, pp. 23-28.

13. Herreo, A. "A procura da transcendencia en *Salterio de Fingoi*", en *Grial* 74, Galaxia, Vigo, 1974, pp. 480-89.

14. Pallarés, Pilar. *Op. cit.* 1992.

15. Salinas Portugal, Francisco *Voz e siléncio (entrevista con R. Carvalho Calero)*. Cumio, Pontevedra, 1991.

dor, mágoa e coita ("Un pouco de dor") pois non é quen de gozar plenamente da vida ("Ben quereria, certo", "Hai quen a vida leva no seu fros"), nin do amor, que tamén murcha ("¿Mais ao cabo tamén o amor") e fica só o baldeiro, a "ceibedade inútil" ("De novo aquel baleiro", "Ti que procuras a infinda liberdade"). Cerran esta sección dous "salmos de exaltación e loa": "Alto Lérez" e "Morta no mar". O título da segunda parte, "Aneis de água", ofrece tamén algunhas clave para interpretarmos o sentido dos textos pola utilización de dous substantivos que se anulan semanticamente: o símbolo do infinito e do perfecto —o círculo do anel— fica anulado pola materia con que está construído; e baixo este fermoso epígrafe quince poemas en que a ambigüidade ("E de verdade foi? Foi de verdade"), a inconcreción (Esta nada que che traio), e mesmo a ausencia de morfemas gramaticais indicadores de xénero ("Ti que ajudas nesta misa eterna") crean un clima en que o poeta pode estar dialogando ou reflexionando sobre e coa Amada, coa súa propia alma ou co Outro "eu". Esta ambigüidade, a posible dupla interpretación, tan querida e procurada en toda a obra de Carvalho, gaña intensidade cos poemas que levan título: "Muller dormida", "A Felicidade", "Esquezo", "Gañadadora" e "Praia de Coruxo", mais, significativamente, a sección cérrase co poema "E calquei a soleira bretemosa", onde a "femínea sombra", a pesar da súa mocidade, resulta ser a "nai" do poeta, quedando fronte a fronte, de novo, Home e Terra.

En "Novelo de fantasmas", constituído por oito poemas, todos con título, coidamos que o poeta reflexiona sobre as súas relacións cos outros (co mundo que o rodea, coa sociedade) e, por vez primeira, sobre a guerra e as súas consecuencias. "Rosa en maceta", beleza enxebre domesticada, manipulada, presa nos límites dun recipiente onde o seu desenvolvemento será controlado, e "Amazonas" que avanzan guiadas por "un home só entre elas, que as mandaba", afastándoas do poeta; as "Perguntas" que nunca terán resposta; os ideais que nunca serán alcanzados de "Paxaro"; a guerra en "Viage", e as súas horribles consecuencias en "Ese neno". De novo, a ambigüidade da que fai gala Carvalho, permite unha lectura máis suave e íntima porque as súas referencias son sempre femininas e utiliza, como no caso de "Rosa en maceta", tópicos da linguaxe amorosa que, dunha forma mecánica, lemos sempre nun sentido lineal. A "rosa" simboliza na tradición lírica occidental a muller e o amor, mais a "rosa enxebre" de don Ricardo vive nunha maceta, e que as roseiras puidesen cultivarse no interior dun gabinete dese xeito foi o resultado de técnicas artificiais, despois de moitas manipulacións e cun resultado sempre dubidoso e efémero. Quizais deberiamos acreditar un pouco máis nas súas palabras cando, a respecto da poesía social, declaraba:

> Non podemos rexeitar nengunha clase de temática e, se se me permite, indicarei que eu fun un dos máis activos en tratar temas sociais ou políticos, na medida en que isto era posível, nos meus versos[16].

Grande admirador da muller como obxecto estético, Carvalho non podía deixar de a observar tamén como animal social e, sobre todo, como espello das convencións morais e sociais do réxime político que lle tocaba vivir e padecer. O control, mesmo dentro das familias, que a dictadura exerceu a través das mulleres —educación, confesionarios e Sección Feminina— non podía escapar ós ollos deste intelixentísimo profesor que defendera os principios nacionalistas e republicanos e viviu sempre rodeado de mulleres. De aí que, nesta etapa da súa vida, se lle presenten a relación home/muller e o amor como un imposible, e que a responsable dese fracaso sexa sempre Ela. De feito, igual que no auto *A árbore*, o derradeiro poema da sección "Novelo de fantasmas", "Amantes", volve sobre a mesma cuestión.

O poemario abríase, como dixemos, cos salmos de lamentación que conformaban "Saltério de Fingoi" en que o poeta descubría a non existencia do Deus-Pai tradicional e cristián, mais ese baleiro vai ser substituído por unha nova relixión, por unha nova crenza, individual e propia, que se recolle na derradeira sección, en "Oratório". Etimoloxicamente, o vocábulo "oratorio" designa o armario, o compartimento de imaxes relixiosas e, neste caso, ese armario encerra as do propio poeta. É aquí onde os máis diversos mitos serán recreados, mais non como adornos culturais que despisten o lector inxenuo, senón como vivencias:

> Para min eses mitos literarios, eses mitos relixiosos que ás veces utilizo na miña poesia son vivéncias moi directas, porque me parece que expresan sentimentos, traxedias, enigmas da civilización en que estou inmerso[17].

E así, o "Rodel do Anjo do Paraíso" descobre aqueles marabillosos anxos transformados en amorais funcionarios; Helena de Troia non é cantada como a muller máis fermosa do mundo, senón como o símbolo da impunidade con que se cometen crimes monstruosos: o tempo pasará e non importarán Príamo, nin Héitor, nin Paris, nin a destrucción de Troia; o Graal segue agachado no Cebreiro, como na alma do poeta segue a brillar aquela época de esperanza que foi a República; e o poema "In memoria" non lembra ó Bautista, senón a todos os inocentes sacrificados polos caprichos dun poder perverso e absurdo. E nacen os grandes mitos contemporáneos: Gandhi, a quen o poeta di:

16. Fernán-Vello, M. A. e Pillado Mayor, Francisco. *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Sotelo Blanco, Barcelona, 1986, pp. 245-6.
17. Salinas Portugal, Francisco. *Op. cit*, 1991, p. 86.

"Ti pasaches"; e brada contra o niño de materialismo da "Urbe", símbolo da nova xeira que será reconquistada, algún día, polo "ceo" e o "verdor" das primeiras ilusións. Cerra "Oratorio", e tamén o libro, o poema "A Bacante e Dionisos", co diálogo entre a sacerdotisa e o deus das forzas irracionais do home que dá como resposta: "Ama, cala e atura..." Atento sempre ós movementos da época en que vive, aínda que sen seguir modas e lugares comúns, Carvalho ofrece neste libro posiblemente a mellor poesía existencialista da literatura galega e, desde logo, a máis orixinal de todas.

A mesma desesperanza existencialista inspira, en 1969, o *Auto do prisioneiro*. Aínda que a respecto desta peza se ten falado de Kafka, Sartre e Beckett, o propio Carvalho afirmou que responde ás liñas do auto sacramental español, mais actualizado no ambiente e encarnando os personaxes alegóricos en seres individuais: un Prisioneiro semellante ó calderoniano Segismundo que procura en toda parte comprobar empiricamente a existencia dese Director que din é o seu pai. Os argumentos que se utilizan para o facer desistir do seu empeño variarán segundo o personaxe interrogado: para o Guardián, a figura máis baixa na escala social, é unha procura absurda porque a felicidade radica en que alguén decida por ti; o Oficial utiliza a argumentación de que se o sistema funciona é porque existe un Director que dá as ordes, e atribúe a "doenza" do prisioneiro ó funesto costume de pensar; a Nai intenta que acepte a súa situación apelando á resignación cristiá; os Amigos e Amigas envexan a súa forma de vida polas comodidades materiais que posúe; e Laura, que cobre as necesidades eróticas do Prisioneiro e aspira a substituír ó Director nas súas ansias, visto que as armas de seducción tradicionais non abondan, desprega unha nova: o pseudointelectualismo conseguido nas aulas universitarias.

A obra desenvólvese no día en que o Prisioneiro cumpre trinta simbólicos anos e ábrese coa visita, mentres el dorme, dunha Nena que lle anuncia que esa será a derradeira xornada da súa vida. No fondo da cela permanecerá sempre fechada a porta que comunica coa Dirección, e durante toda a obra o Prisioneiro intentará directa, ou telefonicamente, porse en contacto con ela. A través, sobre todo, das figuras femininas o autor realiza unha demoledora crítica da sociedade de consumo e, outra volta, do mundo feminino, polo que facilita unha interpretación sociolóxica da peza. De todos os xeitos, a derradeira visita que recibe o Prisioneiro volve ser a da Nena para lle ofrecer un xarope que acougue o seu espírito, é a Morte e, no último alento, soa o teléfono e comeza a se abrir a porta; mais no seu interior, que o Prisioneiro xa non pode ver, non hai nada, só baleiro. Este final permite que cada espectador/lector realice a súa interpretación: a porta abriu, por tanto, o ser humano coñece a Deus despois da morte; ou ben, detrás da porta

non hai ninguén, por tanto, Deus non existe. De novo a ambigüidade carvallana; do mesmo xeito que a Nena, a Morte, pode ser aceptada negativa ou positivamente, segundo a vexamos como o terrible mal que remata a vida, ou como o sono que nos proporciona a paz definitiva, a fin da mágoa, da coita e da angustia.

O *Auto do prisioneiro* foi publicada, con *A árbore, A sombra de Orfeu* e mais *A farsa das zocas*, en 1971, nun volume titulado *Catro pezas.* Desde este ano ata 1980, data da súa xubilación, o labor ensaístico ocuparía case todo o seu tempo, mais nese ano sae do prelo *Pretérito Imperfecto (1927-1961)*[18], volume onde recolle toda a súa producción poética anterior publicada en forma de libro. Desde a perspectiva dos setenta anos e coa cultura e os coñecementos dun sabio, Carvalho elimina os textos que non considera dignos de permaneceren, realiza algunhas modificacións e actualiza a ortografía de todos os seus poemarios anteriores. Ese mesmo ano, e como reflexión sobre a transición política desenvolvida para que o Estado español pasase, sen demasiadas mudanzas, da dictadura franquista á monarquía borbónica, Carvalho redactou a que el consideraba —e concordamos totalmente— a súa mellor peza dramática, *Os xefes.*

A pesar de que o autor a definiu como "comedia política", quizais fose máis acertado cualificala de drama. O primeiro acto desenvólvese no cuartel xeral do exército branco que está sitiando Gaibor, capital de Gurlandia; os xenerais que compoñen a Plana Maior do exército do Xeneral Brañas comentan a situación xeográfica da cidade e a situación da guerra, Brañas dá instruccións sobre a estratexia de ataque ó seu lugartenente, e cérrase o acto cunha rolda de prensa do Ministro de Información. O segundo acto, á mesma hora do solpor que o anterior, transcorre no campo contrario, no dos sitiados, o do exército negro comandado polo Xeneral Dragón, e as situacións son as mesmas: comentario por parte dos xenerais da situación bélica, confidencias de Dragón co seu home de confianza e entrevista da Ministra de Información coa única periodista á que lle foi permitido cruzar o sitio en representación de todos os seus colegas estranxeiros. Tanto polo discurso dos militares como dos políticos é doado identificarmos o exército branco coas forzas sublevadas no 36, e o exército negro coas forzas republicanas: os primeiros autoproclámanse defensores da tradición cristiá, do culto á patria, do honor militar e das virtudes familiares, acusando ós segundos de seren ateos, anarquistas e destructores da familia e da propiedade privada. Mesmo os brancos utilizan frases de Mola e Franco, e en boca da Ministra dos negros están os lemas anarquistas do 36 ou o lendario

18. Herrero, A. "A poesia de Ricardo Carballo Calero (1927-1961)", en AA. VV. *Homenaxe... Op. cit,* pp. 19-22.

"Non pasarán". A derradeira pregunta que os xornalistas fan ós ministros é se existe a posibilidade dunha paz negociada, e ambos responden contundentemente que non.

O terceiro acto desenvólvese de mañá, nunha Embaixada estranxeira. A través dun Diplomático e a súa Secretaria sabemos que se asinou un armisticio e que, clandestinamente, Dragón e Brañas celebrarán unha entrevista; nela os xenerais, despois de se ofreceren mutuamente unha rendición honrosa que ningún acepta, chegan a un acordo: sexa cal for o resultado da guerra, o vencedor suprimirá os elementos radicais do seu bando —ben a extrema dereita ben a extrema esquerda— e realizará unha política de centro. Entenden ambos que esa guerra civil non é máis que a primeira parte dunha outra guerra que rematará no futuro. A respecto da interpretación deste acordo, Carvalho afirmou:

> Pódese pensar: dous homes de honor con verdadeiro sentido patriótico. Ou tamén: dous xefes que pactan un engano ás masas que os apoian. Unha apologia da democrácia ou unha sátira da oligarquia[19].

Tamén se preocupou Carvalho de indicar que, se ben os primeiros actos estaban localizados na Guerra Civil, o verdadeiro cerne da obra radicaba nese acordo político en que os Xefes resultaban ser ideoloxicamente idénticos, e que ningún estaba disposto a permitir a existencia da banda extrema da súa ideoloxía polo que, en realidade, planificaban un golpe de estado. Tendo en conta o que aconteceu na denominada Transición, a lectura da obra debe realizarse en clave actual, non histórica. En 1986, Carvalho mantiña a mesma opinión sobre a política do momento:

> En muitos aspectos, a política oficial parece inspirada pola crenza de que é xurídica e moralmente aceitável unha filosofia segundo a cal a disidéncia, a oposizón, pode e debe ser eliminada, o cal, naturalmente, é absolutamente erróneo dentro dun sistema que pretendemos democrático e liberal[20].

Estructuralmente, a peza é unha homenaxe a Castelao, a *Os vellos non deben de namorarse.* Dos tres actos que compoñen a obra, o terceiro foi o primeiro que escribiu, igual que aconteceu con *Pimpinela.* Dragón e Brañas son encarnacións dun mesmo "personema"[21], son actantes do Xefe, como o grupo de xenerais, tanto brancos como negros, son encarnacións do Militar; e o Ministro e a Ministra, do Político; os xornalistas desempeñan aquí o papel do Coro de Mulleres de Castelao,

19. Carballo Calero, R. *Op. cit.*, 1985, p. 11.
20. Fernán-Vello, M. A. e Pillado Mayor, Francisco, *Op. cit.*, 1986 p. 234.
21. Carballo Calero, R. *Escritos sobre Castelao.* Sotelo Blanco, Barcelona, 1989, esp. pp. 233- 99.

é dicir, a voz do pobo que, nesta ocasión, en lugar de opinar expón as súas dúbidas e pregunta o que quere saber. A pesar disto, tamén como nos *Vellos...*, eses personaxes presentan trazos que os individualizan e así, os xenerais negros falan de soberanía nacional e democracia, e os brancos de honor e patria; ou o mundo do campamento branco é exclusivamente masculino, mentres no negro as mulleres teñen un papel semellante ó dos homes. É máis, mesmo se aplicamos a *Os xefes* a análise estructural que Carvalho aplicou ós *Vellos...* achamos novas equivalencias; as situacións da obra do ferrolán son:

1. Comentario dos xenerais sobre a situación da guerra.
2. Confidencias do Xefe ó seu segundo.
3. Rolda de prensa.

Mais tampouco se presentan na mesma orde nos distintos actos: no I temos 1, 2, 3, mentres no II o que hai é 1, 3, 2. Non era *Os xefes* a primeira homenaxe literaria de Carvalho a Castelao pois, o ano anterior, en 1979, tratou o tema do amor do Vello pola Moza no precioso texto *Aos amores serodios.* Formado por seis secuencias numeradas e con título, o texto é unha arriscada mestura de ensaio, relato e poesía. Ábrese cunha reflexión sobre o que quixo ou non quixo dicir Castelao sobre os amores serodios e a propia opinión do autor sobre esa cuestión, para continuar cun relato que xira recorrentemente sobre o poema "Cabeza de deusa", incluído tamén no poemario *Futuro condicional.* Ficou moi atrás o narrador neorrealista e Carvalho procura novas fórmulas que tomarán corpo definitivo en *Scórpio*, mais mantén unha das características de toda a súa producción narrativa: a estructuración en pequenas secuencias.

En 1982 ve a luz un outro libro, *Futuro condicional (1961-1980)*, onde recolle a obra poética creada desde 1961. O volume, dividido en tres seccións —"Excalibur", "Venusberg" e "Avalón"— ábrese cun poema sen título ("Meu pasado imperfeito, meu futuro") que expón a situación do poeta: ten un "pasado imperfeito", vai cara un "futuro condicional", mais nunca gozou dun "presente perfeito"; a causa desa desventura quedará explicada no derradeiro poema do libro ("A Álvaro Cunqueiro, 1980"): non pode gozar da vida porque é un fillo de Eva —da muller que comeu o froito da árbore da ciencia—, mentres Cunqueiro era fillo de Lilith, a outra muller de Adán, —feita coma el de lama e que non coñeceu o pecado orixinal—. Entre os dous poemas, os motivos que causan esa imposibilidade de gozar da vida e as pequenas compensacións con que o poeta intenta neutralizar a súa propia esencia. Está practicamente consagrado pola crítica que as tres seccións do poemario encadran as tres liñas temáticas da poesía de Carvalho: "Excalibur" a poesía reflexiva, relixiosa e transcendente; "Venusberg" a

poesía erótica; e "Avalón" a motivación mítica, literaria e histórica, é dicir, a vea culturalista. Elvira Souto avanzou un paso máis ó considerar a poesía de carácter erótico como un dos dous conxuntos temáticos que conforman, desde a perspectiva semántica, a poesía de reflexión filosófica:

> O primeiro destes conjuntos estaria nuclearizado polo tema do encontro amoroso de carácter heterosexual e o segundo polo da consciência do desterro a que o ser é condenado no tránsito do seu existir e os equívocos que presidem o desenvolver desse curso contingente[22].

Efectivamente, tanto as reflexións sobre o encontro amoroso, como as reflexións e observacións sobre a Muller, representan momentos fuxidíos en que o poeta chega a albiscar ese "ceo" do que foi desterrado e que procura errante, de forma que a división en tres liñas ou veas semella un tanto esquemática. Coidamos que ademais desa aspiración á transcendencia, da consideración da vida como posible escenario en que os humanos representan a obra dun Autor que os move como monifates, das reflexións sobre o paso do tempo, a vellice e a morte, hai unha serie de poemas en "Excalibur" en que fala da súa propia marxinación a partir do momento en que se enfrontou ó poder. Esta reflexión, ou denuncia, é evidente en poemas como "Retíro-me, vou-me", "Vós tendes, certamente, tesouros" ou "Amigo, o teu camiño ja está andado" onde o poeta rexeita adorar novos deuses e renunciar ós seus, declara que xa non lle quedan amigos, mostra as súas cicatrices como resposta ós ataques e opta pola retirada silenciosa.

E tamén os poemas da sección "Avalón"[23] forman parte da poesía transcendente, persoal e, sobre todo, social de Carvalho, tanto cando utiliza mitos clásicos como cando comenta ou crea mitos contemporáneos. O encontro amoroso como entrada no ceo está en "Belhis", "Anquises", "O canto de Tristam"..., e o efémero desa incursión en "As mentiras. A verdade"; a traxedia do terceiro mundo que cre poder vencer coa fe e a cultura o armamento occidental está recollido en "A guerra dos seis días"; o seu propio ostracismo, en "Auletés" e "Elegia veneciana"; o fracaso das revolucións porque os revolucionarios se deixan comprar polas migallas dos poderosos, en "Babilonia", e esa Babilonia resulta ser Galicia cando o poeta galeguiza as profecías bíblicas en "Profecía de Isaias Ferreiro", e lamenta a americanización dos costumes e a servidume á moda, en "Beleza mascadora de chiclet", ou compara as nosas semi-rurais cidades coas grandes cidades doutras culturas.

22. Souto, E. "Anjo de terra", en AA. VV. *Ricardo... Op. cit.*, pp. 66-70.

23. Rodríguez Fer, C. "Mito e história na poesia de Carvalho Calero", en *Agália* 11, 1987, pp. 293-319.

Quizais a crítica, fascinada pola gran novidade que significaba o erotismo na poesía galega, esqueceu a tremenda denuncia que agachan poemas como "Maniquín negra", "Soños de amor" ou "Unha negra pequena"; ou, seducida polas fermosas referencias míticas e culturais, non foi quen de ver en "Arcadia" a ridiculización do home que cre vivir no mellor dos mundos posibles e non deixa de ser un boi; a violencia e o engano da sociedade actual en "Un mendigo correctamente vestido"; a falta de valores morais en "Consello de administración", "O grande executivo" e mesmo "Joam XIII"; e, finalmente, a amarga denuncia contra unha sociedade na que só existe o que é noticia nos medios de comunicación, en "E non te coñeceron". A vea culturalista de Carvalho non é máis que unha outra forma de expresar as súas reflexións sobre o home e a sociedade que lle tocou vivir, pois utiliza os mitos coa dimensión auténtica de ser capaces de explicar sentimentos eternos e constantes do comportamento humano.

No seguinte poemario, *Cantigas de amigo e outros poemas*[24], Carvalho escribe un dos libros máis fermosos da poesía contemporánea. Nesta ocasión non facilita pistas ó lector e as oito seccións en que está organizado o libro están numeradas, máis o propio título do volume é xa unha declaración de principios: a insensible muller da posguerra —que non era quen de estar á altura dos sentimentos do home— deixou paso á nova muller dos 80, á *amiga* actual, que "sem necessidade de reframnen paralelismo" é capaz de amar coa mesma intensidade que o poeta. O camiño cara a esta reconciliación entre home e muller fóra xa iniciado en "Venusberg", mais será aquí, nas *Cantigas de amigo e outros poemas*, onde a "Venus de contido variábel" alcance a categoría de voz poética. Francisco Salinas cualificou os textos das seccións I e II como "discurso do quotidiano"[25] porque as "amigas" son mulleres do común, fronte ás da sección III que serán mulleres míticas; esta acertada caracterización foi matizada por Elvira Souto[26] que incide no feito de que estas novas "amigas" xa non se limitan a agardar o amigo e toman as decisión por si mesmas.

De certo a sección I está composta por cantigas en que o mundo feminino do cotián toma voluntariamente a decisión de se negar ó amor ou de renacer a el ("Esquecida vivía"), mais unha parte destas "novas amigas" segue presa polo entorno social, polos valores imperantes, e en II as voces femininas cantan situacións en que esa presión social

24. Blanco, C. "A muller nas cantigas de amigo de Carballo Calero", en *Luzes de Galiza* 5/6, 1987, pp. 53-4.

25. Salinas, Francisco. "Carvalho Calero: voz que nom cessa", en *Agália* 10, 1987, pp. 206-15.

26. Souto, E. "Imagens de mulher (a representaçom do feminino nalguns poemas de Carvalho Calero)", en *Agália* 18, 1989, pp. 138-53.

condiciona a súa conducta perante o amor, ou expresan sentimentos socialmente reprobados: a muller violada que non se atreve a confesar que gozou en tan salvaxe acto, a amante que envía a unha amiga para que a substitúa no leito do amado, a moza que non aceptaría o home vello que a mira, a que casa sen amor porque non foi correspondida, a casada que soña esperta con outro, a que opta polo suicidio, a que ama a quen a maltratou e acabou por asasinala... Esta muller que é capaz de amar e renunciar ó amor tamén estaba reflectida na mitoloxía literaria e eses mitos son os que conforman a sección III: Brangel, a segunda Isolda, Maria Mancini, Constança Mozart e Mrs. Strauss.

Como contrapunto a esas cantigas de amigo, a sección IV dá paso á cantiga de amor; a voz masculina encárnase primeiro en Tristam para deixar paso inmediato á voz directa do poeta. Esta brevísima parte —catro poemas— cérrase cun texto "Calquer lugar é bom para morrer" onde amor e morte preparan o lector para o contido da sección V, en que se produce a identificación total entre amor e morte a través da figura da muller fatal ("Hatseput", "Pentesilea", Helena...), do soño cabaleiresco ou dos amores contrariados dos amantes de Verona. Mais, a pesar diso, a alma dun poeta non renuncia ó soño, sexa a vella tola "que agora escreve poemas que nom lê ninguem", sexa o propio poeta que fica á espera de Artur, Sebastián e Federico.

Esa vellice á espreita, anunciada na sección V, preside todos os textos que conforman a sección VI. Desde o desterro da idade rememora as "raíñas" gozadas, observa pola televisión a beleza dos corpos, aconsella gozar da vida mentres se poida e reivindica os amores serodios. E desa relación consigo mesmo, coas súas obsesións poéticas de sempre, Carvalho pasa, na sección VII, ás súas relacións co mundo exterior: reflexiona sobre a arte contemporánea, saúda á nova xeración de poetas, e volve a mirada sobre o vivido para se achar no desterro social ó que foi condenado polos propios compañeiros de viaxe ("Criámo-nos juntos, e parecia que éramos", "E agora teño a mesma idade"...), sen resposta para as vellas preguntas ("Irei-me sem sabê-lo"), e coa constancia de que "nom che hai rosas, hai-che espinhas". Desde as últimas voltas do camiño, agarda a Morte, e esa espera conforma a derradeira sección do libro, a VIII: pregúntase se a morte será como a vida vivida e confirma que xa é tarde de máis para emendar nada. Doenza, soidade e tempo vital a punto de se esgotar, mais no último alento "ainda poderia, / se os males nom vinhesem todos juntos, / um ano, um mês, um dia ser feliz".

No derradeiro poemario, *Reticências. (1986-1989)*, publicado en 1990, ano do seu pasamento, Carvalho volve titular as seis seccións que o conforman. "Néboa de sol" abre o libro con esa contradicción semántica dos nomes que aparecera xa no *Saltério de Fingoi* e recolle trinta e seis poemas que xiran en torno ó sentido da vida e a natureza humana;

aparecen temas coñecidos xa polos seus lectores: a vida como representación ou como soño, os homes como xoguetes dun deus, a identificación do coñecemento coa imposibilidade de gozar da vida, o paso do tempo, os amores serodios, a soidade non procurada, a vellice, a posibilidade do suicidio... en moitas ocasións, estes temas están tratados cunha profunda ironía que culmina no último texto da sección en que o poeta fica á espera de Godot.

"Ponte de ar", segunda das sección, xira en torno a aqueles elementos que representan unha luz nas tebras da vida: o abrente dun día de primavera, o cío das aves, a infancia perdida, a relixión, a ilusión de voar... mais, en xeral, a tremenda ironía con que son tratados case todos eles leva a que esa ponte cara ó ceo que tenden estes poemas fique destruída, de aí que sexa unha "ponte de ar"; a desintegración desa ponte, desa esperanza, queda reflectida mesmo en construccións que se anulan semanticamente: "irei onte", "fun manhá". Ilusión de que existan esas pontes, mais convicción de que son falsas; eis a derradeira frase do ultimo poema: *velut sombras, sicut naves.*

Como non podía ser menos, o centro do libro está focado no amor e a muller. Na terceira sección, "As pétalas da rosa", desde a voz poética do autor, do home, do poeta que a transformou en núcleo e cerne da súa obra: a Venus de contido variable, a deusa, a morte, o innecesario artificio con que se engalana, as mulleres como diversas encarnacións da feminidade... e en resposta a esa voz masculina, na quinta sección, "Cantigas de amigo", as "amigas" responden positivamente a todas as arelas do amigo, sexa o goce momentáneo dun encontro casual, sexa a correspondencia dun amor que sobrepase a morte.

A seguir, os oito poemas que integran a sección "Arredor de si". O título, emprestado por Otero Pedrayo, dá a clave para a interpretación dalgúns poemas que sen ela poderían ser mal entendidos. O morgado que rexeita ceder os seus dereitos de primoxenitura ("Minha querida mai, mui mal me tratas") ou o ancián que se ve substituído polos fillos na Cámara do Consello ("Todos os meus filhos tenhem o cabelo branco") son transposicións literarias da situación que padeceu Carvalho cando a súa sabedoría filolóxica e lingüística foi substituída pola de xeracións máis recentes nas institucións que se encargaron de deseñar a política lingüística de Galicia na transición da dictadura á monarquía. É infrecuente na poesía de Carvalho a ira que transpasa os versos de poemas como "A maior parte desta poesía", que quizais sexa un estalido de rabia pola indiferencia e/ou cegueira con que, en xeral, foi acollida a súa obra poética; aínda que nos inclinamos máis a acreditar en que a furia teña como obxectivo a si mesmo, que sempre refreou e controlou tanto a paixón que sendo un poeta ardente, sincero, profundo e emocionado, creou a poesía máis difícil, clásica, cerebral e hermé-

tica da literatura galega. Así, non estraña que reivindique o odio ("O ódio nom é judeu nem árabe"), que en clave irónica desvele a falsidade ("Somos os pacificistas / que andamos dando guerra"), ou alerte sobre o ouro que todo o merca ("Na China"), para cerrar a sección co terrible poema ("Como pudemos") en que se pregunta cómo a súa xeración, que defendeu a República e o Partido Galeguista, puido vivir nun réxime que educou os seus fillos no odio á lingua e ó seu país e, nunha arrepiante toma de conciencia, semella arrepentirse de ter consentido en ser año para aqueles lobos.

Fecha o libro a sección "Ilha de luz". De novo o refuxio do poeta, os seus deuses privados, mais agora é consciente de que os mitos están feitos de palabras, e que as palabras non teñen demasiado valor na sociedade contemporánea, e mesmo son manipuladas de tal xeito que acaban significando o contrario do que significaban, de aí o poema "No Líbano non hai cedros do Líbano" con que se abre a sección; e a verdade de Tristán é que non xace a carón de Isolda, e só nace a parella Tristán-Isolda, unidos na lenda, unha vez que están mortos. Da mesma forma que comprende que a conquista de Xenebra vén sendo o mesmo que a descuberta do Graal, e a Muller son todas as mulleres, e o Ideal, o Soño dun poeta é único, aínda que atinxa moitas formas externas. E esa amarga lucidez permítelle a aceda ironía de se burlar de si mesmo ("Alopecia em progressom socrática"), de se cuestionar a súa opción vital a través do destino de Napoleón —que se equivocou ó abandonar a illa, porque non alcanzou o poder, senón o cárcere—, e de envexar o destino de Roger Vadim, que gozou a tantas mulleres fermosas. Quizais a esa altura da súa vida, Carvalho lamentase non ter permitido ó Outro, apaixonado e hedonista, romper as barreiras sociais e vivir en plenitude. Desherdado dos seus dereitos de morgado e substituído no Consello polos fillos, só lle quedaba observar desde fóra cómo outros pobos oprimidos iniciaban a loita pola liberdade ("Treze monges budistas").

A tendencia que mostra nos últimos anos a reflexionar sobre a propia traxectoria vital, e sobre os soños e ambicións comúns que ficaran truncados, terá outra plasmación literaria en *Scórpio*[27]. Novela fechada no sentido de que abrangue o ciclo vital do protagonista, novela realista en canto que todo o material —tempo, lugar, ambientación e personaxes— está tirado da experiencia vital do autor, e novela polifónica porque son múltiples as voces que narran. A obra está dividida en dúas partes: na primeira relátase a infancia e formación do protagonista, Rafael Martínez Pinheiro, Scórpio, e na segunda a súa vida como adulto. A técnica narrativa fica explicada, tanto na súa planificación como na

27. Quiroga, C. "*Scórpio*. História rosa e narrador polifónico", en *Agália* 12, 1987, pp. 486-8.

súa intencionalidade, a través dun dos personaxes, Salgueiro, verdadeiro *alter ego* do Carvalho escritor: estará constituída por unha serie de discursos de distintos personaxes relacionados con Scórpio ou o seu entorno, mais sen se preocupar de que ese discurso responda ó rexistro lingüístico que lles correspondería e, como narrador omnisciente, o autor coñecerá absolutamente todos os seus pensamentos cunha única excepción, os do propio protagonista. Deste xeito, vinteún personaxes na primeira parte, e vinte na segunda, irán desvelando a vida externa de Scórpio, as súas accións e reaccións, e simplemente con isto, sen coñecermos nunca o que pensa ou sente, encheremos cos nosos propios medos, arelas e soños esa parte do ser humano que sempre fica nas sombras, interpretándomos, segundo as nosas propias crenzas e principios, a súa personalidade.

Tanto desde o punto de vista individual como colectivo, Scórpio e a súa xeración, a novela foi brillantemente interpretada como viaxe heroica por Elvira Souto[28]: antecedentes familiares extraordinarios, as estadías en Santiago e Salamanca como probas que debe superar o heroe, o compañeiro (Sagitário), as dúas mulleres (Chéli e Eugénia), a terceira partida que leva á purificación na guerra, e a caída final. Na lectura de Martínez Pereiro[29] o que prima é a escrita como catarse individual, como forma de dar testemuño da verdade do interior do poeta. Ambas interpretacións son reconciliables e complementarias. Loita heroica contra si mesmo, contra a parte escura, contra os instintos, da que en absoluto sae triunfante o anxélico Rafael, que traizoa o máis estimado, segundo a tradición, dos vínculos masculinos: a amizade. En clave individual, o destino de Scórpio pódese interpretar como castigo, porque non é capaz de asumir os principios morais dunha sociedade ruín e hipócrita que ten sublimado o "pecado da carne"; de aí que sexa realmente sintomático que a única muller fermosa coa que Rafael non "cae" sexa Artemisa, solteira, e coa que non estaría obrigado á castidade por ser esposa dun amigo, dun mestre, ou irmá da súa suposta namorada.

O conflicto entre o desexo erótico —que xorde como o vento— e as normas sociais e relixiosas —que o intentan choer— é unha constante en toda a poesía de Carvalho, como o son, nos últimos poemarios, as voces femininas de Merche, Luzita, Cleo, Helena, Rosário, Rosa ou Amália; de feito, as únicas mulleres da novela que non teñen voz son Eugénia e Artemisa. Á primeira o autor non lle pode ceder a palabra, porque sería a réplica feminina de Rafael e o segredo ficaría desve-

28. Souto, E. *Viagens na literatura.* Laiovento, Santiago, 1991.

29. Martínez Pereiro, C. P. "*Scórpio* ou a moi intelixente caza-cruzada dun fantasma", en AA. VV. *Op. cit.* 1991, pp. 71-76.

lado; a segunda, Artemisa, leva no nome a clave do seu silencio: a pesar da súa fermosura física, a atracción erótica non se produce, a faísca non salta. E a traxedia xorde cando El, comprometido con determinados principios ideolóxicos, sociais, políticos, e mesmo relixiosos, descobre no seu interior ese Outro que, en materia amorosa, non respecta nada. Afogar ese Outro será o empeño heroico, e fracasado, de Scórpio. Rafael / Scórpio: un dos sete arcanxos, o que leva o nome de "menciña de Deus", e o animal que Artemisa, deusa da castidade, enviou para eliminar a Orión, o garrido cazador que ousou desexala. Dous en un, a dualidade constante do "anxo de terra", a aspiración á transcendencia e a irrefreable atracción erótica.

Desde a perspectiva colectiva, que é a que admite o autor, *Scórpio* segue o ronsel iniciado por *Arredor de si*, de Otero Pedrayo. Entón estariamos perante a biografía novelada da Xeración do Seminario de Estudos Galegos mais do que de todo o galeguismo e/ou o nacionalismo histórico, e, nesta dimensión, o tremendo destino do grupo queda recollido nas posibilidades ás que se viron abocados os seus membros: a morte (Scórpio), o exilio (Sagitário) e, dunha ou outra forma, a integración (Salgueiro) no novo réxime. Nesta dimensión, Carvalho volve á temática colectiva, á narrativa de carácter social de *A gente da Barreira*, relatando, outra volta, a destrución dunha forma de vida, dunha sociedade que camiñaba cara á liberdade. A minuciosidade con que deseña o mundo intelectual dos mozos nacionalistas na universidade republicana e a loita nas trincheiras madrileñas (adobiada polos discursos de Franco e Largo Caballero) conforman o mundo no que se desenvolve a traxectoria vital de Scórpio, unindo así o individual e o colectivo, de forma que o tráxico final do protagonista adquire a dimensión simbólica da fin dunha ideoloxía ou, cando menos, dun proxecto político: o do Partido Galeguista.

Formado nun sistema de valores en que prevalecía o colectivo sobre o individual e en que Galicia era un problema de todos, Carvalho Calero fixo gala dun pudor e dun recato que o levaron a se auto-excluír da *Historia da literatura galega* nunha época en que os artistas se autoponderan, os críticos se autocitan, e os investigadores e estudiosos parcelan a Lingua e a Literatura como se dunha propiedade privada se tratar. De aí a falta de coñecemento que as xeracións máis novas teñen da extraordinaria obra deste home que nos deixou, alén da súa producción artística e crítica, un modelo de dignidade e coherencia persoais difícil de alcanzarmos.

L. T. F.

O ideal de lingua na *Gramática* de Carballo Calero

Serafín Alonso Pintos

A *Gramática elemental del gallego común* destaca, na extensa bibliografía de Ricardo Carballo Calero, como a súa máis importante contribución á lingüística galega. Enclavada no seu contexto histórico propio, aparece como un símbolo no proceso de recuperación identitaria iniciado na Galicia da Terra na década dos cincuenta. A súa recreación dun ideal de galego escrito actúa como un pasadoiro a través do cal as iniciativas de máis éxito anteriores á Guerra Civil camiñan ó encontro do proceso que agora se desenvolve e no que esta obra terá un papel singular. Repasaremos en primeiro lugar as características básicas do deseño deste modelo de galego literario na primeira edición (1966), para comentar a continuación as modificacións introducidas en cada unha das sete seguintes, que constitúen un interesante testemuño da evolución dos estudios lingüísticos e do proceso de fixación dun código unificado para a escrita da lingua no período especialmente fecundo que vai de 1966 a 1979. Moito se ten falado sobre eses cambios e a súa posible orientación. Sen embargo, unicamente na derradeira edición formula propostas máis ou menos próximas da corrente que se coñece como *reintegracionismo*. Pola contra, nas seis anteriores o que se atopa é un deseño das liñas capitais do galego común maioritario naqueles anos, fundamentado con comentarios explicativos das escollas nos que se xustifican os motivos que levaron a optar por un ou outro camiño dos herdados da tradición do galego escrito.

O profesor aínda dirixía o Centro de Estudios Fingoi de Lugo cando recibe a encomenda de elaborar unha gramática da lingua. Era unha necesidade que se viña sentindo en diversos sectores galeguistas, como

demostran os intentos falidos da Real Academia Galega neste sentido, que non callaron pola falta de persoal especializado da institución naquela época. Así, Carballo Calero, que había uns anos publicara a súa monumental *Historia da literatura*, acepta a proposta que, nacida tamén dentro do denominado grupo Galaxia, conducirá á elaboración da obra que comentamos. Asumía deste xeito un labor que viña sendo sistematicamente eludido polos intelectuais galeguistas, conscientes dos riscos que se derivaban de afrontar unha empresa semellante nunha época na que, como recoñece o propio autor, "de muchos aspectos de la lengua gallega no sabemos científicamente nada, o sabemos muy poco"[1].

En definitiva, estamos ante un volume que aparece no panorama da década dos sesenta e setenta como un logro cultural de máis elevado valor simbólico ca estrictamente científico. Un producto editorial que cumpriu o seu papel ata a chegada da gran revolución que experimentarán o estudio e o coñecemento científicos da lingua no último cuarto do século XX. Con todo, o intento de recompilación e exposición do código maioritario da Galicia da época —o denominado *galego literario*—, conserva a súa vixencia non como testemuña, senón como xuíz e parte das iniciativas emprendidas para a reconstrucción, a unificación e o fomento do galego escrito na posguerra.

A PRIMEIRA EDICIÓN (1966)

1. *Orientación da obra*

Intención. A estudiosa Pilar Vázquez Cuesta[2] salientaba na súa recensión desta gramática a marcada vontade normativizadora que a inspiraba. *Gallego normativo*[3], *gramática normativa*[4] e expresións semellantes ilustran o espírito da publicación, que non é tanto un estudio ou unha descrición da lingua coma un ensaio de sistematización codificatoria motivado pola necesidade didáctica dun manual que auxiliase a súa recén iniciada docencia na Universidade de Santiago de Compostela[5]. Non se trata dunha gramática descritiva, senón dunha gramática normativa, de inspiración clásica[6].

1. Carballo Calero, R. *Gramática elemental del gallego común.* Galaxia, Vigo, 1966, p. 16.
2. Vázquez Cuesta, P. "A propósito da *Gramática gallega* de Carballo Calero", en *Grial* 16, Galaxia, Vigo, pp. 192-96.
3. *Ibidem*, p. 12.
4. *Ibidem*, pp. 62 e 155, n. 96.
5. "En 1966 publica-se, efectivamente, a primeira edizón da miña *Gramática*. É unha gramática concebida como instrumento de traballo nas clases, nas aulas de Língua Galega que estaban ao meu cargo" (Fernán-Vello, M. A. e Pillado Mayor, F. *Conversas en Compostela con Carballo Calero.* Sotelo Blanco. Barcelona, 1986, p. 175; Blanco, C. *Conversas con Carballo Calero.* Galaxia, Vigo, 1989, pp. 96, 100, 179.
6. Santamarina, Antón. "Gramática", en *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. XVI. Silverio Cañada, Santiago de Compostela/Gijón, 1974, pp. 191-95.

Deste xeito, o ánimo que inspira a publicación é a pretensión de incidir no código escrito (literario), presentando un arquetipo para a súa utilización práctica:

> La ejecución del propósito a que responde este libro, ofrece particulares dificultades, algunas de las cuales han sido ya insinuadas en las páginas que anteceden. La fijación de una lengua literaria no es normalmente resultado de la opinión individual o colectiva de filólogos, gramáticos o cualesquiera personas u organismos interesados en estos problemas[7].

Lingua literaria, lingua modelo. Carballo Calero identifica lingua escrita (culta) con lingua literaria. Na outra beira sitúa a dimensión dialectal, para el equivalente en moitos casos a vulgar. A exposición pode resultar simplista, pero dá conta do criterio que subxace en moitas das escollas:

> Mientras no se *fijan literariamente*, las lenguas viven siempre en estado de fragmentación dialectal.
> [...] fijar el esquema de un ideal lingüístico que relegue a la condición de *hablas vulgares o dialectales* las formas que se aparten de aquel ideal[8].

Sobre esta base (lingua culta = lingua literaria / lingua vulgar = lingua oral-dialectal), constrúe toda a súa proposta de codificación da lingua escrita, descualificando como *dialectais* as formas que non considera merecentes de ser incluídas nunha gramática normativa. Se a lingua literaria dos autores consagrados actúa como canon na selección de formas e solucións, é sobre as súas manifestacións futuras sobre as que se pretende incidir: "Es el gallego culto, el gallego literario, que aspira a ser un instrumento cabal de cultura, el que realmente nos interesa"[9].

Carácter da proposta. Cando o autor opina sobre a obra no corpo do texto os seus comentarios xiran arredor de dous parámetros básicos que semella asumir de maneira consciente e que poderiamos sintetizar en dúas palabras: *provisionalidade* e *elementalidade.*

O traballo de selección de formas para a fixación dun código de referencia constitúe unha tarefa difícil en 1966. En espera de solucións e evolucións futuras, as propostas que se ofrecen teñen un talante *provisional*:

> Esta Gramática será, pues, un ensayo de sistematización que se ofrece como una aportación a una tarea que nunca podrá considerarse terminada, pues la vida del idioma no se detiene jamás. Por

7. Carballo Calero, R. *Op. cit.*, 1966, p. 15.
8. *Ibidem*, pp. 21 e 10, respectivamente. A cursiva é nosa.
9. *Ibidem*, p. 13.

> eso la concebimos como un trabajo modesto y *provisional*, susceptible de rectificación en cada edición nueva, según las luces que la experiencia ulterior nos proporcione, y las ilustraciones que nos ofrezca la colaboración de la crítica[10].

A dimensión *elemental* define os contidos descritivos que se ofrecen. Condicionado por unha banda polo descoñecemento persoal da realidade viva global da lingua e pola outra pola ausencia case total de estudios ó respecto, o autor vese moi limitado no seu labor:

> Este libro, por su misma índole, no puede aspirar a llenar los vacíos existentes mediante investigaciones que desnaturalizarían su finalidad. Su propósito es, con la orientación indicada, y basándose en el estado actual de los conocimientos sobre la materia, ordenar ésta en la forma más clara posible[11].

O criterio de autoridade. Aínda que é o parecer do propio Carballo o que rexe na elaboración da obra, acode para xustificar as súas decisións ó criterio de autoridade. E entre as que se mencionan, ó lado dos lingüistas abundan as alusións a escritores e escritoras.

Entre os primeiros salienta, como máis veces citada, a figura de Saco e Arce. A importancia do ilustre ourensán na obra é básica[12]. Ó lado das frecuentes mencións a Saco, que case chegan a vinte, o resto dos lingüistas a penas aparecen citados unha ou dúas veces cada un.

Dos escritores e escritoras, non é difícil intuír quen van ser os máis nomeados. Evidentemente, por orde de frecuencia nas aparicións textuais, Rosalía, Pondal e Curros. Se a maioría das alusións a Rosalía e ó resto dos escritores son para citar exemplos, as escollas da lingua literaria da autora de *Follas novas* inflúen tamén nas decisións que toma para o seu código normativo[13].

2. *A presencia da tradición*

Carballo Calero enuncia as súas recomendacións con consciencia dos pasos previos da historia da codificación do galego. Dela recolle o que considera as tendencias maioritariamente aceptadas, que agrupa e ordena para o público da época. Citamos a continuación algúns puntos

10. *Ibidem*, p. 14. A cursiva é nosa.

11. *Ibidem*, p. 16.

12. Santamarina, A. *Op. cit.*, 1974, p. 194. Regueira Fernández, X. L. "Os estudios de lingüística galega", en Lorenzo, R. e Álvarez, R. (coords.). *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta.* Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1996, pp. 47-67.

13. A forma *antre* para a preposición escollese por ser esa a rexistrada en Rosalía, pese a recoñecer que *entre* é maioritaria (Carballo Calero, R. *Op. cit.*, 1966, p. 181, n. 187). A elección de *antre* mantívose inalterada no resto das edicións.

onde a presencia da tradición se percibe de maneira máis sinalada, vendo cáles son e de qué xeito se asumen:

— Conforme vén sendo xeral desde o Rexurdimento, a ortografía galega baséase na do castelán: "Resulta, por todo ello, y en conjunto, más adaptable para el gallego la ortografía castellana que la portuguesa [...]"[14].

En todas as gramáticas da lingua galega é perceptible, aínda que de maneira distinta, a presencia do castelán[15]. Neste sentido, a de Carballo Calero non constitúe ningunha excepción. Sen embargo, a intención de escribir para ser entendido por xente formada na gramática do castelán transcende a escolla deste como lingua de redacción e ocupa a maioría dos comentarios de gramática comparada do texto[16].

— É, con todo, consciente da influencia que na fala vén exercendo o castelán. Deste xeito, son frecuentes as alusións á forte acción da lingua castelá sobre o galego oral e á conseguinte necesidade de filtrar as contribucións desta fonte antes da súa rendibilización na lingua escrita culta: "En su estado actual, el gallego rústico [=oral] tiene que ser depurado y completado para convertirse en lengua literaria"[17].

— Aínda que con vacilacións e desviacións, a procura dunha lingua común que, baseándose na fala real, se sitúe por riba dela como vehículo de cultura, vén desde o século XIX: "La lucha por una lengua literaria que no sea extraña al habla viva, pero que la supere como medio artístico, se viene sosteniendo desde el Renacimiento, con notables oscilaciones de criterio"[18]. O coñecemento e toma en consideración das *oscilacións de criterio* que se rexistraron no camiño da codificación reforza a validez histórica da súa proposta como elo de unión entre os usos gráficos de preguerra e os de posguerra.

— Ó tratar os dialectos, considérase que na actualidade galego e portugués son dúas linguas distintas cun pasado común: "El gallego, considerado ya como lengua autónoma desprendida del tronco gallego-portugués, ofrece, naturalmente, variedades dialectales"[19].

— No proceso de perfeccionamento ó que debe someterse a lingua oral para acadar a dignidade literaria, o portugués e mais ó galego medieval aparecen como fontes principais de renovación vocabular. "Fuera de los castellanismos que se quieren excluír [da lingua literaria], sólo los arcaísmos y los portuguesismos pueden llenar las lagunas que se observan"[20].

14. Carballo Calero, R. *Op. cit.*, 1966, p. 29.
15. Santamarina, Antón. *Op. cit.*, 1974, p. 195.
16. Regueira Fernández, X. L. Op. cit., 1996, p. 55.
17. Carballo Calero, R. *Op. cit.* 1966, p. 32.
18. *Ibidem.*
19. *Ibidem.*
20. *Ibidem.*

Carballo Calero lembra a orixe decimonónica da práctica:

> Pero el gallego que aspira a ser normativo, ya desde Juan Manuel Pintos muestra un prurito de casticismo. Rosalía de Castro supone más bien una concesión al gallego vulgar. Pondal y los escritores que le siguen, alimentan un propósito firme de restauración, y entonces, junto a la reactualización del arcaísmo, aparecen los préstamos del portugués[21].

— A pesar dalgunhas solucións léxicas presentes na lingua portuguesa e no galego medieval, afirma que non é conveniente facer concesións innecesarias ó portugués, especialmente nos casos onde existe naquel, segundo o autor, unha influencia da lingua de Castela:

> Algunos escritores emplean la forma castellana *el* delante de los sustantivos *rei* y *señor* 'Dios', imitando la lengua arcaica. Es una afectación extemporánea, y poco importa que el portugués conserve restos de este castellanismo o leonesismo anacrónico[22].

O profesor establece de maneira clara as diferencias entre galego moderno, galego medieval e portugués:

> [falando do uso do artigo determinado cos posesivos] En cambio, a diferencia del portugués, el gallego común no admite la supresión del artículo en ciertas frases tradicionalmente consagradas como modos adverbiales, y que constituyen un inventario cerrado: portugués *em meu nome, a meu cargo, por minha vontade*; gallego *no meu nome* 'en mi nombre', *ao meu cárrego* 'a mi cargo', *pola miña vontade* 'por mi voluntad'.
>
> Lo más gallego, es, pues, hoy, mantener en todo caso el artículo delante del posesivo, salvo en los vocativos. El gallego histórico no mostraba tal rigidez[23].

— Maniféstase explicitamente en contra dunha solución ortográfica etimolóxica. Reproducimos íntegro o longo parágrafo no que explica os motivos da súa elección:

> El fonema *š* se representa por *x*. El intento de ortografía etimológica, que utilizaría *g*, *j* o *x*, es incongruente, pues sería arbitraria la elección de cualquiera de estos símbolos en el caso frecuente de que no hubiera ninguna de esas letras en el étimo: PERSĬCU >*pexego*, PASSĂRU >*paxaro*, CAPSŬLA >*caixa* [*sic*]. Además, si FUGĔRE puede reflejarse en *fugir*, FUGIO no puede estar representado en la escritu-

21. *Ibidem*, p. 25.
22. Carballo Calero, R. *Op. cit.* 1966, p. 111, n. 16. Non dubida, ademais, en desbotar determinadas formas considerándoas portuguesismos (*Ibidem*, p. 44, n. 3).
23. *Ibidem*, p. 202, n. 1.

> ra por *fugo*, pues *go* no se lee **šo**. El modelo del gallego medieval o del portugués no sirve, pues en la lengua arcaica y en la actual del vecino país, g^e, g^i, *j* representan una palatal sonora **ž**, que el gallego moderno no conserva, y que no siempre corresponde a *g* o *j* en latín. Es decir, que hay razones fonéticas para que se empleen siquiera dos grafías; pero en nuestro caso tenemos un solo fonema, y no parece lógico ni práctico exigir erudición filológica al que escribe[24].

— Outro dos herdos negativos da tradición na procura do código estándar que cómpre desbotar é o *diferencialismo*: "La forma *-mentes* del sufijo fue preferida por algunos escritores en los años veintes [*sic*]: *somentes* 'solamente'. Era el prurito de diferencialismo, como mecanismo de defensa contra la castellanización"[25].

— A busca do *purismo* lingüístico que elimine os castelanismos é tamén unha constante desde os primeiros intentos do Rexurdimento, que é de onde arrinca o desexo dun galego común: "Pero con el renacimiento de las letras gallegas en el siglo XIX, apareció un *ideal de pureza* que poco a poco fue reaccionando contra los castellanismos"[26].

En síntese, Carballo Calero selecciona das iniciativas que foran aparecendo para unificar a escrita as que considera que merecen ser continuadas. Polo seu carácter panorámico, que obriga ó autor a pronunciarse nos principais asuntos relacionados coa grafización da lingua; polos seus comentarios xustificatorios das decisións tomadas (especialmente importantes naqueles casos onde a tradición coñecera posibilidades distintas das aquí elixidas) e por representar no esencial o ideal de galego escrito do momento, esta obra ocupou durante moitos anos un oco necesario no mercado editorial, do que non a desprazarán nin a aparición da gramática de Carré nin a reedición da de Saco (1967), carentes as dúas das relacións co contorno sociolingüístico e socioliterario da nosa.

OS CAMBIOS

En 1968 sae do prelo a segunda edición. Comeza deste xeito unha tarefa de revisión constante que provocará a ampliación progresiva do libro en cada nova entrega. Cada unha delas rexistrará, en diferente medida, matizacións, engadidos ou supresións. Débese sinalar, con todo, que o corpo da obra se mantén, en liñas xerais, en cada unha das sete[27]. In-

24. *Ibidem*, p. 78.
25. *Ibidem*, p. 175, n. 161.
26. *Ibidem*, p. 25. A cursiva é nosa.
27. Henríquez Salido, María do Carmo. "As 'rectificaçons' nas ediçons da *Gramática* do Profesor Ricardo Carvalho Calero", en *Estudios de historiografía Lingüística Hispánica Ofrecidos a Hans-Josef Niederehe*. Universidade de Vigo, Vigo, 1999, pp. 73-96.

cluso logo da cuarta, que supón un punto de inflexión no referente á organización e presentación do material e tamén en canto ós propios contidos que se ofrecen.

1. *A segunda edición (1968)*

Xa comentamos a relación do manual coas clases de galego da Universidade de Santiago. Gracias a elas, a preparación lingüística do profesor mellora, e ese cambio ten o seu reflexo no texto. En xeral, a segunda edición da *Gramática* supón unha asunción por parte de Carballo Calero da súa responsabilidade como lingüista. Apréciase sobre todo nos seus comentarios sobre dialectoloxía ou sobre historia da lingua. Inclúe agora, por exemplo, algunha datación de procesos de fonética histórica ou pequenos engadidos e matizacións que deixan ver un maior dominio sobre a materia. Introduce asemade pequenas notas sobre fonética, morfoloxía e sintaxe.

Con respecto ó criterio de autoridade mantén a postura da primeira edición. O gramático máis citado segue a ser Saco[28] e a lingua que complementa as súas afirmacións é a escrita literaria de autores consagrados. Esta actitude mantense nas cinco restantes, e constitúe unha característica constante da obra. O recurso á lingua literaria vén condicionado polo escaso ou nulo coñecemento de moitas das peculiaridades da lingua oral. Con todo, comezan os traballos de investigación científica da realidade dialectal, e dáse noticia do acontecemento[29]. Este tipo de comentarios converten a obra nun interesante testemuño do desenvolvemento dos estudios lingüísticos nas décadas dos sesenta e setenta.

En relación ó portugués segue a manter a mesma actitude que se trazou na primeira entrega. Os engadidos sinalan novos *portuguesismos* que deben ser excluídos do galego literario[30].

2. *A terceira edición (1970)*

O autor vai coñecendo mellor a lingua. Amplía o apartado de dialectoloxía. Melloran igualmente os seus comentarios sobre fonética histórica e fonética e fonoloxía contemporáneas, morfoloxía ou sintaxe. Todos estes engadidos deixan a súa pegada na bibliografía final.

Afonda no seu coñecemento do portugués, tanto na súa dimensión actual e dialectal como histórica. Aparecen agora citas no texto de J. J. Nunes, J. Leite de Vasconcelos ou B. Pottier.

28. No Prólogo desta segunda edición recollemos unha alusión directa á débeda contraída co autor da *Gramática gallega* de 1868 (Carballo Calero, R. *Op. cit.*, 1968, p. 8).

29. *Ibidem*, pp. 51-52, n. 5. Xa antes, na Introducción, dera noticia das teses en elaboración de Antón Santamarina e María do Carmo Henríquez Salido (*Ibidem*, p. 7).

30. Carballo Calero, R. *Op. cit.*, 1968, pp. 34, n. 5 e p. 78, n. 18.

Continúa incluíndo comentarios sobre a época contemporánea á aparición desta terceira edición, como os referidos á introdución do galego na liturxia, na universidade compostelana ou, no futuro inmediato, nos niveis elementais de ensino[31]. Critica ademais os excesos que se aprecian xa na lingua literaria do momento[32] e caracterizarán moitas das manifestacións escritas da década que comeza. Incorpora igualmente ó texto as pautas das *Normas ortográficas do idioma galego* da Academia, aparecidas aquel mesmo ano. A pesar de existir unha comisión e rexistrárense emendas á súa proposta inicial, Carballo Calero foi en realidade o autor principal daquela regulamentación, ademais do responsable da redacción[33]. Por outra banda, o epítome da Real Academia Galega (1970) non ía máis alá dun cauteloso extracto da abstracción de *galego común* que viña recreando na propia *Gramática.*

3. *A cuarta edición (1974)*

Pero o contexto mudará bastante máis nos catro anos que median entre a terceira e a cuarta edicións. Varias publicacións aparecidas no intervalo contiñan pronunciamentos explícitos en materia de galego escrito. Nuns casos avanzábase, matizándoa, na tradición maioritaria. Noutros defendíase a necesidade de apartarse dela.

En 1971 preséntase publicamente o volume *Galego 1*, primeiro dunha serie de tres que completan un método para a aprendizaxe da lingua. Con el, un novo colectivo se incorpora ó proceso de fixación da escrita, o Instituto da Lingua Galega. Posteriormente, a Real Academia Galega decide ampliar en quince puntos de intención morfolóxica o seu epítome de 1970 e dá ó prelo as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1971). En realidade, as posicións de ambas as institucións estaban bastante próximas e a distancia entre as dúas "[...] centrábase fundamentalmente no uso de *ao*, terminación *–bel*, plural *animais* e non representación do alomorfo *–lo* do artigo (*todas as nenas*) defendidas pola RAG fronte á contracción *ó, –ble, animales* e *tódalas nenas* dos manuais *Galego 1, 2, 3*, [...]"[34].

Unha postura diferente sostena Lapa. Manuel Rodrigues Lapa era un vello amigo de Galicia desde antes de 1936. Correspondente da Academia desde 1945, viña colaborando cos esforzos realizados polo grupo Galaxia, motivado polo seu amor a Galicia e a amizade que o une a personaxes daquel colectivo como Ramón Piñeiro ou Francisco Fernández del

31. Carballo Calero, R. *Op. cit.*, 1970, pp. 35-36.
32. *Ibidem*, p. 37.
33. Blanco, C. *Op. cit.*, 1989, pp. 187-8. Fernán-Vello, M. A. e Pillado Mayor, F. *Op. cit.*, 1986, pp. 182-3.
34. Fernández Rei, F. "A 'questione della lingua' galega", en *A Trabe de Ouro* 5, 1991, pp. 29-40.

Riego. O seu coñecido artigo "A recuperação literária do galego" apareceu orixinalmente no número 13 da revista lisboeta *Colóquio/Letras* (1973). Por mediación de Piñeiro reprodúcese nese mesmo ano no número 41 de *Grial*. Manifesta Lapa que o galego literario debería poñer o horizonte no padrón portugués, que aparece ós seus ollos como ó que tería sido o galego nun contexto evolutivo non condicionado. Daquela, cómpre canto antes comezar un proceso de achegamento progresivo que posibilite nun prazo máis ou menos curto a asunción polo pobo galego do estándar portugués (continental) para grafar o seu idioma. Unha das razóns básicas que aduce para o cambio de traxectoria é que o galego non ten categoría de lingua de cultura ("O galego, tal como está, só pode exprimir capazmente os fenómenos da vida simples"). O ilustre profesor portugués pasa de apoiar e animar o labor dos seus amigos de Galicia por establecer un galego culto a desestimar todos os esforzos previos da tradición galeguista, que desde o Rexurdimento vén traballando para conseguir establecer un código escrito de referencia baseado na fala viva do país. Afirma Lapa que non se debe continuar este labor estéril e que os galegos deben acoller como idioma literario o portugués, que constitúe no momento actual a súa única posibilidade de supervivencia:

> Que fazer para o converter de novo em idioma literário? Insistir, como até aqui, em fazer provisão da enorme e desordenada riqueza que lhe oferecem os falares locais para o restauro da sua forma culta? Já vimos o que isso tem de inoperante e até mesmo de ridículo. Nada mais resta senão admitir, que sendo o português literário actual a forma que teria o galego se o não tivessem desviado do caminho próprio, este aceite uma língua que lhe é brindada em salva de prata.

Coñecendo estes posicionamentos, Carballo Calero tira do prelo a cuarta edición da súa *Gramática*, a máis completa de todas. Nela, ademais, e debido ó seu carácter normativo, non pode eludir tomar partido con respecto a estas teorías sobre a codificación da lingua. No referente ás *Normas* da Academia (1971), das que foi autor principal, resultaría contradictorio un pronunciamento desfavorable. Pola contra, si o atopamos crítico co modelo de representación escrita exposto polo Instituto da Lingua no seu método *Galego 1, 2 e 3* (1971-1974). Semella, nalgúns comentarios, como se quixese impoñer a súa autoridade sobre o traballo do organismo universitario:

> No se puede iniciar a nadie en el conocimiento de un idioma, si se aspira a que lo hable y lo escriba, *según un manual de dialectología que recoja sin jerarquizarlas las variantes existentes. Estas sólo interesan a los lingüistas, sean profesionales o aficionados*[35]. Hay

35. A redacción anterior deste fragmento era a seguinte: "No se puede iniciar a nadie en el conocimiento de un idioma, si se aspira a que lo hable y lo escriba a base de estu-

> muchas personas, gallegas y no gallegas, que desean conocer prácticamente el idioma gallego, y que necesitan un criterio autorizado sobre el modo de manejarlo. No pueden arrostrar la confusión de una información dialectológica sin discriminación de variantes. El estudio de esos delicados fenómenos ha de ser complementario del conocimiento de la lengua general para aquellos que quieran profundizar en el examen científico del idioma. *Para los que no se encuentran en este último caso, lo aconsejable es la utilización de un método práctico de aprendizaje del gallego. Pero cualquiera que se postule, tendrá que basarse en una gramática teórica que haya resuelto los problemas que se plantean a la lengua general*[36].

A pesar de reclamar o seu papel fronte a esta entidade universitaria que solicita un lugar no establecemento do galego escrito, en ningunha edición atoparemos a Carballo Calero máis próximo dos postulados ortográficos maioritarios. A penas un exemplo. Nas tres edicións anteriores aparecidas ata aquel momento (1966, 1968, 1970) defendera a forma *nen* para o adverbio. Nesta, a forma que aparece é *nin*. A modificación consérvase na quinta (non venal) e na sexta, que en realidade son dúas reimpresións do texto da cuarta, aparecidas en 1976. Cando saia a sétima (1979), a forma *nen* recupérase intencionadamente, neste caso nun intento de aproximación ó portugués.

Con respecto á súa opinión sobre a idea de Lapa, as diferencias entre galego e portugués pasan, no corpo da obra, a explicarse cun pormenor descoñecido en anteriores entregas. Deste xeito, se estas diverxencias se reducían antes "casi exclusivamente a la fonética y al vocabulario"[37], aparecen agora ós ollos do autor como moito máis fondas, de maneira que no capítulo 11, dedicado á historia da lingua, só menciona as máis importantes, xa que a descrición precisa da totalidade non corresponde a un manual como o seu. Non é cousa de "explanar detalladamente estas diferencias que separan a las dos ramas del complejo gallego-portugués, sino simplemente apuntar las más importantes"[38].

Continúa a defender a necesidade dun idioma común, "fundado en la abstracción de las realidades del gallego"[39], tal e como se vén manifestando nunha tendencia da que continúa a criticar os excesos provocados polo diferencialismo exacerbado. Mantén, asemade, os comentarios en contra da grafía etimolóxica de anteriores edicións[40].

dios de dialectología. Éstos sólo interesan a los lingüistas. Hay muchas personas, gallegas y no gallegas [...]", (Carballo Calero, R. *Op. cit.*, 1970, p. 13).

36. Carballo Calero, R. *Op. cit.*, 1974, pp. 45-46. A cursiva, que sinala as afirmacións que o autor engade nesta edición, é nosa.

37. Carballo Calero, R. *Op. cit.*, 1970, p. 32, por citar a edición inmediatamente anterior.

38. Carballo Calero, R. *Op. cit.*, 1974, p. 61.

39. *Ibidem*, p. 46.

40. *Ibidem*, p. 145.

En resumo, o catedrático Carballo Calero, que coñece a proposta de Lapa e discorda da orientación do Instituto da Lingua, continúa decididamente favorable ó establecemento dun galego común desde a realidade actual da lingua. E amósase ademais renovadamente confiado nas súas posibilidades de supervivencia:

> Finalmente, el castellano, sobre todo a partir del Renacimiento, influyó poderosamente la lengua de Galicia, que, muy poco cultivada literariamente, no podía ofrecer *entonces* una resistencia eficaz[41].

5. *A sétima edición (1979)*

A gramática, que botara as súas raíces nun campo que comezara a cultivarse no século de Rosalía, na procura dun xeito de grafar a lingua autónomo fronte ó castelán e tamén fronte ó portugués, non responde xa ás expectativas do autor. Por iso afirma no prólogo que, desde as súas crenzas no momento de dala ó prelo, mellor sería facela nova[42]. Non constitúe un soporte axeitado para a súa nova postura sobre o galego literario, de aí que decida abandonala como plataforma para difundir o seu cambio de parecer respecto das pautas de representación gráfica.

Anos decisivos no cambio producido son os transcorridos entre a cuarta edición (1974) e a sétima (1979). Máis aínda, entre a sexta (1976) e a sétima (1979), xa que a quinta e a sexta son, como se dixo, reimpresións do texto da cuarta sen alteracións. Anos de acontecementos relevantes na vida do profesor na súa dimensión profesional. A morte de Ramón Otero Pedrayo (1976), que acrecentaría a separación de determinados círculos culturais[43]; a elección de García-Sabell como presidente da Real Academia Galega en substitución de Sebastián Martínez-Risco (1977); a importancia que día a día vai cobrando o Instituto da Lingua Galega; a impresión de falta da debida atención que o catedrático percibe desde determinadas instancias... Acontecementos que provocarán o seu distanciamento da doutrina maioritaria sobre a codificación do galego e o seu achegamento a posturas antes non compartidas, nun proceso que comezou a mediados da década pero que xa estaba maduro cando en 1979 sae do prelo a derradeira edición da súa gramática. Un dos sucesos dese itinerario de alongamento é o seu abandono (e posterior crítica) das reunións que precederon a redacción das *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (1977), o grande intento de concordia do período pre-estatutario.

41. *Ibidem*, p. 57. A cursiva, coa que sinalamos o adverbio engadido nesta cuarta edición, é nosa.

42. Carballo Calero, R. *Op. cit.*, 1979, p. 11. Blanco, C. *Op. cit.*, 1989, pp. 179-81.

43. Fernán-Vello, M. A. e Pillado Mayor, F. *Op. cit.*, 1986, p. 63. Blanco, C. *Op. cit.*, 1989, pp. 156-7.

O ensaio de regulamentación que introduce na *Gramática* (1979) comparte con outros traballos da época o seu carácter eminentemente ortográfico. Uns anos antes, o ferrolán Xosé-Martiño Montero Santalla presentara na revista *Grial* a súa reformulación da proposta de Lapa no artigo "Unificación ortográfica galego-portuguesa" (1976). Montero xa non baralla, como fixera Lapa, o cambio dun idioma literario por outro, senón que defende a aproximación en termos exclusivamente ortográficos ("[...] situemos o problema no seu terreo esacto: a ortografía"). Neste sentido, a proposta que se ofrece nesta sétima edición áchase moito máis próxima da estratexia de achegamento parcial promovida por Montero Santalla ca do proxecto global de Lapa. Non expón Carballo todos os puntos nos que agora discrepa da escrita tradicional, senón só aqueles que considera "menos aplazables"[44]. Para a súa presentación segue o esquema das *Normas* da Academia (1971). Repasa primeiro as regras de acentuación, seguindo punto por punto os nove do epítome académico, para, máis adiante, ofrecer a súa revisión das quince consideracións morfolóxicas daquela mesma normativa[45]. Asemade, e como en edicións anteriores, atopamos dispersa pola obra unha serie de solucións concretas non sempre contempladas nos dous grandes bloques que acabamos de sinalar.

Sen embargo, Carballo conserva aínda agora postulados que o manteñen próximo da ortografía consuetudinaria. Apréciase, por exemplo, na súa valoración das grandes diferencias que separan actualmente galego e portugués, ou na defensa da necesidade de elaborar un galego escrito fundado nunha abstracción das realidades da lingua viva, un código común que naza como un compromiso entre a fala e a lingua dos escritores, posicionamentos ben distantes da idea que para recuperar o galego literario defendía o portugués Rodrigues Lapa.

CONCLUSIÓN

Ó igual cós seus compañeiros de Galaxia, Carballo Calero iniciárase como filólogo galeguista antes da Guerra Civil e viña participando activamente no esforzo de reconstrucción cultural iniciado a principios da década dos cincuenta. Desde a súa privilexiada posición de antigo colaborador do Seminario de Estudos Galegos e destacado membro do grupo Galaxia, asume o labor de presentar didacticamente, nunha gramática normativa, un modelo canónico de galego que, visto desde a actualidade, aparece como unha ponte entre as dúas beiras do proceso

44. Carballo Calero, R. *Op. cit.*, 1979, p. 11.
45. *Ibidem*, pp. 152-3 (acentuación), 264-7 (morfoloxía).

de fixación dunha escrita para a lingua no século XX. As solucións que propón ven a luz logo dun razoado proceso de selección crítica no que se toman en consideración todas as posibilidades de representación gráfica —e non só as maioritarias— para escoller finalmente aquelas que considera máis axeitadas. A súa *Gramática* baseábase nunha tradición que, cando ten que dar ó prelo a sétima edición (1979) xa non sente da mesma maneira. Sen modificacións esenciais, a obra que viña editando desde 1966 non cadraba co seu proxecto de galego escrito. Por iso non a edita máis e busca outros vehículos para a difusión do seu novo ideal de lingua.

S. A. P.

ENTREVISTA

Entrevista a Miguel Barnet

Xavier Castro

Miguel Barnet (A Habana, 1940), etnólogo, novelista e poeta, é autor de obras célebres en varios países como Biografía de un cimarrón, Gallego, Canción de Rachel, Oficio de Ángel, *etc. Este intelectual de aparencia distinguida e evidente gusto pola conversa é practicamente todo en Cuba: é o escritor cubano vivo que máis ten publicado e reeditado dentro e fóra de Cuba, obtivo diversos galardóns entre os que se pode salientar o Premio Nacional de Literatura en 1994, guionista de documentais cinematográficos, membro fundador da Academia de Ciencias de Cuba, creador e presidente da relevante Fundación Fernando Ortiz, representante de Cuba na UNESCO e membro do Consello Executivo desta organización...*

É efectivamente todo menos accesible; polo menos, de boas a primeiras. Para o meu propósito de entrevistador, que fose unha persoa tan ocupada, ateigada de compromisos e rodeada de persoas que o solicitaban para os máis diversos asuntos, constituía un atranco difícil de sortear. Vista a improbabilidade de conseguir unha entrevista con Barnet mediante unha solicitude directa e simple non tiven máis remedio que servirme dos meus colegas da Universidade da Habana, nomeadamente do director do Departamento de Historia e amigo persoal del, Sergio Guerra. A súa mediación, que agradezo moito, achaiou prodixiosamente o camiño. Quedaramos pola mañá na Fundación Fernando Ortiz, pero só puidemos saudarnos e falar un momento: xurdíranlle algúns imprevistos. Aproveitou para sondarme e vendo que eu viña de Galicia e que me mostraba intere-

sado polos galegos en Cuba e o xeito en que el lles concedera un tratamento literario na súa obra, resolveu ter a xentileza e o detalle de concederme un tempo máis demorado, pola tarde, abríndome as portas da súa casa. Produciuse entre nós un bo entendemento, sendo a conversa francamente cordial e fluída. Tivo tamén momentos emotivos, porque Barnet conmóvese cos temas que lle importan e o do seu galego, Manuel, tivo que telo no corazón antes de convertelo nun personaxe literario. E iso notouse.

—Podemos comezar falando acerca do concepto que tes da literatura. Tense falado en relación coa túa obra da perspectiva etnohistórica, dunha literatura fondamente marcada pola etnografía, dunha etnoliteratura, en certo senso... Podemos falar sobre a túa formación como etnólogo, o teu interese pola antropoloxía e a plasmación de todo isto nunha concepción estética persoal.

—Eu non teño ningunha concepción estética ríxida sobre a literatura, en primeiro lugar porque eu non son un literato puro, nin considero que a miña obra teña unha liña estética tan homoxénea como algunha xente di. Teño lido, de maneira desorganizada, moita literatura, sobre todo moita literatura en lingua inglesa e a literatura que lin en castelán foi sobre todo Benito Pérez Galdós, Azorín, que me gustou moito, aínda que non ten nada que ver comigo, pero que sempre me gustou moito pola súa limpeza, pola súa transparencia e pola súa precisión. Por outra banda, teño lido tamén a escritores galegos como Álvaro Cunqueiro, Rosalía de Castro, que creo que é a gran poeta ibérica do Romanticismo. Pero, como dixen, por mor dos meus estudios etnolóxicos, considérome máis ben un híbrido de etnólogo e poeta e esta hibridez, esta simbiose, estas correntes asaltándome constantemente, fixéronme crear un tipo de literatura que tivo a súa peculiariedade e a súa repercusión no mundo enteiro. Logo eu tiven que darlle algún nome a iso, porque sobre todo os americanos e os franceses gustan moito das correntes e das tendencias, primeiro chamouse aquilo *novela documental, novela testemuño, non fiction*, en inglés... E é que eu concibín unha obra como *Biografía de un cimarrón* así, non a concibín doutra forma, concibín *Canción de Rachel* e concibín *Gallego* así: con investigación, con notas, con vocabulario, con bibliografía; así as perfilei, non concibín unha literatura, unha novela de pura ficción...

—O afán verista, de dar testemuña da sociedade nunha época histórica precisa, ¿pode primar mesmo sobre o aspecto estético?

—Eu non creo que prime. Eu creo que o que prima é a miña preocupación polo ser humano, a miña preocupación humanista e tamén a miña preocupación pola linguaxe, por unha linguaxe que teña contido e adarmes artísticos. Non concibía eu unha testemuña esquelética,

MIGUEL BARNET

escuálida, pura, sen ningún aderezo literario e entón inventei iso que se deu en chamar *novela testemuño*, polo menos para Cuba e para este continente, e tivo moitos seguidores pero a maior parte deles fixeron barafulladas e cousas menores porque non se preocuparon do acento literario o suficiente.

—*Seguías a senda de Pérez Galdós ou Pío Baroja, que se documentaban exhaustivamente para escribir as súas novelas pero non esquecían que do que se trataba era de facer literatura...*

—E como Stendhal e Balzac e como Alejo Carpentier e como Gabriel García Márquez...

—*Todas as túas obras, daquela, teñen un traballo sólido de documentación detrás, de investigación, que logo levas ás túas creacións. Por exemplo, no caso de* Gallego *¿cal foi o proceso? É moi interesante para os galegos coñecelo.*

—Cando escribín *Gallego* xa eu tiña a experiencia de moito traballo con informantes, coa oralidade, xa escribira *Biografía de un cimarrón*, *Canción de Rachel*, que foran libros que acadaran moito éxito e tamén fixera moitas entrevistas a informantes que chegaban a min ou ós que eu me achegara con outros fins, buscando outros temas, por exemplo, o tema das relixións africanas en Cuba, dos sistemas de adiviñación... É dicir, eu, independentemente das novelas, teño escrito algúns ensaios e mesmo un libro sobre os cultos de orixe africana en Cuba e para iso tiven que facer moita investigación con personaxes que me falaban de viva voz, que me contaban as súas historias, as súas lendas, algunhas veces mesmo mitos. E eu preocupábame moito de recoller a historia, o esqueleto da historia e tamén a entoación, o modo, os contidos estéticos desas historias, a linguaxe coa que me falaban. A min engaiólame moito oír falar a unha persoa que posúa un tesouro vivencial e xa tiña esa experiencia; entón, en *Gallego...* era unha voz que nacía case tanto desde o máis profundo de min como dos informantes que eu entrevistara porque eu crieime nun barrio onde había vendedores ambulantes galegos, quincalleiros, onde había choferes de aluguer, de taxi, que eran galegos, xardineiros galegos, bodegueiros galegos... e estaba moi identificado coa entoación desa linguaxe...

—*¿No protagonista, Manuel, fundiches, daquela, un crisol de distintas voces de galegos reais que coñeciches?*

—Ben, iso resérvoo para min, iso son xa os misterios da creación, o galego é Manuel Ruíz; o que hai detrás, os intersticios, son cuestións moi persoais que teñen que ver coa costura que un fai da roupaxe e iso non se revela porque non me parece ético e, por outra parte, un oculta sempre, como dicimos en Cuba, "o último salto do chivo", que é o salto para atacar.

—É interesante saber por qué sendo ti de ascendencia catalana, seleccionaches como protagonista da túa novela un galego cando podías ter escollido un catalán, un canario ou calquera outro representante de...

—Pois porque cando nós en Cuba dicimos *gallego* implicamos a todos os españois, é un apelativo que ten, desde o punto de vista semántico, moita tea por onde cortar, e desde o punto de vista epistemolóxico, igual. É dicir, un *gallego* pode ser un canario, un catalán, un estremeño, un andaluz... todos eles son españois neste país, pero claro, no meu caso este *gallego* é un galego de Galicia. Porque, como che dixen, o barrio onde eu nacín, onde me criei e onde vivo, El Vedado, tivo unha presencia galega moi nutrida e, como sabes, o catalán é máis introvertido, é máis arrogante e mesmo un pouco autosuficiente tamén; entón eu tiña máis simpatías coa sinxeleza, a cordialidade e certa tenrura do home galego que, por outra banda, sendo como é, proveniente dun pobo eminentemente agrícola, campesiño, ten tamén moita retranca, é moi "xesuíta". Non imos dicir que o galego é un "niño de teta" nin que é un "*angelote*", é un home que sabe moito, pero a min a sabedoría que me interesa do galego non é a dos libros, non é a de Curros Enríquez, nin a de Rosalía de Castro, nin a dos grandes e famosos galegos que en Cuba fixeron un labor na vida universitaria, na vida intelectual, senón a sabedoría popular, esa chispa, ese aquel, repito, bastante retranqueiro, que ten moita gracia, moita maldade, que o galego, por exemplo, déixase querer pero sabe seleccionar, sabe por onde van os tiros e quén é quén. E, por outra banda, tamén porque a emigración máis numerosa e máis importante que tivo Cuba nos primeiros corenta anos foi de Galicia, por múltiples razóns, ou ben porque fuxían do servicio militar, ou ben porque fuxían da brétema, do frío, da fame...

—Como o protagonista da túa novela, Manuel, que non se adapta á choiva de Galicia e o clima é unha das razóns que o moven a viaxar a Cuba. Queda fascinado coa calor tropical...

—Eu creo tamén que é por un afán de aventura, tamén está buscando aventura, porque se te paras a analizar ben o personaxe da miña obra, aínda que é un home dun nivel modesto, humilde, dunha clase pobre, sen embargo é un home que se enrola nas milicias galegas na Guerra Civil, é un home que está saltando dun traballo, dun oficio para outro, "moitos oficios ten... moitos oficios mais ningún bon".

—É a loita pola vida, ¿non?

—É a loita pola vida, o buscavidas, o home loitador. É admirable, eu admiro moito os galegos e enfádome moito cando din aquí en Cuba, sobre todo os cataláns, que os galegos son moi rañas, moi aforrativos... aforrativos si, pero ¿para que aforraban? Nin sequera para

eles, aforraban para criaren os eus fillos. Case toda aquela inmigración galega que chegou a Cuba, a principios de século, que viñeron en alpargatas para facer a estrada central, o Capitolio, as grandes avenidas, para traballar na liña do ferrocarril, para facer os traballos máis duros, os que non querían nin os negros aquí, ¿para que aforraban? para que os seus fillos fosen outra cousa e non o que foran eles. E os seus fillos foron médicos, avogados, enxeñeiros, intelectuais, porque estudiaron co aforro das súas familias, non só os galegos, outros inmigrantes tamén, pero nos galegos nótase máis, faise máis presente este fenómeno, e tamén para electrificar as aldeas galegas, para levar a radio a Galicia, para levar a tecnoloxía, a modernidade, as escolas. É dicir, fixeron moito polas aldeas galegas e por Galicia en xeral. E iso recoñéceo todo o mundo, aquí en Cuba e en España, non só en Galicia. Aquí díxoo varias veces, nas súas visitas tan cariñosas a Cuba, don Manuel Fraga, que aínda que non comparto con el a súa ideoloxía, teño que confesar que é un home co que simpatizo moito e que cando me atopei con el no aeroporto, eu viña de París, porque son embaixador alterno de Cuba na UNESCO, atopeino, saudeino e pregunteille se "ía" para a súa terra e contestoume que "viña" da súa terra, dixo que viña "de Oriente, que é a miña terra tamén". E iso gustoume moito, e é certo, porque el se criou alí, e como el tantos outros. Entón cómo ía eu falar dos cataláns, dos canarios, dos estremeños se a maior parte dos inmigrantes que formaron esta nación, que contribuíron á economía deste país, que contribuíron á cultura deste país, foron galegos, pois o que eu tiña que escoller para darlle un sentido a esa obra miña que está constituída por cinco novelas, a *pentaloxía,* como eu digo, tiña que ser un galego, non podía ser outro.

—*Segundo o teu criterio, ¿como foi a relación dos galegos cos outros grupos, cos restantes españois, cos crioulos, cos negros?, ¿como foi esa relación?, fluída...*

—Foi unha relación cos seus máis e cos seus menos, porque o teatro popular vernáculo de Cuba ten un trío emblemático, que é: o galego, o negro e mais a mulata; tamén en moitas ocasións aparece o chino, é dicir que vén sendo un cuarteto, pero os personaxes populares do noso teatro están constituídos por un negro, un galego e unha mulata. E o galego foi sempre no noso teatro un personaxe humorístico, sardónico, sempre aforrativo, que quería levar a mulata pero ó final era o negro o que levaba o gato á auga... É dicir, foi un personaxe do cal tamén se fixo mofa, pero unha mofa non ferinte, senón cariñosa. Eu creo tamén que cando aquí se utiliza o apelativo de *gallego* faise con cariño, non con ironía nin con desprezo, con moito cariño. E o noso presidente é descendente de galegos e xa vemos que, non vou facer propaganda del, pero é un home brillante deste século, e é un galego.

—*¿Estás satisfeito coa adaptación ó cine da túa obra:* Gallego?

—Non quixera falar diso. Eu creo que a película, que tivo aquí en Cuba moita aceptación e pasouse varias veces pola televisión, tratou de captar a vida do meu personaxe, pero un escritor nunca está totalmente de acordo...

—*De todos modos, Francisco Rabal fai un estupendo papel...*

—Francisco Rabal fai un estupendo papel, Sanz fai tamén un magnífico papel, hai unha moi fermosa recreación da aldea galega, pero...

—*Historiadores cubanos téñenme comentado que eles ven moi ben reflectida na película, ademais de na novela, o ambiente social da época. ¿Coincides con esta opinión?*

—Si, si. A ambientación está moi ben. Hai algunhas actuacións coas cales non me sinto identificado... pero foi unha película feita con moito amor, con moita simpatía, con moita seriedade; esperemos que haxa outra actuación que poida reflectir máis profundamente os matices e as contradiccións que están contidas na novela. A novela foi publicada en España, foi publicada por Alfaguara.

—*¿E as túas outras obras levadas ó cine, merécenche unha boa opinión?*

—Si, cómo non. Eu creo que *La Bella del Alhambra* é unha película moi ben realizada...

—*Ten premios, galardóns, ten o Goia, ¿non?*

—En efecto, gústame máis, pero non son eu unha persoa que poida criticar isto porque non son fanático do cine, gústame a lectura e case nunca vou ó cine e entón o cine asústame un pouco porque me dá pavor que me dean as cousas xa feitas, mastigadas, os pesonaxes xa debuxados... Imaxina o meu *gallego* cun rostro, cunha voz que non é a do meu galego... non sei... Dáme un pouco de susto, porque unha cousa pensa o borracho e outra o bodegueiro, e unha cousa pensa o director, o productor, o actor... e outra cousa pensa o escritor. Eu amo a literatura porque todo está tan implícito, todo está tan suxerido... e un pode imaxinar o galego ou a mulata ou o cimarrón ou a quen sexa como un quere e, polo xeral, estes personaxes, cando eu os creo, resultan para min moi entrañables, moi cercanos, demasiado, ata o punto de que cando eu rematei a novela *Gallego*, isto non o dixen nunca, na miña casa, unha noite... que remata con aquela expresión de Manuel cando respondendo á pregunta do seu neto: "¿Que dis ti avó?", di: "¿Que vou dicir xa?"... Iso para min foi conmovedor porque eu me decatei de que aí remataba e supoñía que iso ía seguir, pero cando el fai esa pregunta final: "¿Que vou dicir xa?"... eu ía seguir pero parei, fun ó baño, lavei a cara e dixen: "Agora si, acabóuseme Manuel, ¿que fago?" Sentinme moi desolado. É moi dramático

iso, e iso soamente o sabe un escritor. Cando un abandona un personaxe co cal viviu, é como se morrese, como se se esvaecese. Para min foi moi doloroso. A xente preguntábame: "¿Remataches xa?", e eu respondía: "Si, xa rematei a novela..." Pensaban que eu non estaba satisfeito coa novela. Pois eu non sei se estaba satisfeito e nin sequera hoxe sei se o estou pero si sei que me desgarrei moito porque se me foi Manuel, acabóseume e entón despedinme del con bágoas nos ollos, esa é a verdade. E pasou a ser de moita xente, e iso dáme moita alegría pero arrebatáronmo a min.

—Os sucesos que tiveron lugar despois da Revolución resultaron traumáticos para moitos galegos de mentalidade pequeno burguesa, "cuentapropista". A consigna castrista: "Los de abajo arriba, los de arriba abajo y la clase media pal carajo" supuxo un revulsivo para eles. ¿Cal é a túa visión?, ¿de que maneira os galegos confrontaron, percibiron e viviron o proceso da Revolución cubana?

—En xeral foi moi traumático porque case todos eran pequenos comerciantes que se dedicaban ó comercio terciario, á venda ambulante... En 1968 iso desapareceu, agora vólvese rescatar, e moitos abandonaron o país buscando outros camiños, outras solucións ás súas vidas... Foi moi traumático, pero outros quedaron. E eu, desde logo, entrevistei ós que quedaron, os carpinteiros, os vendedores ambulantes, os afiadores...

—Esas persoas chegaron a valorar as conquistas que supuxo para o pobo a Revolución, ¿non?

—Si, algunhas tomaron esa conciencia. Non podemos esquecer que algúns eran xente moi pobre que chegaron mesmo a beneficiarse coa Revolución, pero ese período é xa máis complicado, máis difícil... Pero si, aquí hai moitos galegos, moi anciáns xa, que están aí, que se adaptaron. Para ninguén resultou fácil un proceso revolucioanrio como este, nin sequera para aqueles que non tiñan propiedades, foi complexo pero, para min, moi estimulador, e moi enriquecedor, como creador. De non ser por este proceso e por esta revolución eu non sei cál sería o meu enfoque, o meu destino na vida.

—No teu caso, como creador, ¿todo este proceso político serviuche de estímulo?

—A min estimuloume artisticamente e, sobre todo, porque me orientou cara a un mundo que eu descoñecía bastante. Eu proviña dunha clase media. Como ves a miña casa está amoblada con residuos dunha gran mansión, aquí non hai unha estética coherente: dous butacóns da miña avoa, un sofá da miña tía, un espello do século XIX da miña familia... e así retallos de mobles de casas que foron despedazadas...

—Sen embargo, parece haber unha unidade de conxunto, unha unidade de espírito na casa...

—En efecto, hai unha unidade de conxunto. Ese reloxo de 1879 non sei a quen pertenceu, eu si sei que o herdei, un reloxo de pé... E entón iso foi unha experiencia moi forte porque me levou a coñecer máis profundamente as miñas raíces como ser social, e non como ser individual que pertencía ou máis ben me encamiñaba cara a unha elite social de burguesía ou clase media, como queiran chamala. Quizais por reacción a todo iso, a ese mundo convencional, de valores e esquemas impostos, eu volqueime cara ós cimarróns, ós escravos, ós oprimidos, ós desclasados, ós inmigrantes... O tema de inmigración foi unha constante en toda a miña vida, cativoume moito o drama que vive un inmigrante, inmigrante ou emigrante. Calquera que viva fóra da súa terra vive unha vida bastante desarborada e ás veces mesmo con moita desesperanza e con moita melancolía...

—Nese sentido, Cuba é un pobo de xente que perdeu as súas raíces, perdeu os seus países de orixe, e convive aquí, neste multiculturalismo fluído, ledo, moi estimulante pero tamén paradoxal e contradictorio. Se cadra, no fondo, está ese drama da perda de identidade. Lembro aquel personaxe de García Márquez en Macondo, *un vendedor de libros, modesto, que botaba de menos sempre a súa terra catalana e un bo día malvendeu os seus libros, conseguiu retornar á súa vila e cando xa estaba alí resulta que botaba de menos Macondo e entón decatouse de que xa non era nin de Macondo nin de Cataluña, decatouse de que era un ser dividido, unha persoa nostálxica por partida dobre.*

—Ese é o drama dos galegos que retornan tamén a Galicia, porque moitos senten a nostalxia de América, ben sexa de Cuba, de Venezuela, de Arxentina... e se están en Cuba, en Venezuela ou na Arxentina senten unha gran morriña e saudade de Galicia.

—¿Cres que esa morriña lles dificulta a súa integración aquí en Cuba, ou complica a fusión cos demais grupos, coas demais persoas?, ¿paralízaos un pouco ou non?

—O máis admirable dos galegos, para min, é que a pesar de que nunca se desvincualaron afectiva e espiritualmente da súa terra, de Galicia, souberon integrarse, tiveron o valor, a enteireza e o estoicismo para integrarse nunha sociedade tan complicada como esta. Primeiro tiveron que aprender o castelán porque viñan falando o galego da aldea e moitos eran analfabetos, algúns tiveron que aprender a falar e a escribir e logo integráronse sen prexuízo ningún coa poboación cubana, coa muller cubana, coa muller negra, coa mulata, coa china... Eu coñezo matrimonios de galegos con chinas, con negras, con mulatas... Din que Deus inventou o home negro e o home branco e que o galego inventou a mulata; iso é un chiste que está na película e no libro de *Gallego*, pero é máis que un chiste, é un tratado sociolóxico porque case todos os

españois foron así, hai que dicilo con sinceridade, todos foron así, pero moito máis os galegos, moito máis eles porque eran máis humildes, máis afincados á terra, a valores filosóficos que non tiñan nada que ver cunha aspiración burguesa e porque tamén posúen un sentido moi profundo da familia. É sorprendente. Eu entrevistei a galegos que, por exemplo, estiveron carteándose coa súa familia, cos seus irmáns, por espacio de sesenta anos, sesenta anos e máis, mantendo a correspondencia, sen vérense. É algo realmente moi significativo ese vínculo, e tamén ese vínculo á terra, á súa posesión, ben sexa unha terra, unha facenda, unha pequena bodega, unha tinturería, un carretón de carbón...

—*Quizais inflúa neles o "cuentapropismo", non ter patróns, non ter xefes...*

—Si, si, moi libres. Para min foi toda unha lección e unha aprendizaxe entrar nese mundo. Primeiro entrei polas revistas galegas, as publicacións galegas que hai en Cuba, que están atesouradas no Instituto de Literatura e Lingüística...

—*Tiveches relación con Neira Vilas...*

—Si, con Neira Vilas, quen me amosou mapas de Galicia... Foi moi xentil comigo, eu fago un recoñecemento da súa colaboración no meu libro. Iso foi cando el dirixía o Departamento Galego do Instituto de Literatura e Lingüística, pero eu non coñecía Galicia. Eu escribín *Gallego* sen ter viaxado a Galicia, e toda esa recreación que eu fago de Galicia e das aldeas, dos seus hórreos... é pura realidade, pura historia que me contaban e máis ou menos o soño e a intuición miña, ata que cheguei a Galicia, no ano 1981, e fun recibido con moito cariño. Entrei en Santiago pola porta grande e recibiume Ramón Piñeiro, de quen teño un recordo moi grande, da súa xentileza, da súa fineza na presentación que fixo do meu libro alí, de Isaac Díaz Pardo, dos seus fillos, os Castro, de toda a súa familia, de Sargadelos, tan amables, tan xentís... Eu tamén fun moi xentil porque non aceptei nin un regalo da súa cerámica porque non quixen que pensasen que eu ía alí a buscar nada; non, eu ía buscar outra cousa, a ver se era verdade todo o que eu imaxinara e todo o que eu escribira. E non só era verdade senón que foi algo inesquecible para min, máis que inesquecible, inefable. Eu quedei namorado de Galicia, ata o punto de que cando regresei desa primeira viaxe a todo o mundo lle falaba de Galicia e despois fun en dúas ocasións máis, unha delas durante a visita que realizou Fidel Castro a Galicia, fixen todo o percorrido con el ata Láncara.

—*¿Como foi a experiencia dese reencontro de Fidel Castro con Galicia?*

—El estaba moi emocionado. Durante toda a súa estadía en Galicia. Desde que chegamos alí el estivo moi emocionado. Hai un documental

sobre este tema. Cando entramos na aldea, en Láncara, en Lugo, lembro que había un grupo cubano que estaba traballando alí en Lugo, un grupo musical cubano, eran uns artistas de farándula, de espectáculo, tipo cabaret. E tiñan tambores, tiñan cantantes... e todos querían agasallar a Fidel, todos me coñecían a min. Entón eu achegueime ó director do grupo e díxenlle: "Mellor é que non fagan nada agora, queden calados, porque eu sei que el está moi emocionado e o que el vai querer oír aquí non é a música cubana, el vai querer oír as gaitas que están aí esperando por el". E había uns gaiteiros, a uns metros alí de Láncara... mesmo os músicos cubanos que estaban tocando os seus tambores estrepitosamente, como facemos todos os cubanos, que sempre que podemos facemos unha bulla, calaron, obedecéronme, foron realmente moi disciplinados e entón os gaiteiros comezaron a tocar as súas gaitas. Era un día fresco, non frío, había moita xente nos bordes dos camiños, moita xente, e estaban as súas curmás, os seus curmáns, a súa familia, unha tía política portuguesa, casada cun tío de Fidel... Aquilo foi algo incrible, unha emoción que sentimos todos... as súas curmás chorando, Fidel cos ollos augados e aquelas gaitas... El nunca vira a súa casa paterna, de lousas, modesta, de pedra e lousas. Entramos na casa, había moita xente, moita prensa, os famosos *paparazzi*, e entrou el coa escolta e un grupo e parece que ninguén lle quería dicir onde durmían os seus avós e onde durmían os seus pais pois cando el preguntou dixéronlle: "Non... arriba", e el dixo: "Pero se arriba non hai espacio...", entón chamoume e díxenlle: "Non, comandante, os seus avos e os seus pais durmían aquí abaixo coas vaquiñas, cerca do lar para coller calor". E entón púxome a man no ombro como dicindo "Ti si que me dis a verdade". Non llo querían dicir. A casa era moi modesta, unha casa que está en pé, que creo que o goberno cubano aínda a conserva, a casa do pai de Fidel e de Raúl. Foi unha viaxe moi fermosa. Eu non a podo esquecer, sobre todo este momento, cando chegamos alí á casa. Logo fomos a unha finca que era da familia del, dun tío, creo, e alí houbo unha gran festa con empanada galega, con queimada, unha romería... e el púxose a xogar ó dominó con Manuel Fraga. Alí estiveron varias horas. E nós alí... Despois, ese día, para a miña sorpresa, xa polo serán, houbo calor, pero moita calor, unha calor seca, que facía que suases dunha forma diferente a como se súa aquí. Aquela era unha calor abafante, o sol moi directo, moi quente. Teño unha lembranza marabillosa de Galicia desde aquela viaxe, e aínda que teño que ir moito a Europa sempre é a outras zonas, a outros lugares, pero espero volver algunha vez.

—Eu coñecía o teu interese pola música pero non a túa afección pola gastronomía. E digo isto porque acabo de ver un prólogo teu a un libro francés de cociña crioula. Gustaríame que comentases algo sobre a

comida cubana, a comida galega, os teus gustos particulares, os teus tragos predilectos... ou propiciatorios, como gustaba dicir Cortazar...

—En canto a tragos, a min gústame o whisky; non son bo cubano nisto, debería dicir que o ron, ¿non? pero o que máis bebo é whisky. Con respecto ás comidas, gústame moito a garavanzo con chourizo, a "garavanzada", gústanme moito as potaxes, aínda que claro, verás, aínda en verán, a potaxe de feixóns colorados; encántame a empanada galega, a crema catalana tamén me encanta... en fin, son moi galdrumeiro... as torradas que fai a miña nai son incribles, con moita canela, con limón... gústame tamén moito a comida china... Son un bo gourmet. Así que en España como a pracer. Gústame moito a comida galega e a comida estremeña, gústanme os vexetais, as comidas da horta...

—¿Que aportación fixeron os galegos á gastronomía crioula?

—Fixéronnos moito dano. Por mor dos galegos aquí somos diabéticos, padecemos de moitísimas enfermidades: gastrite, hipertensión... comemos todo o que non debiamos comer e iso é por mor dos galegos, eses caldos, esas potaxes... con verzas... igual que as fabadas asturianas... Todo iso que veu de alá é o que nos gusta. Non nos gusta a comida inglesa, nin a comida fría, gústannos as comidas dos países fríos, pero non a comida fría, e iso fíxonos moito dano. Non somos un pobo cuns hábitos alimenticios adecuados e iso é culpa dos galegos.

—De todas formas hai quen di que se come coa alma e cando se escolleron esas fórmulas e se optou por eses gustos e vós deixástevos levar por esas paixóns, por algo será tamén...

—Pois porque nos gusta a comida da alma, ¿non? ¿A quen se lle ocorre en Cuba comer xelatina de frambuesa de postre, ou unha laranxa? Non, non, aquí os postres son os doces con bastante crema... igual que as comidas: fortes, que tamén son a base de moito caldo, moito arroz, moito feixón... e tamén as comidas crioulas, as carnes de porco, todo o inapropiado, todo o que é malo para a saúde pero bo para alma. Pero tamén o bo para a alma é saudable, en certa medida. Porque en definitiva, ¿para que se vai prolongar tanto a vida sacrificándose? A vida merece ser vivida de maneira militante, con entusiasmo, con paixón e nós vivimos así. A min non se me ocorre almorzar con cereais, tipo "corn flakes", nin nada diso, eu prefiro un pan con xamón, un par de ovos fritidos, un café con leite, pan con manteiga, e iso é o que nos gusta e despois a morrer, pero ¿que máis ten? De morrer, morrer contentos ("morra Marta, morra farta"). Non se pode renunciar a tantas cousas na vida. Eu síntome moi feliz, a pesar de que como viches, porque estiveches case todo un día comigo, pola mañá e pola tarde, a miña vida é bastante complicada, asaltado por moitas persoas, polo traballo e os problemas... pero síntome moi feliz de ter a un inte-

lectual galego na miña casa e espero que a mensaxe que eu transmita nesta entrevista sexa unha mensaxe de afecto e de solidariedade co pobo galego que tanto contribuíu á formación da nación cubana. Quizais non se fixo aínda o estudio sociolóxico que se debería facer para fixar a importancia da presencia galega en Cuba, xa non só na cultura, nos hábitos gastronómicos, senón tamén no desenvolvemento económico do país. Hai que ver o Centro Galego, que é o edifico máis descomunal e máis opulento que temos na Habana.

X. C.

Galicia e Moldavia ante o problema da lingua

Klaus Bochmann

Galicia e Moldavia —o extremo Occidente e o extremo Oriente dos territorios con linguas románicas, separados xeograficamente en liña recta por unha decena de fronteiras e máis de tres mil quilómetros de distancia— presentan hoxe en día paralelismos sorprendentes en canto ó status e ós debates relacionados con cadansúa lingua. Os dous países conseguiron hai pouco un estatuto de autodeterminación —autonomía no caso de Galicia, independencia no de Moldavia—, tras moito tempo dunha vida á sombra de grandes Estados-imperios, España e Rusia, e mesmo baixo réximes dictatoriais, se ben de insignias diferentes. Ambos os dous caracterízanse pola vontade das súas elites, na historia recente, de promover a lingua autóctona. Nos dous países esta vontade suscitou conflictos lingüísticos referidos á definición da relación da súa lingua non soamente fronte á lingua dominante senón tamén fronte á lingua xeneticamente máis próxima (portugués e romanés respectivamente), así como á elección do rumbo por tomar co fin de superar a situación subalterna na que a lingua do país se atopa, conflictos que dividen a clase política e os intelectuais pero non mobilizan a maioría da xente. Nos dous casos, un goberno local frea claramente os procesos necesarios para a normalización sociolingüística.

¿Ten sentido comparar dúas situacións e dúas políticas no ámbito da lingua cando malia os puntos en común hai toda unha serie de diferencias considerables? A cuestión é lícita, pois sen querer aventurarme no terreo esvaradío das comparacións de orde antropolóxica, poderíase obser-

*O orixinal deste artigo publicouse baixo o título "À l'est comme à l'ouest, ou les extrêmes (géographiques) se touchent: Galice et Moldavie devant le problème de la langue" en *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero,* edición coordinada por Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra, Santiago de Compostela, 1999.

var que as tradicións ortodoxas, autoritarias, campesiñas do leste, xunto coas experiencias específicas da época soviética, formaron entre os moldavos outra mentalidade e outra posición con respecto á cultura e lingua propias que o catolicismo, as estructuras sociais, a emigración, as experiencias democráticas algo máis longas dos galegos; e no eido máis estrictamente lingüístico estamos ante un caso de lingua inventada, "artifical", imposta desde "arriba", en concreto o "moldavo" (que os lingüistas de Romanía e Moldavia e gran parte dos seus colegas da comunidade internacional dos romanistas se acostumaron a escribir entre comiñas para expresaren a súa distancia fronte a ese glotónimo, convención que eu tamén seguirei por medo a suscitar a sospeita de ser un cripto-páleo-estalinista), e no outro caso ante unha lingua construída desde abaixo, elevada ó nivel literario por unha intelectualidade rexional lexitimada pola vontade —feble, ben é certo, pero presente— do pobo galego, lingua da que a normalización sería, polo tanto, unha cousa "natural". Vese, nembargantes, que canto máis se entra nos detalles, máis se fan notar as diferencias. Quedan, de todas formas, abondos puntos en común que permiten que a comparación, coa parte de obxectivización que trae canda si, leve a unha visión quizais menos usual e a aspectos incluso inéditos, que a ollada desde dentro a miúdo tapa.

Como falar do galego nunha obra dedicada a un dos galeguistas máis comprometidos sería como botar auga no mar, presentarei máis amplamente a situación sociolingüística en Moldavia[1] (e os territorios limítrofes ó leste do Dniestre) limitándome sempre, no caso de Galicia, ós puntos máis necesarios para o noso propósito[2].

I

Entre as linguas románicas o romanés, malia o número considerable dos seus 25 millóns de falantes, é a lingua menos coñecida incluso nos

1. Con respecto a Moldavia remito a: Bochmann, Klaus. "'Moldauisch' oder 'Rumänisch' –Linguistische, kulturelle und politische Aspekte der Amtssprache", en *Der Donauraum. Zeitschrift des Institutes für den Donauraum und Mitteleuropa.* Número especial "Republik Moldova", ano 36, fasc. 3 e 4, 1996, pp. 95-102. Bochmann, K. "Der Name der Sprache und die wissenschaftliche Wahrheit. Ein sprachpolitischer Erlebnisbericht aus der Republik Moldova", en *Quo vadis, Romania?* 10, 1997, pp. 77-85; Haarmann, H. *Balkanlinguistik 2. Studien zur interlingualen Soziolinguistik des Moldauischen.* Narr, Tübingen, 1978; Heitmann, K. "Moldauisch", en Holtus, Günter; Metzeltin, Michael; Schmitt, Christian (eds.). *Lexikon der romanistischen Linguistik.* Vol. II. Niemeyer, Tübingen, 1989, pp. 508-21; Kramer, J. "Das Moldauische", en *Balkanarchiv* 5, pp. 125-55.

2. Debo as informacións referidas ó galego sobre todo ás publicacións seguintes: Monteagudo, H. (ed.). *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto.* Galaxia, Vigo, 1995. Monteagudo, H. e Núñez Seixas, X. M. (eds.) "La política de la lengua en Galicia. De la reivindicación nacionalista a la planificación gubernamental" (ms.), 1994. Rojo, Guillermo. (ed.) *Lingua inicial e competencia lingüística.* Real Academia Galega, Vigo, 1994. *Grial* 107: *Perspectivas sobre a lingua.* Número especial, xullo-setembro 1990, Galaxia, Vigo.

outros países nos que se falan linguas neolatinas. Ignórase moitas veces que a Romania, o territorio onde se falan as linguas románicas, se estende do Fisterra galego situado ó extremo oeste do noso continente ata máis alá de Odesa; que ó leste do Dniestre, nas rexións que hoxe en día pertencen a Ucraína, hai máis de medio millón de romanés-parlantes; que entre esta franxa de territorio e a Romanía hai un segundo Estado de lingua romanesa, a República de Moldavia, que moitos romaneses seguen denominando Basarabia (Besarabia), nome que levaba o territorio durante a breve fase de pertenza á Gran Romanía (1920-1944).

Despois de 1989 a República de Moldavia chega a ser, coas súas fronteiras actuais, por primeira vez na súa historia un Estado independente. Primeiro foi unha parte do principado romanés de Moldavia do que a metade oriental foi anexionada por Rusia en 1812. En 1920 incorporouse na Romanía nacida en 1859 da unión dos principados danubenses de Valaquia e Moldavia (metade occidental) e ampliada trala Primeira Guerra Mundial por Transilvania, o Banato e a Bucovina. En 1940 o acordo Molotov-Ribbentrop garantiu á Unión Soviética a reincorporación de Besarabia, transformada en República Soviética en 1945, despois dun interludio de reconquista romanesa (1941-1944). Hoxe en día, Moldavia forma parte da Comunidade de Estados Independentes.

A historia sociolingüística do territorio é axitada. Na época da súa anexión, a comezos do século XIX, a lingua romanesa estaba entrando nun proceso de modernización e unificación das súas normas, segundo os moldes das linguas irmás románicas, un proceso do que os moldavos convertidos en suxeitos do tsar quedarían practicamente excluídos, visto que os seus poucos intelectuais a partir de entón ían abandonar a súa rexión para porse ó abeiro da cultura nacional en fase de agromar. Cando en 1859/60 os principados unidos romaneses substituíron a tradicional grafía cirílica pola latina, para os seus irmáns ó leste do río fronteirizo Pruth, ós que no entanto impuxeran unha escolarización en lingua rusa (alí onde había escolarización), abriuse un primeiro foxo cultural por mor da diversidade dos alfabetos. Pero o verdadeiro problema xurdiu cando en 1927, nunha franxa situada á ribeira esquerda do Dniestre, na rexión de Tiraspol, que permanecera soviética, se creou e proclamou a "lingua moldava" de grafía cirílica, que amosaba trazos dialectais, populares e arcaicos e que se abría a unha interferencia ampla coa lingua rusa. Despois dos vaivéns entre o regreso ó romanés (entre 1932 e 1938) e o restablecemento do moldavo, a consecuencia da Segunda Guerra Mundial, que vira a Romanía como aliada da Alemaña nazi ocupando e incorporando toda a Transnistria (entre Dniestre e Dniepre) coa rexión de Odesa, a nova república soviética foi sometida enteiramente a un réxime lingüístico no que o "moldavo", declarado lingua nacional —lingua románica oriental como o romanés pero dis-

tinguíndose polos trazos avanditos— conviviría co ruso, lingua amplamente dominante en todos os sectores importantes da comunicación social. A maioría dos directivos de todos os niveis da administración e da xestión social serían, a partir de entón, rusos (ou ucraínos ou outros que utilizaban o ruso como lingua vehicular). Non foi ata a época de Cruchtchov, nos anos sesenta, que algúns lingüistas soviéticos volveron recoñecer a identidade básica entre romanés e moldavo e os propios lingüistas moldavos, menos libres que os seus colegas moscovitas, viñeron moldear a lingua, nas obras normativas, segundo as normas romanesas, evitando, non obstante, poñer en cuestión o nome da lingua ou a grafía cirílica. O papel preponderante do ruso, sen embargo, non se tocaba, no contexto, por certo, dun número crecente de dirixentes, especialistas e obreiros cualificados procedentes de territorios rusos que se afincaban en Moldavia.

En 1990, os drásticos cambios políticos que desembocaron na independencia fixeron posible tamén un regreso ó glotónimo de *lingua romanesa* e á grafía latina. Logrouse declarar na Constitución o romanés como lingua nacional. Mentres os nacionalistas preparaban mesmo a reunificación do país con Romanía, coa que alomenos se puideron asinar acordos que facilitaban a consecución deste obxectivo a longo prazo.

Esta posibilidade de subtraer Moldavia á tutela rusa suscitaba a resistencia e o contraataque dos adversarios dunha orientación pro-romanesa: o grupo dos rusófonos —que actualmente representan ó redor do corenta por cento da poboación— e os antigos directivos da nomenclatura, axudados indirectamente pola indiferencia respecto da cuestión das masas campesiñas moldavas e directamente pola clase política de Rusia. O seu primeiro golpe foi a segregación da rexión industrial ó leste do Dniestre, habitada por unha maioría rusófona, que se autoproclamou República de Transnistria (non recoñecida por ningún Estado quitando Rusia que mantén alí forzas militares; desde comezos de 1999 considera a rexión de interese estratéxico, aínda que se atopa entre Ucraína e Moldavia). No mesmo contexto débese ver a proclamación da República de Gagaúsia pola minoría turanófona ó sur de Moldavia (actualmente rexión autónoma). O segundo golpe, posibilitado tamén polo medo a máis tensións, constituíuno a elección en 1993 dun goberno de partidos antirromaneses, prorrusos e poscomunistas. Estes conseguiron reintroducir na Constitución o glotónimo de "lingua moldava" (se ben admitindo a súa identidade romanesa) e o etnónimo de "pobo moldavo", suprimindo, asemade, o ensino da literatura e da historia romanesas, feito que en abril de 1995 provocou folgas de estudiantes e protestas de intelectuais que nisto vían un retorno á política lingüística da era soviética. Finalmente, o goberno de coalición instalado en 1997, que excluía os comunistas (¡corenta por cento dos votos!), inestable e forzado a encarar unha in-

mensa crise económica e financeira —é dicir, tiña outras obrigas prioritarias—, non fixo practicamente nada para inverter a evolución da situación sociolingüística.

Esta caracterízase a estas alturas polos feitos seguintes. Ata 1990 o ruso, "lingua interétnica", era utilizado exclusivamente no "aparato" do partido (primeira institución en importancia), en toda a administración republicana e local —agás en certos servicios públicos dos concellos rurais— e na xustiza. Prevalecía amplamente nos medios de comunicación, no ensino medio e superior, nas institucións de investigación e nas empresas (onde ás veces había a consigna segundo a cal o que non sabía ben o ruso non era admitido). O uso da "lingua nacional" moldava estaba, daquela, limitado a funcións simbólicas e practicamente subalternas, como vehículo do ensino primario exclusivamente para moldavos nativos, do ensino profesional agrícola, en parte tamén nos institutos non puramente rusos e nas respectivas institucións pedagóxicas e, claro está, como lingua da literatura nacional. Non había ningunha obriga para os non-moldavos de aprenderen a lingua do país.

Entre 1990 e 1993 o romanés, desde entón lingua nacional única, debera impoñerse en toda a vida publica e na economía (daquela aínda cen por cen propiedade do Estado), o que chocaba con dous obstáculos: o seu case total descoñecemento pola maioría dos funcionarios e cadros directivos, pero dos que un certo número foi substituído por romanés-parlantes, e o dominio insuficiente do romanés estándar por parte dos propios moldavos, intelectuais e funcionarios incluídos. Para resolver este problema adoptouse unha lei que obrigaba a todos os funcionarios a aprender o romanés en cursos organizados para este fin. O perfeccionamento da competencia lingüística dos romanés-parlantes estaba abandonado, máis ben, á iniciativa privada e ós contactos con Romanía, unha vez aberta a fronteira despois de cincuenta anos de Pano de aceiro entre os dous "países irmáns". En 1993 o novo goberno parou a aplicación da lei e devolveulle ó ruso unha función pública de lingua de intercomprensión na república máis alá de lingua da parte rusófona da poboación. Chegouse, daquela, a un réxime de cooficialidade das dúas linguas que son utilizadas en dos mundos etno-culturais que, en gran parte, viven isolados un do outro e soamente coinciden na comunicación das grandes cidades, dos medios de comunicación e nunha parte da vida pública. Emporiso, os progresos do romanés son visibles: lingua do goberno, preponderante no parlamento, nos tribunais, nos departamentos de investigación da Academia das Ciencias, na televisión nacional, única lingua vehicular no ensino para romanés-parlantes, incluídas as universidades. O ruso segue sendo o vehículo preferido da economía industrial e do sector bancario privado (dominado por bancos con sede principal na Federación Rusa), así como dunha

gran parte da vida pública, administrativa (pero hai cada vez máis non-moldavos que saben expresarse en romanés) e da prensa escrita. O libro e o periódico rusos dominan aínda nas grandes cidades.

II

Logo desta exposición necesaria, será posible mirar máis de preto as concidencias e diverxencias das situacións lingüísticas de Moldavia e Galicia. Estas situacións caracterízanse polos feitos seguintes.

1. *Herdanza do status de lingua minoritaria e/ou lingua minorizada*

O galego, se ben maioritario en Galicia, é a lingua dunha minoría en España. Este é un feito que desde sempre determinou a actitude fronte a el dos non-galegos e daqueles galegos que non apoiaban as actividades dos círculos galeguistas. Na maioría dos casos o status minoritario implica fatalmente o de minorización, isto é, o feito de que o idioma, mesmo maioritario no seu territorio, ocupa nel unha posición subalterna, non servindo para as funcións oficiais prestixiosas para as que é considerado non apto, igual que os dialectos que se atopan baixo a tutela das "linguas plenas". Se é a situación "clásica" de todas as linguas minoritarias tamén pode suceder que unha lingua nacional se atope en situación minorizada. Tal foi o caso do romanés de Moldavia na época soviética: malia ser recoñecida co nome de lingua "moldava" como lingua nacional, estaba privada da función de principal idioma oficial no propio territorio "nacional"; ningún funcionario da antiga república soviética tiña a obriga de contestar en moldavo a unha demanda, unha queixa ou un aviso que lle fose cursado nesta lingua. Un secretario xeral do Partido Comunista *Moldavo,* función que desempeñaba nos anos sesenta o propio Breshnev, podía ocupar o seu posto sen ter nin idea da lingua do país. Dito sexa de paso que nos dous países a situación lingüística se maquillaba co eufemismo do "bilingüismo harmónico". Ora ben, aínda que hoxe en día a loita glotopolítica teña mellorado sensiblemente a imaxe do romanés en Moldavia, ó cal contribuíu sen dúbida o seu achegamento ó espacio cultural e lingüístico de Romania, é doado de imaxinar que, ante a cuestión inevitable da utilidade, o antigo estereotipo dunha lingua que non serve para moito, e aínda menos para o ascenso social, persiste amplamente nos ambientes orientados xustamente cara á carreira profesional e social.

2. *Dimensión xeográfica da diglosia: dependencia de centros extraterritoriais antigos e novos*

A primeira vista estamos, nos dous casos, ante unha situación diglósica evidente na que a relación entre lingua "alta" e lingua "baixa" reflicte o

dominio, nun pasado recente (pero en realidade prolongado, aínda que de maneira diluída, ata o presente), de forzas sociais das que o centro de gravitación se atopa fóra do territorio en cuestión. Para sermos máis precisos, cómpre engadir que en Moldavia a lingua antes "alta", o ruso, é, asemade, a lingua materna (para os rusos) e a habitual (para rusos e ucraínos) de máis dun tercio dos habitantes, inmigrantes que no entanto chegaron a formar unha verdadeira minoría, mentres que en Galicia, onde a relación estatística entre os falantes do castelán e do galego será máis ou menos a mesma, o grupo dos que maiormente ou exclusivamente falan castelán se compón, ademais dos inmigrantes de afincamento de maior ou menor duración, en gran parte tamén de xente autóctona desgaleguizada. Como non constitúen unha poboación homoxénea (non hai "minoría castelá", que saiba eu), non formulan reivindicacións de índole político-lingüística, ó contrario dos rusos, poboación compacta nas grandes cidades e representada por partidos políticos de seu. A dependencia económica e cultural fronte ós centros extraterritoriais, que se poden chamar, simbolicamente, Moscova e Madrid, parece menor, cando en realidade persiste nos dous casos (para Moldavia engádese a dependencia/ameaza militar, exercida polas tropas rusas estacionadas na Transnistria disidente). Na mesma medida en que o poder central de Madrid opón todo tipo de obstáculos (entre eles o de dereito constitucional) ó proceso normalizador das linguas das nacionalidades de España, Moscova exerce, mediante a rede rusófona dos grupos de presión económica, financeira, militar, cultural e mediática, unha influencia máis ben indirecta pero potente na evolución da situación lingüística de Moldavia.

Sen embargo, os romanés-parlantes de Moldavia, malia que a súa dependencia de Moscova continúa sobre todo no plano económico, volveron recuperar, ó nivel cultural e lingüístico, outro centro de referencia extraterritorial, que é Bucarest. A identidade romanesa reencontrada reforzou, xa o dixemos, a consciencia lingüística e os esforzos por dominar a norma lingüística de Romanía. Se ata comezos dos anos oitenta Moscova era un centro de atracción intelectual, cultural e tamén de carreira para unha gran parte dos intelectuais moldavos, actualmente é Bucarest a que asumiu ese papel, o cal ten como consecuencia o afastamento crecente da poboación rusófona e unha escisión clara entre as elites (alomenos dunha gran parte delas) dos dous grupos socioétnicos. Secomasí, no que atinxe a Galicia, só están os reintegracionistas a considerar Lisboa ou, no caso extremo, Río de Xaneiro como capitais de referencia. Cómpre ter en conta que esta posibilidade de xuntarse, polo menos espiritualmente, a tales centros de irradiación cultural podería ser un argumento forte para o seu proxecto glotopolítico; en realidade, a indiferencia da masa dos falantes e da Xunta fronte ás súas aspiracións desvaloriza esa vantaxe.

3. *Semellanzas socio-económicas: a persistencia dunha situación premoderna*

En Moldavia como en Galicia, unha estructura social semellante, premoderna e un modo de vida tradicional aseguraron, durante moito tempo, o mantemento da lingua romanesa e galega respectivamente pola maioría da poboación. En Moldavia, antano gran provedora de viño e froita da terra para toda a Unión Soviética, esta situación socioeconómica ten traza de prolongarse na actualidade, pois a agricultura, na que os romanés-parlantes representan a clara maioría, é o sector menos afectado polas transformacións recentes. Segundo o censo de 1989, de mil persoas traballando na agricultura, setecentos eran moldavos, douscentos ucraínos, seis rusos e noventa e catro doutras nacionalidades. De mil habitantes de Moldavia, soamente sesenta e un romaneses tiñan un diploma de formación superior, fronte a cento doce ucraínos, cento setenta e oito rusos e douscentos oitenta e seis xudeus[3]. Dez anos máis tarde, pódese supoñer que esas proporcións cambiaron a prol dos romanés-parlantes, se ben sen arredarse demasiado dos datos anteriores. En Galicia, a enquisa integrada no *Mapa sociolingüístico de Galicia*[4] confirma unha tendencia segundo a cal o galego se mantivo sobre todo nas marxes das evolucións modernas da urbanización e da industrialización, cousa que, por outro lado, caracteriza a maioría das linguas en situación minoritaria. A consecuencia disto é que malia o seu alto grao de mantemento da lingua, esta poboación, vista a súa cualificación intelectual e lingüística débil, carece dunha consciencia lingüística o suficientemente forte. Canto máis entra na maquinaria da economía moderna e máis exposta ós medios de masa dos países ou das rexións dominantes, máis se verá tentada a seguir os modelos lingüísticos que facilitan ou o ascenso social ou o consumo cultural. O fenómeno que ó nivel da praxe lingüística se expresa ou a través dun *code-switching* frecuente ou dunha mestizaxe lingüística pronunciada e, ó nivel da consciencia lingüística, a través dun interese glotopolítico feble é visible tanto en Moldavia como en Galicia. É evidente, por conseguinte, que a estas alturas xa non é o "pobo" o que garda a herdanza da lingua e vixía o seu mantemento, xa que lle falta non soamente o saber socio-cultural-lingüístico que hoxe en día é un dos principais factores que actúan en defensa da lingua, senón tamén a motivación práctica.

3. Ciobanu, A. "Teze şi antiteze în jurul denumirii limbii de stat (Factori extralingvistici)", en *Revista de Lingvistică şi istorie literară* 5 (161), Chixinau, pp. 29-37.

4. Fernández Rodríguez, J.; Rodríguez Neira, M. et alii. *Mapa sociolingüístico de Galicia*, I-III, 1994-1996.

4. *Debilidade das forzas portadoras das reivindicacións normalizadoras*

Como consecuencia desa situación socio-demográfica o papel de portador fundamental da herdanza lingüística pasa a outras forzas sociais. Trátase, en parte, dos empregados dos novos servicios públicos creados despois do acceso á autonomía de Galicia, á independencia de Moldavia, e para os cales o coñecemento máis ou menos bo do idioma do país é unha vantaxe ou mesmo unha condición do seu traballo. Desafortunadamente, nin a Xunta de Galicia nin o goberno de Moldavia llelo esixen de xeito consecuente ós seus empregados. Se para estes a lingua do lugar aínda non se atopa sempre plenamente realizada e utilizada como capital cultural, si é o caso para os que practican as profesións relacionadas coa lingua: os ensinantes dos diferentes niveis, os xornalistas e xente dos medios, os animadores culturais, etc. Outro grupo dos defensores e portadores potenciais da herdanza lingüística está representado por aqueles que, cos intelectuais en primeiro lugar, viron o espertar da súa consciencia lingüística provocado polos diferentes axentes da loita normalizadora ou que chegaron á consciencia desta necesidade a través do seu propio saber. Disto resulta que unha sólida educación e formación lingüísticas para toda a poboación é unha premisa indispensable para facer avanzar a normalización. Neste eido, tanto en Galicia como en Moldavia aínda queda moito que facer.

As elites e as forzas intelectuais das comunidades galego e romanés-parlante son estatisticamente pouco numerosas, vista a preponderancia no pasado do castelán e do ruso como linguas da formación intelectual media e superior. Non obstante, máis que o simple número, é o compromiso, a enerxía e o poder reivindicativo os que contan. Así, en Moldavia, durante os motíns de abril do 1995 provocados pola reintroducción oficial do glotónimo de "lingua moldava", puidéronse ver os estudiantes de todas as institucións de ensino superior e secundario manifestárense, decote cos seus profesores; con eles solidarizáronse os colaboradores dos institutos de investigación e as asociacións de artistas, escritores e xornalistas de lingua romanesa. Non cabe dúbida de que a estas alturas en Moldavia hai un potencial mobilizador considerable no seo do cal estudiantes, profesores de instituto e de universidade, investigadores e artistas son os máis activos. Falta o elemento que se engade en Galicia a estas forzas dinámicas e sensibilizadas sobre as cuestións lingüísticas e nacionais: as clases medias, que en Moldavia practicamente non existen (ou soamente de forma incipiente) no interior da poboación romanés-parlante (pola contra, comezou a formarse entre os rusos). Emporiso, aínda que Galicia dispón dun abano de partidos e organizacións de orientación galeguistas, a súa forza de mobilización non pasa moito de sectores minoritarios.

5. *Papel da sociedade civil no proceso normalizador*

En efecto, Galicia presenta, comparada con Moldavia, a vantaxe de que o Partido Popular, no poder na rexión, mesmo se os seus dirixentes proceden do franquismo, adoptaron a reivindicación da normalización lingüística da lingua galega. O feito de tratarse dunha asunción pouco decidida —e lonxe de ser consecuente— explícase polo seu pasado. Os partidos suprarrexionais, pola contra, manteñen unha posición entre animosidade e indiferencia con respecto ós idiomas das comunidades das nacionalidades históricas. Os partidos puramente galegos, como o Bloque Nacionalista Galego, a Unión do Pobo Galego e outras formacións políticas menores, salientan os problemas políticos e sociais máis que os lingüísticos, de xeito que a tarefa de defender publicamente e de forma decidida a normalización consecuente do galego recae plenamente noutras articulacións da socidade civil, tal como o movemento cívico da Mesa pola Normalización Lingüística, o sindicato Centro Coordinador dos Traballadores pola Normalización da Lingua, a Asociación Galega da Língua AGAL, etc.

Comparada coa pluralidade de partidos e movementos galeguistas, nacionalistas, independentistas igual que coas moitas iniciativas normalizadoras en Galicia, Moldavia presenta unha gama moito menos ampla. Os partidos políticos están claramente divididos entre os grupos étnicos; e os partidos para os que votan os paisanos romanés-parlantes non poñen á orde do día as cuestións lingüísticas, o cal fai que os proxectos a prol do romanés sexan a preocupación dunha fracción bastante reducida da clase política. E se, ó nivel das institucións, a Xunta de Galicia mantén relacións abondo boas co Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega, non se pode dicir o mesmo do goberno de Chixinau. O Instituto de Lingüística da Academia das Ciencias de Moldavia está ameazado na súa existencia non soamente por falta de medios, senón tamén por falta de interese: mesmo se lle chegaron a rexeitar os medios para imprimir as súas publicacións dirixidas a potenciar a normalización lingüística. Sen embargo, fronte ó único diario publicado integramente en galego, *O Correo galego*, Moldavia dispón duns dez xornais centrais e rexionais, algúns semanarios e revistas, malia que a maior parte dos periódicos producidos no país son de lingua rusa. A falta dunha institución normalizadora atópase compensada, en parte, pola revista *Limba Română*, que se ocupa das cuestións da lingua e chega a un público abondo amplo. Como a Televisión de Galicia, a televisión de Moldavia emite na lingua autóctona, pero tamén en ruso. Mesmo se non xorden problemas técnicos para seguir a televisión de Romanía, hai que constatar, sen embargo, que a mocidade romanés-parlante segue moito as cadeas rusas e ucraínas.

Por outra parte, entre as institucións implicadas na normalización, cómpre lembrar a escola que, a pesar da posición reservada do gober-

no en materia de política lingüística, logrou a través da actividade dos ensinantes formar unha consciencia lingüística considerable entre os alumnos romanés-parlantes e, partindo deles, entre os seus pais. Nas universidades, o romanés impúxose maioritariamente como lingua de ensino, o cal representa unha vantaxe fronte á Universidade de Santiago, onde a elección do idioma depende aínda do profesorado.

6. *Relación entre consciencia nacional, proxecto glotopolítico e praxe sociolingüística.*

O feito aparentemente paradoxal de que a unha consciencia nacional non corresponda necesariamente unha idea glotopolítica precisa e unha praxe lingüística a prol da popia lingua obsérvase nos dous casos. Non pode sorprender, certamente, que os moldavos romanés-parlantes novos teñan unha preferencia polos medios de comunicación de lingua rusa, máis atractivos que os romaneses pola súa maior variación, mentres que en Galicia os mozos non teñen practicamente outra elección que a televisión en lingua castelá, visto o programa restrinxido da TVG. Mais os moldavos novos tamén se amosan desanimados fronte a se comprometeren plenamente na utilización profesional do seu idioma cando o goberno non favorece o coñecemento do romanés no sector público. O feito de que uns pilotos moldavos que acababan de terminar a súa formación profesional en Romanía non fosen contratados polas autoridades de Moldavia bota unha luz nefasta sobre a actitude oficial con respecto á lingua nacional. Se non se ten a intención de ir traballar á propia Romanía (cousa que xa representa certa tendencia entre os mozos e que pode transformarse, xunto coa emigración masiva en Occidente, nunha sangría intelectual do país), semella preferible unha formación profesional e intelectual menos en romanés que en ruso, idioma que parece seguir sendo o primeiro para o ascenso socio-profesional, alomenos no sector non estatal. A política ambigua da Xunta de Galicia respecto da incorporación de galego-parlantes novos ó servicio público vira a situación comparable coa de Moldavia.

7. *Impacto das discusións arredor da norma e do glotónimo sobre o proceso normatilizador*

O que pexa moito os procesos de normalización lingüística tanto en Galicia como en Moldavia son as loitas arredor das decisións fundamentais por tomar na política da lingua; loitas de intelectuais que producen a incomprensión e a crecente impaciencia por parte da masa dos falantes, sobre todo os campesiños.

En Galicia, as tensións entre "diferencialistas" e "reintegracionistas" ou "lusistas" pola cuestión de se se debe, ou non, volver tan axiña como posi-

ble á unión lingüística co portugués, lingua de importancia global, dispersan as forzas xa febles de seu que reivindican a normalización consecuente do galego. Os primeiros, representados polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega e apoiados pola Xunta, procuran ter en conta ou ben a historia particular de Galicia como parte de Estados castelán-parlantes desde hai máis de cincocentos anos ou ben da tradición do movemento cultural e político galeguista, nacido a mediados do século XIX. Os "lusistas" reunidos na asociación AGAL avogan por ligazóns tan estreitas como posibles co mundo luso-afro-brasileiro, o que se traduce na proposición de normas ortográficas e morfolóxicas que anuncian o paso cara a formas linguísticas portuguesas. Unha variante atenuada disto constitúea a "norma de mínimos" detrás da cal se atopan o Bloque Nacionalista Galego (que nas últimas eleccións autonómicas xuntou a cuarta parte dos votos) e a Mesa pola Normalización Lingüística[5]. Se os primeiros poden recorrer ó argumento forte da practicabilidade dunha norma que corresponde ó estado actual do galego e non supón ningún obstáculo para a alfabetización en galego, os últimos poden apuntar para si o achegamento a un mundo lingüístico que abrangue tres continentes e parece arredar a ameaza dunha absorción do galego minoritario polo castelán, lingua demasiado pouco diverxente dun galego normativizado segundo a opción diferencialista. O reproche dirixido á Xunta e ás institucións mencionadas é o de quereren "españolizar" a norma culta do galego para reducir así os riscos dunha separación política (que, por certo, ninguén proxecta realmente).

Pode resultar sorprendente que en Moldavia, no que atinxe á cuestión da lingua, os termos parezan invertidos. Hai tres opcións posibles: 1) afirmar a unidade da lingua romanesa ó leste e ó oeste do Pruth e facer esforzos por "elevar" o nivel lingüístico dos falantes; 2) volta ó glotónimo de "lingua moldava" e ó etnónimo de pobo moldavo sen, non obstante, negar a unidade lingüística do romanés nin a grafía latina; 3) volta á "lingua moldava" con grafía cirílica e outras marcas diferencialistas. A opción "romanista" é a da maioría intelectual romanés-parlante, a segunda foi a decisión do goberno substituído en 1997 e continuada —sen entusiasmo nin esaxeración, ben é certo— polo goberno actual, un pequeno grupo de "moldovenistas" romanés-parlantes e unha parte probablemente considerable da poboación rusófona. A terceira, finalmente, que na Moldavia propiamente dita dificilmente pode ser sostida en público, xa que suscitaría unha nova onda de protestas, atopa os seus defensores sobre todo nas autoridades da "Repú-

5. Bochmann, Klaus."Problemi della 'normalizzazione' della lingua galega", en Manlio Cortelazzo (ed.). *Guida ai dialetti veneti* VI, Padova, 1985, pp. 223-32 (versión galega en *Grial* 91, pp. 18-28). Bochmann, K. "Le galicien, une langue doublement polynomique", en *Les langues polynomiques.* Corti, 1990. *Actes du Colloque International des Langues Polynomiques,* Université de Corse, 17-22 setembro, PULA números 3 e 4, pp. 46-51. A presentación das vertentes que fixera daquela paréceme válida aínda hoxe.

blica de Transnistria" e en Ucraína, onde a asociación cultural moldava "Luceafarul" acadou, no verán de 1998, a reintroducción da grafía cirílica nas escolas de lingua romanesa da rexión de Odesa.

O paradoxo é que diferencialistas e reintegracionistas dos dous países se volven encontrar en campos políticos opostos. Se a "man de Moscova" semella guiar a dos moldovenistas radicais como en Transnistria e Ucraína, para impedir ós romanés-parlantes estableceren lazos demasiados estreitos con Romanía, Madrid favorece os reintegracionistas radicais galegos coas súas normas afastadas das realidades lingüísticas que erguerían un máximo de obstáculos ante a normalización do galego.

Contra os moldovenistas radicais pódese aducir o argumento dos reintegracionistas galegos, isto é, que o achegamento a un mundo lingüístico reforza a posición social da lingua minoritaria e minorizada. En efecto, basearse sobre a riqueza dun idioma nacional moderno e desenvolvido, como o romanés, é, con diferencia, máis vantaxoso que gastar os esforzos en acuñar terminoloxías e maneiras de expresarse modernas no interior dun espacio cultural limitado. A dificultade consiste na tradición cultural e a mentalidade da maioría: se xa é difícil facer que os campesiños moldavos (e aínda máis os ucraíno-romaneses da rexión de Odesa) comprendan que a súa lingua e cultura son idénticas ás de Romanía, parece case que imposible acostumar a masa dos galegos a unha identidade galego-portuguesa, con todas as eventuais consecuencias culturais, lingüísticas e políticas que esa idea podería implicar.

Se unha reconciliación dos diversos puntos de vista é malamente imaxinable, é, sen embargo, evidente que a división das forzas interesadas na normalización da súa lingua prexudica moito o proceso mesmo. A consecuencia máis sinistra das disidencias é o feito de que os máis dos falantes do romanés e do galego, que xa non se interesan moito pola cuestión da lingua, no lugar de gañalos para o mantemento e fortalecemento da súa lingua, o que se consegue é que perdan o pouco do interese que aportan á cuestión e a paciencia ante o que cualifican, non sen certa razón, como lerias intelectuais, arredadas da vida real e logo superfluas. Sobre o fondo desta mentalidade explícase cómo praxes e construccións glotopolíticas que no pasado servían para ter baixo tutela as poboacións asoballadas das rexións limítrofes dos grandes imperios seguen sobrevivindo interiorizadas por estas mesmas poboacións. A gran decepción dos intelectuais romaneses das dúas beiras do Pruth por ver a gran maioría dos moldavos continuaren a pensar nos termos da invención estaliniana da "lingua moldava", dunha política lingüística dictada desde "arriba" que puido implantarse na consciencia das masas, atopa a súa explicación na indiferencia e na ignorancia dos seus compatriotas.

III

¿Que consecuencias se poderían sacar desta comparación de dúas situacións similares e diverxentes á vez?

As linguas minoritarias e/ou minorizadas só poden sobrevivir ou mesmo impoñerse nos seus territorios cando alí desempeñan funcións comunicativas decisivas no contexto da sociedade moderna. Na situación socioeconómica de hoxe en día, nin sequera as funcións subalternas, que o romanés de Moldavia e o galego exercían automaticamente cando esas linguas eran utilizadas nos ambientes baseados en modos de producción e de vida tradicionais, poden garantirse xa. Se a estas alturas xa é válido para o galego, mañá tamén o será para o romanés de Moldavia cando o país se integre na engrenaxe económica internacional. Para evitar a marxinalización da lingua só vale unha solución: unha normalización enérxica e consecuente destas linguas que as poñan na cerna do interese da súa sociedade. Máis ca nunca é necesario concienciar a masa dos falantes para facer avanzar a normalización. Ora ben, vista a potencia das forzas adversarias ou indiferentes a este proceso, o nivel ata o que a opinión pública pode ser mobilizada para esta tarefa e, a través dela, os gobernantes, depende en primeiro lugar da acción concertada da sociedade civil. Pero mentres os intelectuais (de grande, mediana e pequena talla) portadores do proxecto de normalización se esgoten na discusión desenfreada sobre qué normas adoptar ou qué nomes darlle ó seu idioma antes de que a súa situación social estea asegurada, perden tanto o vencello coas forzas sociais mobilizables como co tempo que, a estas alturas da mundialización, non traballa na súa dirección.

Ó contrario das dictaduras, onde un só interese se impón a todos, o sentido da democracia é o de atopar solucións de compromiso que deixen satisfeitas, polo menos parcialmente, as opinións opostas. Procurar compromisos presupón, primeiro, facer o esforzo de comprender a posición do outro. Ó nivel de política lingüística trátase, daquela, de encontrar un denominador mínimo común para superar a parálise actual que caracteriza a situación sociocultural dos dous idiomas.

K. B.

DOCUMENTOS

Eduardo Pondal e o diccionario da Academia: unha carta inédita

Xosé María Dobarro

Ás 21 horas do luns 17 de abril de 1905, no salón de sesións do Centro Gallego da Habana, celebrou a súa primeira xunta a Comisión xestora da "Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega[1]" so a presidencia de Curros Enríquez quen comenzou a súa alocución

> manifestando que la causa de encontrarse en aquel lugar era debido á que habiendo leido un concienzudo trabajo del notable historiador don Manuel Murguía en donde se demostraba la necesidad urgente de hacer un diccionario completo de la lengua gallega y exponiéndole nuestro entusiasta compañero D. José Fontenla, en una entrevista que con él tuvo, la conveniencia de fundar en Galicia una Academia Gallega que cultivara nuestro idioma y nuestra historia[2].

Falou tamén

> de la evolución que sufren las lenguas según el tiempo y las circunstancias, de la importancia del idioma gallego, padre del castellano y del portugués, y de la necesidad de crear en Galicia una Academia Gallega que evite la corrucción [*sic*] que sufre nuestra lengua por culpa de propios y extraños[3].

E referiuse, así mesmo, á

> necesidad de recoger las voces que tiene el gallego y las palabras que figuran en los cancioneros y documentos antiguos; protestó de que al gallego se le llame dialecto, siendo padre del castellano y del portugués[4].

1. No sucesivo citada como AIyP.
2. "Por la Academia Gallega", *Galicia*, Habana, 23-IV-1905.
3. *Ibidem.*
4. *Ibidem.*

Despois doutras intervencións tomou a palabra

> Fontela *[sic]*, iniciador del proyecto, que presentó también á la mesa una proposición acerca de las bases sobre que debe establecerse la Academia Gallega[5].

Consecuentemente con esta proposición do litógrafo ferrolán, procedeuse ó

> nombramiento de la Comisión que ha de redactar el reglamento porque ha de regirse la Asociación constituída en la Habana para la fundación en Galicia de la indicada Academia, siendo designados, para formarla los señores siguientes:
>
> Presidente: D. Manuel Curros Enríquez; D. Ángel Barros, vicepresidente; D. Alfredo Nan de Allaríz, secretario; y los Sres. D. José López Pérez, D. José Fontela, D. José Abeleira, D. José Castro Chané, D. Plácido Lugrís y D. José A. Fernández[6].

Unha vez aprobado o regulamento, o 24 de xuño do propio 1905 envíanlle unha carta a Murguía, a quen, xunto cunha comisión de persoas competentes das catro provincias, lle encargaban a fundación, dándolle conta dos feitos

> Muy señor nuestro y estimado coterráneo:
>
> Suponemos á usted enterado por la prensa regional y la de la Isla, del propósito que anima á los que suscriben, de promover la creación en Galicia de una "Academia" encargada de velar por la conservación y perfección de nuestra lengua, publicar la "Gramática" y el "Diccionario" de la misma, recoger y conservar también los monumentos dispersos de carácter arqueológico y artístico que puedan ser útiles á la historia de nuestra raza y de nuestro pueblo y promover, en suma, cuantos estudios, dentro de esos órdenes, contribuyan al conocimiento de nuestro pasado y preparen el desarrollo científico de nuestra región, elevándola al mayor nivel de cultura posible.
>
> [...]
>
> Mas, como quiera que la necesidad de esa "Academia" se hace cada día más sensible para unificar, depurar y fijar nuestro idioma, pues harto conocida es la anarquía reinante en materia de lenguaje dentro de nuestra región [...] un miembro entusiasta de nuestra colonia en Cuba, el obrero D. José Fontenla, incansable promovedor en esta Isla de cuanto tienda á favorecer el progreso intelectual de nuestra patria, recogió el pensamiento, al aparecer abandonado, de la fundación de aquel Centro, citó á una reunión de elementos gallegos á la que hemos concurrido y en la que expuso las bases de esa fundación y, después de elegida una mesa que se encargó de nombrar una comisión para redactar y discutir el Reglamento [...] éste fue redactado sobre aquellas bases, y discutido ampliamente y votado, se sometió para su aprobación á la autoridad competente, quedando desde ese momento constituída en esta capital una sociedad cuya denominación y cuyos fines se determina en los artículos siguientes:

5. *Ibidem.*
6. *Ibidem.*

> 1°. La Sociedad se titulará "Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega", cuyo título será la inscripción que pondrá en el sello con que autorice sus documentos.
>
> 2°. La Asociación tendrá por objeto:
>
> Primero: Constituir en el punto que mejor convenga de Galicia, una Academia gallega sin más carácter que el de dar unidad al idioma gallego por medio de la publicación de una "Gramática" y un "Diccionario"; estudiar las ciencias; cultivar la Literatura y las Artes, inclusas las industriales; recoger nuestros cantos populares y nuestros monumentos arqueológicos, y realizar cuanto tienda á enaltecer y glorificar el buen nombre de Galicia.

Asinan o escrito Curros Enríquez como presidente, Angel Barros como vicepresidente e Alfredo Nan de Allariz como secretario.

Aínda que pouco despois da recepción deste oficio a Academia comezou a funcionar e xa tirou o seu primeiro *Boletín* o 20 de abril de 1906 no que, entre outras cousas, informaba do material léxico do que dispuña para a elaboración do diccionario:

> En medio del trabajo inherente á la organización de la Academia, [...] la Junta de Gobierno no descuidó la obtención de material léxico, y hoy puede decirse que cuenta, entre otros, con el Diccionario inédito del ilustre Sr. D. Juan M. Pintos, galantemente cedido a la Academia por el Sr. D. Ramón Pintos, de Pontevedra. Dicho Diccionario, que se creía perdido, cuenta de 12 a 14.000 voces.
>
> Las papeletas recogidas por el Sr. Murguía, que serán otras 12 o 14.000 y el Vocabulario del dialecto de Padrón recopilado por el señor Paisal, a principios del siglo XIX, y las entregadas por los Sres. D. Manuel Lugrís, D. Eugenio Carré, que lo hizo de las recogidas por su malogrado hijo José, y las de otros varios.
>
> Por Secretaría se trabaja por el buen orden y colocación de estas papeletas, y hoy puede decirse que están ya arregladas unas 18 o 20.000[7].

Ata dezaoito meses despois non se celebrou a súa constitución oficial, que tivo lugar no salón de actos da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña ás 19,30 horas do domingo 30 de setembro. Na súa intervención como presidente, Murguía, na liña deseñada pola AIyP, fixo especial fincapé no referente á lingua e á literatura e cultura popular

> Ellos nos lo han dicho: quieren que empecemos por el estudio del idioma que hablamos hace más de diez siglos. Hacen bien; pueblo que olvida su lengua es un pueblo muerto. Quieren asimismo que penetremos en los abismos de la producción popular gallega, pues en ellos viven todavía las creencias, los sentimientos, el alma entera de Galicia.
>
> [...]
>
> Lo primero nuestra lengua.
>
> [...]

7. *Boletín de la Real Academia Gallega* 1, 20-IV-1906, p. 5. No sucesivo *BRAG*.

> Por eso, y para recoger en Galicia su verdadero léxico, dar a conocer su gramática, y afirmar su existencia, se fundó esta Academia. Porque el idioma de cada pueblo es el característico más puro y más poderoso de la nacionalidad[8].

Dous meses despois do solemne acto, na primeira Xunta ordinaria celebrada o 1 de decembro, xa se informaba dos traballos feitos

> para la confección del *Diccionario Gallego*, determinándose los medios que han de ponerse en práctica para obtener en toda la región el mayor número de voces usadas en las diversas comarcas de Galicia, a fin de dar a la nueva obra la importancia y el alcance que debe tener[9].

Un mes despois, na Xunta Ordinaria do 1 de xaneiro de 1907 —tal e como se recolle nas Actas e non en febreiro como di o Boletín—, nomeáronse as comisións xestora, ortográfica e clasificadora de papeletas para a confección e clasificación do Diccionario Gallego e convocáronse para se reunir, proceder á súa constitución e comezar as súas tarefas.

Os membros que formaban parte da comisión de clasificación de papeletas eran Manuel Murguía, Salvador Golpe Varela, Eladio Rodríguez González, Francisco Tettamancy Gastón e Florencio Vaamonde Lores[10]. Unha vez constituída nomearon presidente a Salvador Golpe e secretario a Florencio Vaamonde, feito do que se dá conta na sesión de marzo[11]. Nesta sesión tamén se leron —acordadas no acto de constitución da comisión xestora—

> las "Instrucciones" que acompañarán a las Hojas para recoger voces en toda Galicia para el Diccionario, que será así la obra colectiva de toda la región, y no de mayor o menor número de personalidades[12].

e se deu conta dos cometidos de cada comisión. A de papeletas tiña o de arranxar

> los millares de papeletas ya coleccionadas. Proceder al estudio de las mismas para la redacción de una papeleta única de cada voz y a cuya papeleta, antes de ser definitiva, se agregarán todos cuantos nuevos datos aporten los que reciba la Comisión Gestora[13].

Tratábase de que todos os académicos, tanto numerarios como correspondentes e adxuntos, colaborasen na tarefa de repartir papeletas para a elaboración do diccionario, así como de conseguir doazóns de particulares.

8. Discurso del Señor Académico Presidente, en *BRAG* 6-7, 20-XI-1906, pp. 126-28.
9. "Sección Oficial. Junta Ordinaria del día 1.° de diciembre de 1906", en *BRAG* 8, 20-XII-1906.
10. "Sección Oficial. Junta Ordinaria del 1.° de febrero de 1907", en *BRAG* 10, 20-II-1907, pp. 217-18.
11. "Sección Oficial. Junta Ordinaria del 4 de marzo de 1907", en *BRAG* 11, 20-III-1907, p. 241.
12. *Ibidem*, pp. 241-42.
13. *Ibidem*, p. 243.

Polo que hoxe se sabe, Pondal foi un dos primeiros en cumprir con este labor, segundo se desprende do texto da carta, depositada nos fondos da Real Academia Galega, que hoxe exhumamos

Sr. Presidente de la Real Academia Gallega:

Para recoger las voces de las comarcas de Carballo (Bergantiños) y de Corcubion, entiendo que debe enviárse papeletas a los Señores siguientes:
En Carballo.
A los Señores
Dn Silverio Moreda Alvariño, abogado.
(distrito de La Laracha)
Dn Adolfo Racedo García, abogado.
(Carballo)
Dn Eduardo Pondal
(Puenteceso)

En Corcubion.

A los Señores
Dn Gonzalo Lopez Abente
Abogado (Mugia)
Dn Marcial Recamán, médico. (Corcubion y Finisterre)
Dn Fº Graíño, abogado (Vimianzo)
Dn Fº Osende Lira
(Zás)
Dn Feliciano de Castro, farmacéutico.
(Santa Comba "Negreira" comarca de Xallas)

Dios guarde a V. muchos años

Eduardo Pondal

Puenteceso, 22 de Marzo de 1907.

Como se pode apreciar, os posibles confeccionadores de papeletas teñen profesións por unha banda prestixiadas e pola outra son xentes cultas en contacto diario, polo seu traballo, cun importante número de persoas de todas as condicións sociais.

Hoxe sabemos que Pondal devolveu á Academia papeletas, para a confección dos tres primeiros cadernos do Diccionario, entre maio e novembro de 1908 así como que doou un manuscrito autógrafo de 60 páxinas que contén 560 palabras de todas as letras do alfabeto, moi probablemente un borrador para a elaboración das papeletas[14].

14. X. Mª Gómez Clemente-X. B. Arias Freixedo: "O 'Vocabulario Gallego-Castellano' de Eduardo Pondal", *Cadernos de Lingua* 2, 1990, pp. 11 e 18-19.

O que non se sabe é se algunha das persoas propostas por Pondal chegou a enviar material, ben á Academia, ben ó propio bardo. Isto, tal vez, chegue a saberse cando conclúa o traballo de clasificación minuciosa das papeletas que se conservan[15].



ABENEIRO.—Variantes: *abeneiro* y *aneiro*.—Aliso: árbol que se cría en parajes húmedos y a las orillas de los ríos. Se utiliza su madera para la construcción del calzado llamado en el país *zocos* y *socas*: se emplea también para ejes de carros y otros usos.

«*Eu ben un estal-o mouchó*
na punta d' un abeneiro
co a sabela na man
deprendendo a zapateiro.»

AMEIXA.—Ciruela (variedad de). Fruto de la *ameixeira*: *Ano de ameixas, ano de queixas.*—Marisco que se cría en el mar y en algunos ríos.

CAÑAR.—Capturar o aprehender a alguno que escapa o anda escapado: *Xa te cañarei.*—Limpiar los cereales de la paja menuda que queda en los caños.—Espumar el pucherо.

DONOSIÑA.—Variantes: *denosiña, donicela, donisia.*—Comadreja: crece en los campos, destruye los ratones y las crías de las aves: se tiene por buen agüero cuando anida en una casa; otros tienen por funesto su encuentro.

INVERNO.—Invierno.—*Cando a candelaria chova, mild do inverno vai fora.*—*A muller do viñadeiro, bon outono e mal inverno.*

LÓXO.—Coyunda de cuero o de madera que sirve para sujetar el yugo a la lanza del carro o del arado.

LOXO.—Loro.—Ave de América. (Se anota para que se vea como se señala la diferencia fonética y pueda servir de ejemplo.)

MILICROQUE.—Variantes: *milirroque, bilicroque, dedaleira.*—Digital: planta medicinal de flores purpúreas. Se emplea especialmente para combatir las enfermedades del corazón: aun cuando planta silvestre se cultiva también en algunos jardines.

MÁGOA.—Dolor moral, pena, aflicción.

«*Mais o que uen quixo un dia*
Se a querer ten afición
Sempre lle queda unha mágoa
Dentro do seu corazón.»

NIÑO.—Nido.—*Niño feito, pega morta.*

«*Que demo de merlo mouro*
onde foi poñel-o niño,
cuberto todo de polas
no medio d' un carbatiño.»

Enxeital-o niño, se dice cuando las aves abandonan el nido por haber notado señales de haber andado en él.

XEITO.—Modo, traza.—*Darlle xeito a unha cousa.*—*Non estar de xeito para elo.*—*Eso non ten xeito.*—Aparejo de pesca.

15. Xa na redacción final deste pequeno traballo tivemos oportunidade, por xentileza dos seus autores —queremos deixar constancia do noso agradecemento—, de consultar a interesante comunicación "A achega de material léxico ó Diccionario da Real Academia Galega (1913-1928)", de Carme Cambre García, Xosé Luís Martínez Allegue, María Dolores Sánchez Palomino e María Dolores Sánchez Vales, presentada no "VI Congreso Internacional de Estudios Galegos" celebrado na Habana en abril do presente ano 2000.

Sr. Presidente de la Real
Academia Gallega:

Para recoger las
voces de las comarcas
de Carballo (Bergantiños)
y de Coruña, en-
tiendo que debe en-
viárse papeletas
a los señores siguien-
tes: En Carballo.
A los señores
Don Silverio Moreda
Alvariño, abogado.
(Distrito de La Laracha)

Dn Adolfo Macedo
García, abogado.
(Carballo)
Dn Eduardo Pondal
(Puenteceso)
En Corcubión
y los señores
Dn Ignacio Leyer Abente
abogado (Noia)
Dn Marcial Mecamán, médico. (Corcubión y Finisterre)
Dn Ño Graiño, abogado (Vimianzo)
Dn Fº Osende Lira
(Zás)
Dn Feliciano de Castro, farmacéutico.
(Santa Comba, Negreira
Comarca de Xallas)

Dios guarde a
V. muchos años
Lorenzo Pimodal

Puentecesa, 22
de Marzo de 1907.

LIBROS

SECCIÓN A CARGO DE:
LITERATURA: **DOLORES VILAVEDRA.** HISTORIA: **XAVIER CASTRO.** CIENCIA: **MANUEL RODRÍGUEZ. GUSTAVO A. GARRIDO.** FILOSOFÍA: **CARLOS FERNÁNDEZ.** LINGÜÍSTICA: **HENRIQUE MONTEAGUDO.** CIENCIAS SOCIAIS: **XAN BOUZADA.** POLÍTICA E DEREITO: **ÁLVARO X. LÓPEZ MIRA.** ECONOMÍA: **XOAQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA.**

O espello no serán

● RAMÓN OTERO PEDRAYO. *O espello no serán*. Introducción: X. M. Salgado. Estudio Lingüístico: Mónica Goñez. Editorial Galaxia, Vigo, 2000.

"Compostela subxugou a don Ramón e el aplicouse á tarefa de inventa-la Compostela literaria pero cremos que non conseguiu crear unha cidade-personaxe", escribe na introducción á nova edición de *O espello no serán* o profesor X. M. Salgado, aínda que, lembra, estivo na mente de Otero Pedrayo "facer unha grande novela sobre Santiago consonte manifestou el mesmo no segundo artigo que escribe en *A Nosa Terra* [...] Este propósito inicial cremos que foi abortado, fundamentalmente, por dúas razóns. En primeiro lugar, por motivos puramente estéticos, ó xulgar o propio Otero anacrónico empeña-lo seu labor na creación dunha novela de características similares a algunha dos autores por el citados" (a Venecia de Ruskin, a Bruxas de Rodenbach, o París de Victor Hugo, o Toledo de Barrés). "Semella, por outra banda —prosegue o profesor Salgado— que Otero se sentiu incapaz de face-la grande novela sobre Compostela por razóns puramente técnicas; era, ó seu parecer unha empresa demasiado ambiciosa que lle acarrexaría serias dificultades de non acometela co necesario rigor e, ó non poder dispór do tempo que el tiña que gastar noutros proxectos, non precisamente de índole literaria, íalle ser cáseque imposible leva-la nao a bo porto, de aí que desbotase moi pronto esta idea". Ora ben, se Otero non escribiu a "grande" novela sobre Santiago, o certo, como recorda o introductor, é que a maior parte da súa obra xira arredor de Santiago, xa que a esta vila dedicou inumerables artigos e traballos, así como nesta vila se desenvolven novelas, relatos e contos do escritor ourensán. Mais pódese afirmar que todo o que Otero escribiu —soñou, inventou— sobre Santiago converxe no cume que é o presente volume. Mais, así e todo, Santiago continúa sen ser, en Otero (en en calquera outro escritor galego), unha cidade-personaxe. Non por falla metafísica, nin menos por voluntarismo.

"Precísase pr'a novela un tempo de esprencia histórica. Esprenza urbán sobretudo", escribía o propio Otero no número 123 de *Nós* falando da "novela do trópico". E se ben Santiago ten experiencia histórica, é da historia pasada. E a experiencia urbana de Compostela é nula. Segundo X. M. Salgado, "en *O espello no serán* están reflectidas as tres concepcións que Otero ten de Santiago. Está presente a cidade-emblema da Galicia universal [...]. Ofrécese en segundo lugar, a visión de Compostela indisociablemente unida á figura do Apóstolo, como símbolo da galeguidade [...]. Asistimos por último, á consideración de Compostela com unha *cidade campesiña* (subliñamos nós) e lugar de encontro de tódolos lugares de Galicia". Penso que é precisamente por esas concepcións de Compostela, sobre todo a terceira, que lle foi imposible a Oero escribir a "grande" novela sobre Santiago. A cidade moderna foi construída por dúas forzas en total enfrontamento: a burguesía e mais o proletariado. A burguesía industrial daralle o nome e o proletariado será quen a constrúa. En Compostela faltan, precisamente, esas dúas forzas. Nin burguesía nin proletariado, xa que logo, cidade clerical, curialesca, mesocrática, funcionarial e, ademais, erguida por artistas (p. 59). Hai que inventala, soñala, cidade campesiña, artesanal e fidalga, porque son os labregos os que tripan as súas rúas e a manteñen, e os artesáns e os fidalgos conforman o seu "carácter". Santiago nunca foi —xa non será— unha cidade moderna, polo que dificilmente se poderá asistir á aparición da "grande" novela sobre Compostela, a non ser en novelas de "ciencia-ficción". Quizais, si, sobre os seus arrabaldes, que nada teñen que ver coas venerables pedras. Santiago era unha cidade maiormente clerical e, é evidente, como afirma Oero en "A romaxe compostelá de Castelao": "Débeselle ós galeguistas, a Daniel o primeiro, a nova e lexítima interpretación e sentido da cidade, da súa simbólica que se lle franqueaba como os ousos sen flor á luz do alborexar". Unha nova interpretación que vai cambiar o sentido da cidade, dándolle un valor simbólico e un novo sentido do que Otero será o intérprete maior. [Cabe, non obstante, preguntarse, sexamos un pouco ucrónicos, qué tería pasado se o galeguismo escollese como símbolo da Galicia universal, como encontro de todos os lugares da Galicia, como cidade-emblema unha cidade como A Coruña, naquel momento posuidora de todos os alicerces necesarios para facer dela a cidade de Galicia, é dicir, unha cidade de tradición liberal, galeguista e socialista. Recordemos que na Coruña naceron a Cova Céltiga, as Irmandades, tiña a sede a Academia Galega, foi o núcleo principal do galeguismo liberal, nela saíu elixido por ver primeira un concelleiro galeguista: Luís Peña-Novo, etc. Tal vez foi a oportunidade perdida].

Ante a imposibilidade de facer, de escribir, a "grande" novela sobre Compostela, imposibilidade da que Otero era demasiado consciente, ¿como escribir sobre Santiago? ¿Que forma darlle ós escritos sobre Compostela?: ¿o poema?, ¿o relato ou conto?, ¿o traballo histórico?, ¿o artigo xornalístico?, ¿a impresión literaria?, ¿a evocación?, ¿o ensaio xeográfico?, ¿a guía turística?. De todo un pouco, quizais, mais, sobre todo, procurar, soñar... e crear. Como dicía Proust, encontrarse ante unha cousa "que aínda non existe" e "introducila no campo da súa visión", da memoria. É entón cando se crea. Otero topa cunha Compostela máis verdadeira que a realmente existente. Unha Com-

postela soñada —"as cousas non se demostran máis que en soños", p. 51— e real á que cómpre dotar dunha simbólica, dunha verdade, dun destino, dunha beleza que vén, para Otero, do pasado mais que debe proxectarse cara a un futuro que será, o triunfo da galeguidade tal e como el a concibe. Unha beleza que para Otero, en certa maneira seguindo a teoría de Platón, constitúe a manifestación do ben.

E Otero púxose á tarefa: crear, inventar Compostela mediante a prosa. Unha prosa como a que se demandaba Baudelaire no limiar de *O "spleen" de París*: "[...] unha prosa poética, musical, sen ritmo nin rima, bastante flexible e bastante áxil para se adaptar aos movementos líricos do soño, ás oscilacións da conciencia". Sen rima, porque serían ripios, sen ritmo porque como sinalaba o propio Baudelaire a propósito de Poe, "os artificios do ritmo son obstáculos invencibles para o desenvolvemento polo miúdo de ideas e expresións que teñen por obxecto a *verdade*", a "xeada cinza desta prosa", escribe nun momento determinado Otero (p. 67). Unha prosa que peta na fala "por dedentro, dándolle ao idioma galego unha andadura máis aberta e lixeira do que se usa, axeitada ao asunto" (Cunqueiro). Unha prosa na que, malia todo, o ritmo e a tensión están presentes: "Os silencios eran aínda novos. Decatábanse sorprendidos e sós. Denantes, o elementar silencio cósmico descido en negrada de silencio pousaba e sentíase acollido no salmear dos coros, decorría nas regradas pausas das horas canónicas. Cada convento e mosteiro e capela tiña o seu xiro, e arredondábao ó seu estilo. Un sonoro bosque de coros. San Martiño, San Paio, San Agostiño, San Francisco, San Pedro de Afora, Santo Domingo, San Lourenzo, e os conventos de relixiosas, e Conxo onde no bosque o xasmín se fai fermoso e triste Narciso de ulido ó amparo das nais carballas e emocionadas co delirar do lirismo sen obxecto" (p. 110); "Mais dado ás vagas composicións dos amentíos e ás avenzas, o Viso enxoito, tacto xeado, poucas, falas, capa remontada, enxerga para os outos castros mestas flores en troques de carpazos de bravádigos, asubía no chifro dos aires, atura co fociño rabudo algunhas remendadelas de centeo e pouco se fixa no valciño nado, como pensamento en esgrevia fronte, ós seus pés" (p. 196); "Infanzona, labrega, raíña, maorazga de pozo, peleriña, abadesa. Temos lembrado o carácter do teu ser de pedra. E agora vivimos na verdade do teu ser de nube" (p. 358); "Forma do mar, imaxe do horizonte, esquema do vento, espello da luz mareira, intre callado do nacer da foula e do agarimo dunha vida doce, salgada, elementar e mesta, sen arelanza de membros nin pesadume ou lei de esqueleto, esquema do latexar aínda cego, gozoso, táctil, da vida, e xa dono dunha fórmula do universo" (p. 392). "Unha prosa que é difícil adscribir a un xénero literario concreto, aínda que cómpre lembrar que a modernidade se caracteriza pola confusión ou negacion dos xéneros.

O profesor Salgado fai unha división: esbozos dramáticos, textos narrativos, biogafía novelada, e os textos restantes, "poemáticos moitos deles, poden incluírse, *grosso modo*, dentro da modalidade ensaística". Malia o carácter "fragmentario" da obra, esta goza dun duplo carácter unitario. [Á parte que neste volume, a incoherencia convértese en coherencia, a dispersión en principio de unidade, a contradicción en principio dunha lóxica, a desorde

principio dunha orde, dun modo de composición artística. Un estilístico, outro ideolóxico. Sexa relato, biografía novelada, esbozo dramático, textos narrativos, poema en prosa, "prosa ensaística", en todos os textos, en todos os cadros, pois ás veces parecen explicacións ou descricións de cadros, Otero emprega os datos históricos con plena liberdade: reconstrúe libremente o pasado de maneira irónica e persoal. É capaz de cadros dunha asombrosa seguridade, relaciona todo a unha verdade sentimental e íntima, tamén a unha verdade colectiva (o galeguismo), pois é no máis profundo da vida interior do escritor, en correspondencia coa súa vida publica, que se reflicten todos os trazos decisivos e as imaxes dunha verdade absoluta que forman a materia da súa obra para crear o ambiente en última instancia máxico e engaiolador que lle é propio, tanto á obra como á cidade. Da cidade imaxinada ou ensoñada. Imaxinada ou ensoñada a partir do propio vivir, da viaxe cara ó pasado do autor. É dicir, Otero procura Compostela tanto no pasdo colectivo como no propio pasado, nos recordos —reais ou inventados, personais ou librescos— nos que se mergulla para procurar a imaxe de presente de Compostela. Un presente que é experimentado como historia, porque para o Otero daqueles anos en que os seus compañeiros foran historia, porque para o Otero daqueles anos en que os seus compañeiros foran humillados, perseguidos, exiliados, fusilados, o tempo de Compostela, o tempo de Galicia, xa que logo, xa non é o pasado, tal vez tampouco o presente, senón a utopía —¿rota?— do futuro. Utopía que se fai presente no capítulo XCVIII, "Morte en Compostela", onde don Ramón, sabendo que a vida é irreductiblemente o que é —cambio, devir ou devalar e morte—, sitúa na cidade amada a victoria sobre a morte, e sobre a súa morte. Unha victoria temporal, mentres en Compostela cante "o romnce da esperanza e da saudade". Eis, pensamos, de onde deita a unidade do libro.

X. G. G.

As doce e sereno

● MANUEL GUEDE OLIVA. *As doce e sereno*. Edicións Xerais, Vigo, 2000.

As doce e sereno é a volta ás letras de Manuel Guede desde hai bastantes anos, supomos que absorto nos labores de xestión do Centro Dramático Galego, de seguro complicados, así como da dirección de diferentes proxectos teatrais nos anos 90. Manuel Guede (A Guaira-Venezuela, 1956) é un home de teatro desde 1973 e a súa biografía está vencellada ós grupos dramáticos que, nas vésperas da transición, proclamaban a forza da palabra reivindicativa contra a alienación e o colonialismo cultural: desde Histrión 70 ata o grupo da Agrupación Cultural Auriense e logo na Cooperativa Caritel (1982),

que abriu novos campos para o teatro galego da época, mesmo con obras censuradas que tiveron que burlar as estreitas mentes pensantes dalgunhas autoridades ourensás.

A presentación literaria de Guede, tanto desde a poesía como desde a narrativa, tivo un común afán provocador e un intento continuado de relectura do Ourense da súa infancia. Guede incorpórase conscientemente ó *continuum* de autores que ficcionaron Ourense como universo literario, mesmo recreándoo en novos alcumes literarios como Auria, Ouréns, Serenou, etc. Coñecedor desa tradición —con nomes tan egrexios como Otero Pedrayo, Vicente Risco, Blanco Amor, Méndez Ferrín ou Carlos Casares—, Guede vaise asulagar conscientemente nela para facer aboiar a parte máis "canalla" desa realidade, aquela que comunica co Ourense marxinal e lumpemproletario de Blanco Amor, pero que está presente ás veces, aínda que de forma máis intuitiva e menos consciente, en moitos outros autores. Esa vocación "canalla" da cidade é consciente no seu primeiro libro poético *Contra Serenou* (1985), presentado por Méndez Ferrín e Basilio Losada e que está dividido en dúas partes de nomenclatura ben definitoria: "Prostibulario" e "Demolición da néboa". A poesía devén así tamén acto teatral, declamatorio, invocación contra as néboas da historia mediocre da cidade e capa na que enxergar as mellores lembranzas da cidade literaria, quizais a única que existe, a que debuxa a melancolía de don Ramón, o disparate de Xan da Coba e o drama inmenso de todos os Milhomes da vella Auria. A mesma vocación de axuste de contas, neste caso cos días da Guerra Civil, evidenciouse tamén en "Vísperas de Claudia" (1988), escrita expresionista e tremendista, que xoga coa historia, coa literatura e coa metaliteratura para desenvolver un mundo persoal, "canalla" e desolado.

Volve agora Guede ás letras desde o rexistro poético e cun poemario moi vencellado coas súas obras anteriores, ós versos de *Contra Serenou* e as páxinas de *Vísperas de Claudia* (1988), tanto no nivel do rexistro formal como nos seus contidos argumentais. O propio poeta confesa este vencellamento coas súas orixes poéticas no seu novo libro: "Sei, á fin, que cando un se declarou 'Contra Serenou' non hai regreso nunca e queda, unicamente, asumir con chulería a maldición do estranxeiro". Cabe, pois, ler como obra autónoma *As doce e sereno* pero esta lectura enriquécese de forma moi substancial se somos quen de ler os seus versos de hoxe en diálogo directo con aqueles seus escritos de hai quince anos.

As doce e sereno é un libro que escolle o seu adro de comunicación entre Shakespeare e Eduardo Blanco Amor. Unha cita diferente do dramaturgo inglés encabeza cada unha das sete partes, agás a última, en que se estructura e divide o poemario: "Consumación das rupturas", "Axuste de contas", "Seixalbo", "Anecdotario e paisaxe", "Neboeira privada", "Emboscadura e límites", e o remate, en prosas líricas titulado "Para regalarlle estatuto a unha cidade en néboa", que collería ben no subxénero de "Verbas poemáticas" que escribía para a revista *Nós* o poeta ourensán-arxentino de Dacón, Francisco Luís Bernárdez. Sorprende a pertinencia de cada unha destas citas en íntima relación cos contidos de cada unha das partes: aínda que é de supoñer que estas citas

serían integradas despois de escrito o tronco central do libro, dalgún xeito o poemario podería lerse tamén como unha relectura ou glosa das citas do autor de *Macbeth* desde a propia experiencia persoal do poeta. Como Virxilio acompañando a Dante ou Curros da man de Añón, Shakespeare ilumina e focaliza cada un dos elementos de maior interese do libro e cabe engadir que quizais ningún autor das letras universais sexa tan bo compañeiro para esta viaxe literaria: ó cabo, como se indica na última cita do libro, esta do dramaturgo Peter Brook, "Todo está en Shakespeare", tamén en xermolo, en estado previo á xénese, pois, o propio libro de Manuel Guede.

O outro pé en que se sostén *As doce e sereno* é, obviamente, Eduardo Blanco Amor. Tal como sucedía en *Contra Serenou* e *Vísperas de Claudia*, a presencia blancoamoriana faise nidia e patente mesmo en poemas metaliterarios como "A esmorga...¡claro, claro!" ou "Outra balada dos aforcados", que recolle o topoi literario de François Villon, poeta que tanto entusiasmou a diversos escritores galegos desde Cunqueiro a Ferrín, pero no caso de Guede para facer unha singular mestizaxe literaria que bebe tanto do mundo medieval parisino e goliardesco de Villon como do Eduardo Blanco Amor do capítulo final de *Xente ao lonxe*. En calquera caso, buscar unha xenealoxía en Blanco Amor quizais sexa restrictivo cando estamos a falar xa dun universo colectivo que se perde nos finais do século XIX, nos contos de Francisco Álvarez de Nóvoa e Heraclio Pérez Placer, ata recuncar nos relatos renovadores dos 60 dun Méndez Ferrín, por exemplo.

Todo escritor necesita dunha tradición, consciente ou non, afirmada ou negada, boicoteada ou violada, pero tradición ó cabo. Guede ensina as súas cartas desde o principio: escritor afeccionado á metaliteratura, inserta os seus poemas nunha paisaxe tan persoal e íntima como ó mesmo tempo literaria e imaxinativa. Pasean os seus versos polo Miño, o Pozo do Inferno, o Ourense da néboa e da canalla, o Barbaña, a Praza da Leña e o referente máis próximo, dos días adolescentes, do Capitán Bombilla. Terreos e personaxes que saben a literatura e que Guede é quen de recrear na súa persoal relectura, sempre en busca da Memoria e dos soños perdidos. Os espacios son sinais de referencia, guías dun camiño e dunha pelerinaxe por tempos esvaecidos, marcas dunha biografía que se confunde coa nostalxia doutrora. Porque *As doce e sereno*, aínda non o dixen, é un libro que fala, sobre todo, da Memoria. Ou, mellor dito, das moitas e diversas memorias que aboian conxuntamente no libro. Velaí, pois, a memoria da cidade, a memoria do pai, a memoria do tempo pasado, quizais a memoria dos soños que nunca chegaron a ser realidade.

Hai un certo ton elexíaco ó longo do poemario, que nos achega máis a Villon e a Cunqueiro que ó propio Blanco Amor, diríase —se souben ler na xénese emotiva dos poemas ou, en calquera caso, na miña persoal lectura e, xa que logo, construcción propia do meu libro, porque, de feito, cada lector le un libro diferente—, diríase, insisto, que o poeta emprende unha viaxe iniciática, como os vellos heroes gregos, en busca dos referentes perdidos, das paisaxes arrombadas polas novas torres urbanas, dos versos lidos por primeira vez con toda a ilusión esperanzada dun futuro por erguer. A memoria do

pai semella a cerna do libro, sen dúbida, aínda que temos que chegar á terceira parte do libro para encontrar de forma explícita unha dedicatoria "á memoria do meu pai, Sereno no Progreso e arredores polos arredores dos anos sesenta". Pero a memoria do pai, quizais as poucas palabras que logran superar o abusivo imperio do tempo, convértese tamén na memoria da cidade, na memoria dun mundo con nome propio onde se mesturan, en pacífica harmonía, a estatua solemne e decimonónica do Padre Feijóo e a crónica xornalística inmisericorde da pobre víctima esmagada por unha pedra mentres practicaba un suposto acto de zoofilia cunha galiña á sombra da Ponte Vella. Todos eles, de certo, son xa crónica, anecdotario e paisaxe dunha cidade, cando menos da cidade literaria, canallesca e neboenta que Guede está a construír desde os seus libros.

A Memoria pode devir en Historia e a historia adoita escribirse con letras de traxedia. O *pathos* clásico, que se fixo universal nas traxedias de Shakespeare, reaparece en Guede no combate fratricida dos días da Guerra Civil, tema central da súa novela *Vísperas de Claudia* e agora aceno presente en poemas como "Da morte de Andrea Rivas" ou "Tempos de advertir (outra paisaxe incivil)". Cabería subliñar quizais unha menor tensión dramática neste novo poemario, máis elexíaco e menos exultante que as súas obras anteriores, o cal non lle impide, por exemplo en "Tempos de advertir", denunciar o silencio que emborrona os renglóns da nosa historia, condenándonos ó esquecemento e á desmemoria.

Nas verbas poemáticas que pechan o volume apunta o poeta, tras concluír esta viaxe desesperada pola memoria e a melancolía: "Entenderedes, entón, a brutal canallada, a exacta dimensión do meu desterro. E por qué escribo sempre o mesmo libro". Un libro que é tamén un elo dun único, colectivo e universal libro, a escribir desde hai máis de cen anos, sobre o soño dunha cidade que quizais nunca chegue a encontrarse a si mesma fóra do territorio da literatura.

MARCOS VALCÁRCEL

Tris-Tram, un pulo polo teatro

- GUSTAVO PERNAS CORA. *O galego, a mulata e o negro.* Tris-Tram, Lugo, 1999.
- EULOXIO R. RUIBAL. *O son da buguina.* Tris-Tram, Lugo, 1999.

Ten esta editorial lucense un nome cun algo de máxico, de feiticeiro e tamén de rápido e sorpresivo. Unha sorpresa, por certo ben agradable, foi a publicación a principios do ano pasado de *Cita co diaño* e *O paso* de Raúl Dans.

Unha sorpresa porque o que podía parecer unha falta de interese pola edición de textos teatrais despois das *Historias peregrinas* de Miguel Anxo Murado en 1995 (neste país no que estamos acostumados a que aventuras deste tipo sexan flor dun día imposibles de manter por causas de sobra coñecidas) non era máis que un pequeno parón amplamente solventado coa publicación de tres volumes novos para a colección de teatro. De feitura atractiva e cómoda, os libros desta colección cobren un importante oco ó seren promocionados por unha editorial que ten como obxectivo a publicación de obras atractivas e interesantes para o lector, independentemente do xénero, ou o que é o mesmo, sen que medie un compromiso coa dinamización teatral que caracteriza en moitas ocasións este tipo de proxectos, voluntarismo que, aínda que en principio é moi de agradecer, rematou moitísimas veces en fracaso.

O galego, a mulata e o negro de Gustavo Pernas e *O son da buguina* de Euloxio Ruibal teñen en común o seren escritos por recoñecidos autores. Ademais diso, nas dúas obras aparece a emigración e nas dúas está presente (en *O son da* buguina tan só como referente) o choque de linguas (galego e castelán). Mais non son estas máis que simples coincidencias e nada hai no xénero, no ton, no debuxo dos personaxes e mesmo na propia xénese das pezas que as asemelle.

Gustavo Pernas estreara xa o seu texto no ano 1990. É pois, un deses tantos exemplos de desfase entre a data de escrita (e tamén de escenificación neste caso) e a da publicación que tantos problemas lles suscita ós estudiosos do noso teatro. Nestes casos (cando a peza non é publicada en datas cercanas á escena), a edición da obra adoita quedar supeditada ó posterior asentamento do autor no panorama teatral. Así, malia o grande éxito que obtivo a obra de Áncora Producciónes e ó aval dun premio (Premio Compostela ó mellor texto dramático orixinal en 1991) é bastante probable que nunca chegase a publicarse de non continuar Pernas coa actividade teatral (nomeadamente a escrita). A recente aparición da triloxía formada por *Fábula*, *Ladraremos* e *Anatomía de un hipocondríaco* parece confirmar a este autor, caracterizado por escribir para a súa compañía, no noso panorama editorial.

A edición desta "comedia histórica en cinco escenas", protagonizada no seu día por Miguel Pernas, Anxela G. Abalo e o propio Gustavo Pernas ábrese cun prólogo do tamén autor Lino Braxe no que sinala o importante traballo de documentación e o coidado da arquitectura da peza e no que define a obra como "unha aposta por erguer un ar fresco e orixinal no panorama teatral galego dos oitenta, que era herdeiro inevitable —para ben e para mal— dos pioneiros dos setenta".

A comedia sitúase en Cuba e divídese en cinco movementos que, sen variar nos prototipos do Teatro Vernáculo Cubano, van cambiando de situación temporal (finais do século XIX, Desastre do 98, anos trinta, inicios da Revolución e tempo actual nun espacio menos definido). Ó ser o xogo de linguas unha das claves da obra, foi preciso un grande esforzo para que o idiolecto de cada personaxe (unha especie de suahili inventado con base no castelán no caso do negro, un castelán crioulo para a mulata e a lingua galega para o galego) puidese ser reflectido na escrita, agora sen a axuda dos

acentos, tan importantes na escena. Na peza a presencia da música é moi importante e, así, os cinco movementos rematan cunha canción ou xogo rítmico. Mais a pesar de presentar un humor fresco que raia sempre o absurdo, a obra responde perfectamente á segunda palabra do seu subtítulo; é unha "comedia histórica" (por certo, adxectivo que raramente se lles engade ás comedias) na que van desfilando temas como o da emigración, a independencia cubana, a presencia dos ianquis, etc.

Se Pernas é un autor que escribe basicamente para a súa propia compañía e editado desde hai pouco, Euloxio Rodríguez Ruibal representa o caso contrario na nosa literatura dramática pois, publicando con certa regularidade desde os setenta e conseguindo que algunhas das súas obras sexan de referencia obrigada, non está tan inminentemente ligado á escena como outros autores.

Despois dalgúns anos sen publicar e coincidindo co 25 aniversario da publicación de *Zardigot* viu a luz no 99 *O son da buguina*. Se en *Zardigot* e en *O cabodano* estaba moi presente a Guerra Civil, *O son da buguina* pode situarse tematicamente na liña das anteriores posto que, se ben xa non temos como marco un clima bélico, é agora o enfrontamento opresivo da posguerra o que serve como marco.

Protagonizada por seres ó límite que ás veces semellan loucos lúcidos, estamos ante a rememoración nun lugar tan pechado como é o cárcere dos lugares afastados e cercanos, das vivencias intranscendentes ou de importancia e dos personaxes anónimos ou coñecidos (entre eles Castelao) que pasaron pola vida de Jalisco, o protagonista. Arredor deste personaxe, caracterizado pola súa lingua, plasmada moitas veces en longas intervencións a modo de monólogo e en creación de palabras ("docexestodocemiradadoce", "amargaterraquente") ponse en marcha un interesante xogo metatetral entre os presidiarios cos que comparte cela e que van ir recreando a súa vida (xuízo, casamento, asasinato...). Os reclusos, a modo de compañía de cómicos, reconstrúen a súa historia (de amor, odios, etc.) con frecuentes saltos ó tempo presente dos personaxes. A inexistencia de marcas claras na transformación dos presos en personaxes incide na sensación, como lectores, de confusión e vertixe, sen dúbida importantes compoñentes da peza. Hai, pois, para o lector tres niveis: o primeiro sería o dos referentes histórico-reais, entre os que cabe salientar a referencia a Castelao no que ten base a bugina como símbolo de unión de dous mundos, os extremos do mar (A Coruña e Nova York) ou a as alusións ós "Foucellas". No caso do autor de Rianxo non se trata tan só dunha mención senón dunha relación persoal con Jalisco (mestura de realidade e ficción ou ficcionalización do Castelao histórico). O segundo nivel é o da ficción teatral onde se insire unha nova ficción (terceiro nivel) na que Martiño é Marta, Luís é María ou Ponte Encarna. Mais o tremendo esforzo que supón para o lector o situarse con comodidade nestes dous niveis (imposible de conseguir), a presencia dunha estructura moi secuenciada, de elementos agobiantes que se repiten ata se converteren en símbolos (por exemplo a necesidade de asearse do protagonista ou a presencia das nespras) transmiten un certo clima de tensión, pesadez e obsesión como obsesiva é a lingua de Jalisco e a propia estructura da peza, caracterizada pola circularidade.

Son, por tanto, propostas ben diferentes dunha editorial que enterra o prexuízo de que o teatro non vende, unha editorial á que lle desexamos que siga sendo buguina da nosa literatura dramática, comunicación entre autores e lectores.

NOEMÍ PAZO

A poesía de Avelina Valladares

● XOSÉ LUNA SANMARTÍN (ED.). *Ond'o sol facheaba ô amañecer. Vida e obra da contora do Ulla, Avelina Valladares Núñez.* Edicións Fouce. A Estrada, 2000.

A saúde da nosa literatura sería outra ben distinta de carecermos de entidades, sen ánimo de lucro, preocupadas en rescatar do esquecemento unha boa parte da nosa historia literaria. Nunha anterior recensión (*vid.* "A poesía galega de Lence-Santar", *Grial* 143) falabamos da singularidade da edición de libros, acollida á tradicional forma do mecenado, por parte de empresas literarias relacionadas co ámbito literario.

Desta volta, fixamos a nosa atención nunha outra senlleira iniciativa, a colección "Strata", publicación de Estudio e Investigación da Asociación Cultural A Estrada, que se edita baixo o selo de Edicións Fouce, a marca editorial do movemento agrario nacionalista Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, que toma a súa denominación da cabeceira que durante moitas décadas foi o seu voceiro sindical. Así pois, unha entidade do mundo da cultura de base e un sindicato agrario unen esforzos para dar acubillo a unha insólita colección, na que xa viron a luz os *títulos Cos pés na Terra. Personalidade e obra inédita ou esquecida de Manuel García Barros,* en edición da autoría do profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato, *e Dame a túa man. Personalidade e obra poética de Xosé Manuel Mosquera Carbón,* obra coordinada por Mª Carmen Mosquera e Paulo Porta.

Máis recentemente viu lume o volume intitulado *Ond'o sol facheaba ô amañecer. Vida e obra da cantora da Ulla, Avelina Valladares Núñez,* en edición do tamén escritor estradense Xosé Luna Sanmartín. E se esta novidade é un síntoma de boa saúde para a nosa literatura, non o é comprobar que tiveron que transcorrer 175 anos desde o nacemento da poeta para que poidamos ler a totalidade da súa escasa producción lírica, aínda que a profesora Aurora Marco xa tivese exhumado os seus únicos catro poemas en galego e un diálogo bilingüe tamén en verso.

Un serventesio da propia Avelina Valladares Núñez e unha escolma de brevísimas opinións sobre a autora estradense, en boca de Antón Losada Diéguez, Manuel García Barros, Waldo Álvarez Insua, Manuel Amor Meilán, Manuel Castro López e Eduardo Posobón, abren este volume compilatorio, antes de ato-

pármonos co Limiar no que Xosé Luna Sanmartín dá conta da xénese da súa pescuda literaria, que "deriva da investigación directa sobre documentación de arquivos e da análise de varios artigos", ás que xuntou as inéditas *Memorias de familia* do irmán da poeta, o ben coñecido escritor rexurdimentista Marcial Valladares Núñez, e o traballo da profesora Aurora Marco aparecido en 1984 nesta publicación. Con todo, sorpréndenos que non se cite un artigo anterior a este último: "A poetisa Avelina Valladares. Lembranza e novos datos", da autoría do profesor Alonso Montero e que foi recollido en *Lengua, literatura e sociedade en Galicia* (1977). E aínda hai outro esquecemento do compilador, pois non aparece por ningures a bibliografía do seu traballo, aínda que a profusión de notas con referencias que atopamos en cada capítulo contribúe en boa maneira a reparar este descoido.

"O século de Avelina Valladares, contexto histórico e literario" é o título do primeiro capítulo, no que se resume todo o século XIX, partindo dun acontecemento anterior á data de nacemento da poeta (1925), como é a Guerra da Independencia acontecida nos anos dez e que se rememora para lembrar a participación que nela tivo o pai de Avelina, José Dionisio Valladares. Despois dun veloz percorrido histórico polo século, Luna Sanmartín aborda do mesmo xeito o contexto literario, botando man sobre todo dos traballos do profesor Carballo Calero para situar o nacemento do Rexurdimento e rematar na aparición das primeiras novelas, da historiografía e do pensamento rexionalista no esmorecer decimonónico.

De moito maior interese, evidentemente, é o segundo capítulo "Apuntamentos biográficos", no que salienta o importante caudal de información, descoñecida ata hoxe, que se nos fornece sobre a escritora estradense. A documentación e un pormenorizado retrato de familia, con especial relevo na figura de seu irmán Marcial, así como unha morea de datos sobre a educación recibida, deitan moita luz sobre os primeiros anos da poeta. Así coñecemos o ambiente culto no que agromou a súa inquedanza literaria e tamén a profundidade da súa convicción relixiosa, ambos elementos caracterizados da súa condición de muller escritora. A seguir, Luna Sanmartín describe a súa obra, primeiro desde a opinión completa de Antón Losada Diéguez e Waldo Álvarez Insua e logo cun cadro que recolle a totalidade dos textos coñecidos da autora, sinalando o seu epígrafe, a data na que foron escritos e a cabeceira xornalística na que apareceron. Finalmente, a morte da poeta en 1902 e o escaso eco do centenario do seu nacemento en 1925, ocupan as últimas páxinas deste capítulo.

Na nosa opinión Luna Sanmartín non anda atinado na estructuración do seu traballo, xa que os xuízos críticos e as referencias á publicación dos poemas deberían afastarse destas notas biográficas para formar un capítulo á parte ou inserirse no seguinte, no que se realiza unha análise "semántica" (tampouco este termo nos parece o axeitado para o que logo se nos ofrece) da obra poética no seu conxunto. En realidade atoparemos unha análise temática, centrada no que o editor considera os asuntos de maior relevancia: os espacios xeográficos (do xeral ó particular, Galicia primeiro e A Ulla despois), a emigración, a orfandade, a relixión e un curioso aparte para a temática xacobea, para rematar con referencias á familia e á amizade na obra de Avelina Valladares, que se completa cunha breve anotación sobre os tres artigos en prosa. Novamente hai unha certa desorientación e quen se achegue a este estudio pode quedar cunha certa sensación de *totum revolutum* nestas páxinas. Non hai dúbida de que a es-

colla temática e mesmo a súa xerarquización deberían ser outras para mellor comprendernos a obra da poeta estradense. Ora ben, xusto é dicir que cada apartado ofrece datos e suxestións interpretativas de moitísimo interese e isto xa é dabondo para saudar a aparición deste traballo.

Antes de acometer a edición da obra literaria de Avelina Valladares, Luna Sanmartín analiza o seu galego, deténdose brevemente nas particularidades gráficas e nas características do seu léxico. Finalmente, o autor da compilación xustifica as súas escollas, tanto á hora de seguir un dos tres cadernos manuscritos que recollen a obra poética (inclinándose polo denominado caderno manuscrito C) como nos criterios de edición, que optan por un saudable conservadorismo que respecta as opcións lingüísticas da escritora. Con respecto ó manuscrito, o editor só altera a disposición dos textos, priorizando os cinco poemas escritos en galego (catro e un bilingüe) fronte ós máis de corenta textos poéticos en castelán.

A súa obra en prosa, tamén escrita en castelán, e unha colectánea de artigos sobre a poeta estradense, anteceden á reproducción facsimilar dunha serie de documentos (actas, cabeceiras de xornais, fotografías...), nos que sobrancea a reproducción dos textos escritos en galego do caderno manuscrito C.

Aínda que o propio compilador, Xosé Luna Sanmartín, advirte ser consciente de que queda por realizar unha edición dos textos de Avelina Valladares e mesmo outra edición moderna (menos xustificable) para uso de escolantes, o certo é que o seu interesante traballo pode suplir perfectamente esas carencias. A brevidade da obra galega da cantora da Ulla xoga na súa contra, de aí deriva o seu escaso coñecemento ata hoxe.

MIRO VILLAR

A Filosofía, outra historia

● FRANCISCO JAVIER PÉREZ CARRASCO / MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ. *A filosofía, outra historia*. Galaxia, Vigo, 2000.

A Filosofía, outra historia pretende ser, segundo os seus autores, Francisco Javier Pérez Carrasco e Manuel Rodríguez Álvarez, unha obra para non iniciados; nin sequera, advirten no limiar, está dirixida a intelectuais. Os seus destinatarios son os lectores "curiosos" e, inevitablemente, esforzados.

Estamos logo, diante dunha obra de divulgación, unha obra que se dirixe a un público non especializado e como tal haberá que considerala.

Unha primeira valoración, case evidente, ha ser positiva, pola carencia desta clase de obras en galego. E relacionado con isto, expreso tamén a coincidencia cun presuposto do que parten os autores da obra reseñada, o de que é posible transmitir o pensamento filosófico sen recorrer a un estilo críp-

tico ou escuro. Engadiría máis: todo pensamento ou é transmitible a persoas intelixentes ou deixa de ser pensamento para converxer coa relixión, a mística, ou as emocións compartidas.

É difícil para un profesional da filosofía non discrepar de calquera obra filosófica. Está na entrana da Filosofía a controversia permanente. Non resulta estraño que haxa trescentas e pico interpretacións censadas do símil da liña de Platón. ¿Que pode ocorrer logo cando encaramos unha historia da filosofía? Lóxico que as diverxencias xurdan arreo.

Pero non se debe ler *A Filosofía, outra historia* como unha historia da filosofía de autor, coma a de Heidegger, a de Brehier, ou, máis preto de nós, a de Chatelet, Severino, Abagnano, Mosterín e outros. Historias que expulsan nas primeiras páxinas ós lectores que non comparten os presupostos de ferro do autor.

No presente caso, deduzo que os autores prestaron unha esmerada atención á pedagoxía, acolléndose a un eclecticismo sen complexos que, se ben pode facer reaccionar con hostilidade ó filósofo de escola ou ó seguidor das modas filosóficas, pola contra, vai compracer ó destinatario natural deste libro e ó profesor que anda á procura de fórmulas pedagóxicas axeitadas.

Naturalmente, o especialista atopará discutibles algunhas interpretacións. Como a, polo menos heterodoxa, clasificación que fan os autores na páxina 76, cando asocian a Aristóteles con Kant, baixo a nomenclatura de "Racionalismo Trascendental", rebaixando o sentido técnico de clasficiacións xa canónicas. Mesmo resulta discutible, ó expoñer os tres eixos polo que discorre a obra (páx. 11), vencellar a ética coa transformación da realidade. E, sen dúbida, ha ser inevitable a discrepancia nos puntos quentes da historia da filosofía, como no comentario de Heráclito e Parménides, por exemplo. Por non falar da introducción do termo "praxe" na filosofía de Hume. E a disconformidade pode vir por outras interpretacións nas que os autores se manteñen fieis a unha tradición académica hoxe moi cuestionada, como a que se fai do paso do mito ó logos. Ou o esquecemento das implicacións filosóficas da obra cume de Marx, *O capital,* para centrarse nunha longa glosa da noción da "alienación". E, xa que estamos na mención dos aspectos máis polémicos, dicir que a obra pode defraudar a curiosidade á que apelan os autores, cando restan protagonismo á filosofía do século XX, que tratan de maneira sumaria. ¿Unha crónica desigualdade profesoral ou un pretexto para unha segunda parte?

Feitas estas consideracións, resulta lóxico observar máis de preto o terreo que tenta rozar o libro, a apertura de claros na frondosidade filosófica. E neste eido hai que eloxiar o esmero co que Francisco Javier Pérez e Manuel Rodríguez guían o carro da retórica filosófica. E unha virtude salientable neste percorrido é a calor, a vehemencia das explicacións. De fixo que algunhas páxinas do libro han transportar ó lector á aula física na que un profesor de temple vital e nervioso tenta debullar o significado profundo dos termos filosóficos.

Non obstante, vistas as pretensións divulgativas dos autores, despois de ler a obra queda impresión de que permanecen demasiado fieis ás convencións académicas. Se cadra, un maior esforzo nese empeño da busca dunha metalinguaxe non técnico-filosófica faría a obra máis amena e accesible a un máis amplo número de lectores.

Pero, sen dúbida, estamos diante dun manual sinxelo, áxil, de doada lectura, excelente edición e que transmite a paixón pola indagación filosófica. Recomendable para os lectores con ambición cultural e de obrigada lectura para os pedagogos da filosofía.

XOSÉ ANTONIO MORENO

Unha república esquecida

● LUÍS MANUEL GARCÍA MAÑA. *Couto Mixto. Unha república esquecida*. Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, Vigo, 2000.

Luís García Mañá é un escritor tan prolífico como atípico. Producto xenuíno dun país no que, paradoxalmente, a elevada cifra e calidade dos autores non lle permite a case ningún vivir da escrita senón doutra profesión, neste caso ben coñecida, o que quizais propicia que se entreguen apaixonadamente á súa vocación literaria cando teñen oportunidade —tempo— de exercela.

Este comentario verá a luz, seguramente, cando xa a segunda edición do libro estea no mercado polo seu fulminante éxito, un auténtico órdago para un autor galego e para un Servicio de Publicacións dunha Universidade. O Couto Mixto excita a imaxinación intelectual porque, probablemente, representa un microcosmos do tristeiro destino histórico que lle acaeu a Galicia como nación, o que puido ser e non foi: simboliza a liberdade individual e colectiva, a república ideal, democrática e comunitaria, arremedo tamén da vella *Gallaecia* xa que era galego-transmontano: non entregar homes para as guerras hispano-portuguesas, libre escolla de nacionalidade ou mesmo ningunha como mostra suprema de autodeterminación —autonomía— do individuo, elección democrática e *revogación* dos cargos públicos se non obraban adecuadamente, sen someterse (salvo polo acto de forza polo que nacen todos os actuais Estados-nación) ós dictados de dous Estados que venden a súa historia como pura mitoloxía e ineluctable determinismo merecedor de mellores dogmas: as altas misións ás que estaban chamados España e Portugal desde os tempos da creación bíblica.

E a República do Couto Mixto estorbaba, aínda que pouco, ó devandito *ideal*, por iso foi preciso que desaparecese, pois ata podía ter viabilidade coa autonomía económica froito do cultivo do tabaco contra o monopolio de dous Estados; á fin e ó cabo, a vontade estatal (agora chamada, de xeito esvaído e politicamente correcto, "interese xeral") é tamén un monopolio xa que aspira a ser única. O autor cita a Pascual Madoz referíndose ós veciños do Couto: "no conocen sino el infortunio y las funestas consecuencias que trae en pos de sí una libertad ilimitada, una abyecta inmoralidad", o cal non fai máis que confirmar a nosa opinión de que a excesiva liberdade dos Mixtos era perigosa polo mal exemplo que podería ocasionar en quen os observase; esa foi a prin-

cipal causa da súa extinción nuns tempos nos que xa se arruinaran as pretensións imperais españolas e as portuguesas decaían aceleradamente.

Incluso nos niveis fiscais e económicos, en xeral, cabe falar de *excesos* de liberdade: de cultivos, de feiras e mercados, de xéneros (mesmo dos do contrabando), estaban exentos de cargas impositivas ou tributarias por parte de calquera dos dous Estados. Cabería anotar como, hoxe en día, iso é xustamente o que ocorre na maioría dos microestados existentes a nivel mundial: unha gran liberdade na circulación de mercadorías, bens, capitais, persoas, etc., e altos niveis de benestar económico e social, precisamente o contrario ó acontecido nas terras dos Mixtos trala súa desintegración.

García Mañá é un investigador autodidacta; bebe directamente nas fontes, orais, percorrendo os camiños e falando, de vagar, coas xentes; nas escritas, mergullándose directamente en arquivos ás veces dificilmente accesibles, manexando centos de documentos e deixando que estes falen polo autor, que exerce de guionista, para avalar as súas teses. Por iso, cabería alcumalo de historiador heterodoxo no contexto que se teñen que desenvolver os seus estudios, onde os informes da Academia de Historia nin se molestan en ler o que ferozmente critican, nin, moito menos, aportar ideas á marxe de interesados tópicos de *historia común*, sexa esta española ou portuguesa.

O Couto Mixto posúe, ademais, connotacións de plena actualidade. Non en van podería considerarse como un referente paradigmático de superación da vella idea de ríxida fronteira como límite espacial do poder estatal, da arcaica e indemostrable noción de soberanía. E, neste sentido, a sociedade vital, os galegos e portugueses do norte, imos por diante das propostas da Europa común, malia o papel residual ó que Madrid e Lisboa nos abocaron. A idea de autodeterminación, xa que logo, subxace na reivindicación dos Mixtos: a posibilidade de vivir sen dictados alleos e sen subvencións que conserven a situación de dependencia despois de condenarnos á pobreza e ó ostracismo durante tantos séculos.

Por iso García Mañá quere sacar do esquecemento a nosa República, petando nas nosas conciencias, co rescate dun singular episodio histórico; claro que iso só se pode conseguir se queremos, cada un de nosoutros, ter conciencia de Nós.

ÁLVARO XOSÉ LOPEZ MIRA

Premer F1 para axuda

● RAMÓN GUTIÉRREZ IZQUIERDO. *Lecturas de nós*. Edicións Xerais, Vigo, 2000.

Dalgún xeito este estraño guieiro didáctico semella un producto editorial de vontade e natureza ambigua. A comprensión do valor e uso do volume, subtitulado "Introducción á literatura galega", depende da lectura da súa sinxela es-

tructura. Cómpre, ademais, aceptar a súa condición híbrida, imposta no carácter definitivo do proxecto. Temos unha soa versión para dous lectores complementarios (alumno e docente) que comparten os distintos espacios da obra.

É revelador o brevísimo suplemento, agradablemente sincero: *Para unha didáctica da literatura*, que, a xeito de decálogo-testemuña, recoñece a vontade real do traballo. Tal como alí se define, *Lecturas de nós* é unha ferramenta para o ensino e a aprendizaxe no bacharelato, non unha vía de entrada na literatura galega, xa que cómpre un traballo práctico habitual e guieiros que non responden nin á tipoloxía nin ó uso do manual de divulgación. É, entón, dificilmente adaptable como método autodidáctico, que semella aínda máis difícil por mor dos dous niveis de lectura (o do profesor e o do alumno) a contrastar e asumir no volume.

O contido organízase en dous bloques. Iníciase cunha introducción-tema, en realidade un sinxelo estudio formal dos xéneros literarios e recursos estilísticos, para unha mellor comprensión das lecturas. Continúa co estudio de seu da historia da literatura galega a partir dunha escolma de 27 textos; textos traballados de xeito modular que desenvolven o clásico e rendible esquema didáctico: introducción ó tema + texto (fonte directa) + comentario. Gutiérrez Izquierdo atopa adecuado presentar esta estructura de batalla diacronicamente, fronte a análises máis específicas, como a de xénero literario, que poden distanciar o traballo do alumno das súas expectativas e posibilidades, así como distancialo dos contidos mínimos esixidos no actual bacharelato. Nese senso insiste na consabida retroalimentación dos estudios de literatura e os de lingua, seguramente respondendo tamén ós principios da actual reforma.

Todo o método vai rexido polo texto, elemento central na literatura. Os aspectos extratextuais intentan vencellarse á lectura ou desenvolverse en función dela para chegar, mediante un sistema deductivo, ó que o autor define como "memorización comprensiva". Esta centralidade provoca unha carencia importante: a escolma é insuficiente. En 27 textos non é posible amosar a entidade dunha literatura completa. Por iso, para entender o enfoque do material, presencias e ausencias, cómpre sinalar os principios desta escolma, que poden resumirse na necesidade de atopar textos esteticamente eficaces (marca de calidade), representativos do autor ou do movemento (marca de canon) e completos (marca de autonomía). Esta autonomía, especialmente, provoca a ausencia dunha boa parte da producción literaria galega, non só na selección, senón na posibilidade de traballo, xa que non permite a presencia da narrativa longa nin da dramaturxia. Evidentemente déixaselle ó docente a responsabilidade de que aparezan no curso estes xéneros, pero non se propoñen vías nin actividades suficientes para tan centrais facetas da literatura, eiva preocupante polo que teñen estas de esculca e futuro.

É no desenvolvemento e marca de destinatario desta estructura básica onde resulta evidente a bicefalia do proxecto: unha introducción ó tema destinada ó alumno, curta para crear un marco de referencia completo; escolma de textos a complementar polo mestre; e o comentario dirixido á docencia, que se camufla de ensaio, así como os mínimos apéndices de traballo, exercicios de

comprensión e interpretación, e bibliografías. Eses *nós* cos que xoga o título son en realidade enlaces a completar entre o ensinante e o ensinado. Nese contexto é evidente que resulta un medio estreito de máis para semellante polivalencia. Sería preferible que houbese dous libros, iso evitaría, entón, a molesta combinación de tons e, ás veces, de rexistro nos bloques didácticos.

É claramente un método de divulgación pensado para o uso docente, como material didáctico; material moi correcto e necesario, un investimento ineludible na formación crítica dun modelo de docente que, nas literaturas minorizadas, é a base da súa supervivencia. Alí atopa bibliografías moi completas, desglosadas e claramente expostas, que resultan recursos adecuados para a ampliación do programa. Atopa tamén referencias a obras canónicas de diversas disciplinas, que se usan aparentemente coa vontade de autorizar as lecturas, pero en moitos casos son obras pendentes dunha seria revisión como modelos (por exemplo, Frazer ou Malinowski). Inclúense, tamén, unidades didácticas, de espallamento e aplicación do método fóra da escolma. Os exemplos de traballo con este material, en cambio, son cativos.

O gran indiferente diante este material é o alumno de Secundaria, lamentablemente o principal usuario, que atopa un texto destinado ó seu uso, de aproximadamente 150 páxinas, das case que 600 que merca. E de calquera xeito, insuficientes. Sería máis axeitado afrontar o curso co material aportado polo mestre a partir do seu traballo con *Lecturas de nós,* no que atopa un álbum de repertorio, fórmulas e recursos. Resulta un libro de taller, case gremial que cómpre completar e contrastar para tirarlle o rendemento desexable. Ou, en terminoloxía informática, funciona como a tecla F1, *axuda.*

Certamente o manual ten que demostrar aínda a súa bondade nas aulas. O modelo de aprendizaxe non é novo e a aportación de *Lecturas de nós* é unha mirada ó canon curta, limitada, e mutilada polas ausencias xa comentadas. Quizais non sempre sinceramente crítico, Gutiérrez Izquierdo, intenta unha mirada voluntariosa á dimensión épica da construcción civil da nación, insistindo, ademais, na tristemente actual condición de loita.

RUBÉN ORTEGA DÍAZ

Unha chamada de atención sobre os perigos do pseudoperiodismo

■ RAMÓN REIG. *Periodismo de investigación y pseudoperiodismo.* Ediciones Libertarias, Madrid, 2000.

O complexo armazón de intereses que rodea o mundo dos medios de comunicación nos que traballan os xornalistas precisa de reflexións que

aporten puntos de vista novos para analizar vellos e novos problemas. Dúas das últimas achegas con este fin chegaron ó mercado editorial nos últimos meses coa firma de Ramón Reig, quen analiza o pseudoperiodismo, e de Dominique Wolton (*Internet ¿y después?,* Gedisa, 2000), quen fai unha crítica dos novos medios de comunicación.

Nos dous libros, que responden a formulacións distintas, constátase que moitos aspectos do xornalismo que se practicou nos últimos anos levantaron voces críticas que reclamaron con forza a dignificación da profesión. Algúns textos recollidos nos medios de comunicación reflectiron só posturas grupais, esquecendo o papel de servicio público da información. Nestes tempos de fin de século circularon nos soportes moitas filtracións, pseudoperiodismo en definitiva, e faltou xornalismo de investigación.

Varios feitos indican que os xornalistas se atopan na actualidade inmersos nunha dinámica estructural que os sitúa no seo dunha rede de integracións empresariais de todo tipo. A culpa tena o acelerado proceso de concentración de capital, que crea novos problemas para a existencia dun marco favorable para o xornalismo plural, rigoroso e "valente" que precisan as sociedades democráticas.

Este panorama do mundo da comunicación, descrito por Ramón Reig no seu libro, sitúa ó xornalismo nunha encrucillada: ou dá un salto cualitativo ou terminará sendo un espectáculo máis sometido ás modas. Trátase dun dilema que formula con claridade o profesor andaluz, logo de afirmar que nestes últimos anos houbo vulneracións deontolóxicas.

As mencionadas preocupacións polas cuestións deontolóxicas relatadas por Ramón Reig tamén se advirten na obra de Dominique Wolton, aínda que cunha visión máis centrada nos valores da comunicación. Wolton fala de situar o papel que ocupa a comunicación na sociedade actual, para o que presta especial atención en demostrar que non se trata só de tecnoloxías ou de mercado en plena expansión, senón tamén dun valor esencial do noso patrimonio cultural. O seu obxectivo céntrase en destacar os vínculos existentes entre teoría da comunicación e teoría da sociedade.

Nas súas reflexións, o director do Centre National de Recherche Scientifique (CNRS) tamén inclúe a televisión, medio que considera esencial para a democracia, e non esquece facer unha comparación das vantaxes e dos inconvenientes dos medios de comunicación tradicionais e dos novos medios. Wolton di que hoxe, coa mundialización e o poder absoluto de Internet, non sabemos cál é a lóxica que mantén a comunicación: os valores ou os intereses, os ideais ou o comercio.

O mundo e a televisión

As novidades editoriais en materia de comunicación dos últimos meses tamén incluíron un interesante estudio sobre a televisión nos procesos de globalización e as tendencias á rexionalización (John Sinclair. *Televisión: Comunicación global y regionalización.* Gedisa, 2000). Sinclair analiza a cuestión da identidade cultural e nacional nos tempos da mundialización, con cons-

tantes aproximacións á práctica dos grandes grupos e ás tendencias que se rexistran no mercado. O seu texto formula os desafíos que teñen os Estados-nación no novo contexto mundial.

Refírese a retos que preocupan a distintos sectores da sociedade. Quizais por iso un grupo de expertos e profesionais realizaron distintas achegas nunhas xornadas celebradas no País Vasco e que agora se recollen nun libro sobre *La información internacional* (Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco, 1999). Son puntos de vista para entender mellor o que nos contan os medios do que pasa no mundo e o traballo dos xornalistas.

Esa crónica dos tempos tan propia dos xornalistas de onte e de hoxe encontrámola no libro de Jean Daniel (*Con el tiempo*, Seix Barral, 1999), unha obra do fundador e director do xornal *Le Nouvel Observateur* na que se constatan algunhas desas posibles vías para contar a información internacional.

XOSÉ LOPÉZ



SECCIÓN A CARGO DE **FRANCK MEYER**

Non só Santiago de Compostela: Bologna 2000

Para o ano 2000 elixíronse, por primeira vez, non só un senón nove lugares emblemáticos como Cidades Europeas da Cultura. Desde Santiago de Compostela e o seu Camiño ata o centro universitario medieval de Cracovia, todas estas cidades ofrecen un atractivo artístico-estético especial.

Italia preséntase cunha das súas rexións setentrionais, a Emilia-Romaña, unha das paisaxes culturais máis interesantes do país. A Emilia-Romaña chega desde Rimini e as súas famosas praias no leste ata a costa de Liguria no oeste. É o berce tanto do polémico cura don Camillo e o alcalde comunista Peppone como de toda unha restra de especialidades culinarias, como por exemplo o xamón de Parma, o queixo parmesano, a *mortadella*, o *aceto balsamico* e, non podían faltar, os *spaghetti bolognese*, tan apreciados en todo o mundo. A capital da rexión e unha das nove Cidades Europeas da Cultura do ano 2000 é Bologna.

De grande importancia para Bologna son os seus corenta quilómetros de arcadas que se axeitan ós numerosos edificios de valor artístico e histórico e que a administración local sinala con xustificado orgullo. Estes soportais simbolizan o espírito da cidade, unha cidade aberta e orientada cara á comunicación, isto é, a comprensión mutua. Estes corredores cubertos coas súas columnas marcan a imaxe da cidade e son, á súa maneira, os protagonistas de acontecementos e encontros importantes na metrópole emiliana.

A comunicación foi, en efecto, o atributo decisivo na elección de Bologna como Cidade Europea da Cultura polo Consello de Ministros en Bruxelas. Mesmo hai un comité científico que neste ano 2000 da cultura se ocupa do tema da comunicación. Quen o preside é un dos "grandes" da cidade e un autor de novelas abondo sonado na actualidade: Umberto Eco.

Os veciños de Bologna senten orgullo polo título que se lle outorgou á súa cidade e gustan de chamala "capital europea da comunicación". A fin de contas, é aquí onde está ubicada a universidade máis antiga do continente, fundada en 1119.

Bologna preparouse durante meses para este ano e preséntase cunha chea de actividades e eventos culturais. O proxecto máis ambicioso constitúeo a renovación da antiga Bolsa, reconvertida na maior biblioteca de Italia. A "biblioteca do futuro" permite a novecentos usuarios accederen a Internet ó mesmo tempo e ofrece máis de catrocentos postos de traballo multimedia. Durante as obras de saneamento fixéronse toda unha serie de descubrimentos arqueolóxicos das épocas etrusca e romana. O máis importante neste contexto represéntao a posta ó descuberto do empedrado dunha parte da Via Emilia, unha vella estrada comercial romana entre Rimini e Piacenza, que fixo construír o cónsul M. Emilio Lepido en 187 a. C. e que lle deu á rexión de Emilia-Romaña o seu nome.

Tamén asegurou para si un lugar destacado a arquitectura co seu mundo entre a arte e a técnica, a través de exposicións e coloquios. Así, no pavillón Esprit Nouveau teñen lugar, baixo a dirección de Botta, Natalini, Fuksas e outros representantes importantes desta disciplina, acontecementos e concursos para arquitectos noveis.

Á música de séculos pasados dedícase o Teatro Comunale di Bologna. Alí representáronse óperas como *Tosca*, *Salome* ou *Wozzeck*. En canto a espectáculos contemporeános é digno de ser mencionado o evento musical *For you*: para a súa inauguración no mes de xullo na Piazza Maggiore no centro da cidade incluso se puxo en marcha Nelson Mandela desde Sudáfrica, acompañado por douscentos compatriotas vestidos con exóticos traxes de guerreiro.

Xa na primavera ofertáronse cursos de aprendizaxe para artes de circo, baixo a dirección do Teatro delle Celebrazioni. Unha ducia de proxectos xiraron arredor do tema da infancia. Organizáronse actividades, grupos de traballo e traballos en grupo que culminaron, tamén na primavera, no evento especial "2000 nenos": unidos polo "lazo da arte", xuntáronse dous mil nenos de todo o mundo para celebraren unha gran festa de moito colorido ó aire libre.

Segundo a concepción e o orgullo italianos tamén forman parte da cultura os coches, e non soamente porque Bologna e a súa redonda leven ideando e fabricando desde sempre algunhas das mellores e máis famosas marcas do mundo. Pezas do museo ou novos modelos espectaculares de Ferrari, Lamborghini ou Maserati volveron exhibirse unha e outra vez nas rúas de Bologna. No Ano da Cultura é doado ver os participantes da coñecida carreira de coches antigos Mille Miglia pasearen polo centro da cidade, dándolle un toque de gran cine e glorias pasadas.

Pero os nosos apuntamentos, evidentemente, só poden ofrecer unha selección moi reducida dos máis de seiscentos *eventi principali*, douscentos trinta exposicións e máis de dúas mil horas de *spettacoli* por realizar ó longo do ano 2000. Haberá que considerar estas liñas como unha bandexa de petiscos coa mera intención de dar unha idea xeral dos grandes manxares do festival cultural que nos ten preparado Bologna.

E é que esta cidade merece unha visita de todas as formas. O centro histórico coa súa Piazza Maggiore e o Duomo di San Pietro, así como os

moitos outros monumentos de interese artístico-histórico son dos mellor conservados de Europa. Bologna, ademais, ten sona polas súas extravagantes posibilidades de gastar os cartos e os seus restaurantes, os seus parques fermosos e, como xa dixemos ó comezo, as súas arcadas. Se algunha vez resulta que dá en chover —cousa pouco frecuente durante a metade calorosa do ano—, sempre lles queda ás persoas do lugar tanto como ós visitantes procuraren o abeiro dos soportais para pasearen sen mollarse, como se vén facendo desde hai moitos séculos.

JOCHEN BAARSS
MARIO PELAIA



AV Monografías
Abaco
Academia
ADE Teatro
Afers Internacionals
Africa América Latina
Ajoblanco
Álbum
Archipiélago
Archivos de la Filmoteca
Arquitectura Viva
Arte y Parte
Atlántica Internacional
L'Avenç
La Balsa de la Medusa
Bitzoc
La Caña
CD Compact
El Ciervo
Cinevídeo 20
Clarín
Claves de Razón Práctica
CLIJ
El Croquis
Cuadernos de Alzate
Cuadernos Hispanoamericanos
Cuadernos de Jazz
Cuadernos del Lazarillo
Debats
Delibros
Dirigido
Ecología Política
ER, Revista de Filosofía
Experimenta
Foto-Vídeo
Gaia
Generació
GRIAL
Guadalimar
Guaraguao
Historia, Antropología y Fuentes Orales
Historia Social
Insula
Jakin
Lápiz
Lateral
Leer
Letra Internacional
Leviatán
Litoral
Lletra de Canvi
Matador
Ni hablar
Nickel Odeon
Nueva Revista
Opera Actual
La Página
Papeles de la FIM
El Paseante
Política Exterior
Por la Danza
Primer Acto
Quaderns d'Arquitectura
Quimera
Raíces
Reales Sitios
Reseña
RevistAtlántica de Poesía
Revista de Occidente
Ritmo
Scherzo
El Siglo que viene
Síntesis
Sistema
Temas para el Debate
A Trabe de Ouro
Turia
Utopías/Nuestra Bandera
Veintiuno
El Viejo Topo
Viridiana
Voice
Zona Abierta



Asociación de Revistas Culturales de España

Exposición, informacion, venda e subscricións:

Hortaleza, 75. 28004 Madrid
Teléf: (91) 308 60 66
Fax: (91) 319 92 67
http://www.arce.es
e-mail: arce@infornet.es

ÍNDICE DE COLABORADORES

SERAFÍN ALONSO PINTOS. Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballa como profesor de ensino medio e na actualidade prepara a súa tese de doutoramento sobre o proceso de estarización do galego nas décadas dos sesenta e setenta.

VICTORIA ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA. Licenciada en Filoloxía Hispánica. Realizou a súa memoria de licenciatura sobre a *Lingua de Rosalía de Castro* (1986) e na actualidade prepara a tese de doutoramento sobre a historia da Real Academia Galega. Responsable de varias edicións dos clásicos (Rosalía de Castro, Lamas Carvajal, Blanco Amor), é autora do libro *Unha lectura de A esmorga.*

KLAUS BOCHMANN. Profesor de Linguística Románica na Universidade de Leipzig. Especialista en Lingüística e Literatura rumana, Sociolinguística das linguas minoritarias na área románica e Política lingüística. Autor, entre outras publicacións, de *As linguas rexionais e minoritarias de Francia, España e Italia* e *Política lingüística desde a Revolución Francesa ata hoxe en Francia e outros países de lingua románica.* Editor da edición alemana das *Memorias dun neno labrego.*

XAVIER CASTRO. Profesor na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago. Promotor das xornadas de Historia de Galicia e subdirector de *Grial.* Autor, entre outros libros, de *O galeguismo na encrucillada republicana* e *A lume manso. Estudios sobre historia social da alimentación en Galicia.*

Isabel Seoane Sánchez. Licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade da Coruña. Realizou a tese de licenciatura sobre a Reforma da Academia Española de Primo de Rivera e os académicos galegos. Está a realizar a tese de doutoramento sobre Florencio Vaamonde Lores. Actualmente é lectora de galego na Universidade de Deusto.

LAURA TATO FONTAÍÑA. Doutora en Filoloxía Galego-Portuguesa, profesora da Universidade da Coruña, coordinadora do Arquivo Teatral "Francisco Pi-

llado" da antedita Universidade e directora da colección "Literatura Dramática Galega". Ten publicado: *O teatro de Eduardo Blanco Amor*, *Teatro e nacionalismo*, obra coa que gañou o IV Certame de Investigación Lingüística e Literaria Carvalho Calero; *Teatro galego (1915-1931)*; *Historia do teatro galego (das orixes a 1936)*. Asimesmo preparou a edición de *Donosiña*, de Xaime Quintanilla, e *A casamenteira*, de Benito Fandiño. Membro do comité científico da *Historia da literatura galega* da ASPG/ANT na que é autora de varios fascículos.

RAMÓN VILLARES. Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago, da que foi rector. É autor, entre outros, dos libros, *Foros, frades e fidalgos*, *Desamortización e réxime de propiedade*, *A historia*, *La propiedad de la tierra en Galicia (1500-1936)*. Tamén foi coordinador da edición de *Donos de seu. Estudios de historia agraria de Galicia* e *La ciudad y el mundo urbano en la historia de Galicia*, entrte outros.

Encrucillada

Revista galega de pensamento cristián

ESTUDIO
Non é a persoa para o sábado: contra as deformacións e opresións do relixioso
ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

APORTACIÓNS
Carta a Teresa de Jesús
TEREIXA LEDO REGAL

Proxecto Home Galicia: dez anos loitando pola vida
MANUEL REGAL LEDO

Dous congresos en torno á globalización
FRANCISCO REGUEIRA
IX CONGRESO XUSTIZA E PAZ
ASOCIACIÓN DE MULLERES *DORNA*

CRÓNICAS DA ACTUALIDADE
Cultura
Política
Relixión

Número 118
Maio-xuño
2000

ASOCIACIÓN DE AMIGOS CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Neste primeiro aniversario da constitución da Asociación de Amigos do Centro Galego de Arte Contemporánea queremos dá-las gracias a tódalas empresas que, cunha auténtica vocación de mecenado, impulsaron un proxecto de compromiso co CGAC e a arte contemporánea en Galicia.

Invitamos a novas empresas e a particulares a colaborar con nós. Infórmese no Centro Galego de Arte Contemporánea, rúa Valle Inclán, s/n, 15704 Santiago de Compostela, tel. (981) 54 65 88, fax. (981) 54 66 25.

SOCIOS PROTECTORES

ANTONIO PERNAS, S.A.
ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A.
BANCO PASTOR
CAIXA PONTEVEDRA
CAIXAVIGO
CARAMELO
CASTROMIL, S.A.
CORPORACIÓN NOROESTE, S.A.
DRAGADOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
EL CORREO GALLEGO
FERROATLÁNTICA, S.L.
FUNDACIÓN CAIXA GALICIA
FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA
IBERDROLA, S.A.
JOSÉ MALVAR CONSTRUCCIONES, S.A.
TELEVÉS, S.A.
UNIÓN ELÈCTRICA FENOSA, S.A.
RENFE VIAJEROS REGIONALES
ROBERTO VERINO DIFUSIÓN, S.A.

SOCIOS DE MÉRITO

GRIAL
ARTE Y PARTE
ALVA GRÁFICA, S. L.
ATLÁNTICO DIARIO
ECO, REVISTA DEL EJE ATLÁNTICO
EDICIONES ANTIQUARIA S.A.
EL PERIÓDICO DEL ARTE
EL PUNTO DE LAS ARTES
LA VOZ DE GALICIA
LA REGIÓN
LITONOR, S.A.L.
NINFA E RIVEIRO DESEÑO
PUNTO NORTE
REVISTA DE MUSEOLOGÍA
REVISTART
SIGNUM DESEÑO
TRIBUNA DE ACTUALIDAD

Fotografía: HISACO BILBAO

AMIGOS DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA


SE QUERES PARA-LA PENA DE MORTE,
EMPEZA DESCOLGANDO O TELÉFONO.
902 119 133
Se queres facer algo en contra da PENA DE MORTE, chámanos ou envíanos este cupón. Recibirás información
Nome:
Enderezo:
C.P.:
Poboación:
Amnistía Internacional
Sección Española
C/ Fernando VI, 8-1º Izda.
28004 Madrid
Tel.: 902 119 133
amnistia.internacional@a-i.es
www.a-i.es

por que te agochas?



XURO SÁNCHEZ

Non hai de qué

O que querías saber, como o querías saber

SUBSCRÍBETE A TEMPOS CHAMANDO Ó TELÉFONO 981-557119

REVISTA MENSUAL DE INFORMACIÓN PARA O DEBATE

GRIAL

A revista *Grial* apareceu por vez primeira en 1951, pero unha suspensión administrativa obrigouna a un prolongado silencio de máis de dez años. Reapareceu en 1963 e desde entón non deixou de se publicar. O espírito universal que lle imprimiron os seus fundadores, servir de canle responsable da actividade cultural galega e facer de ponte para a incorporación da cultura universal a Galicia, segue a ser o mesmo que preside a elaboración da revista na actualidade. Despois de todo, esta publicación leva o nome dunha fermosa lenda que é patrimonio cultural de toda Europa, pero que está tamén presente na historia e na arte galegas. En *Grial* aparecen, xa que logo, traballos que obedecen ó dobre propósito de informar sobre a realidade de Galicia ó propio tempo que se informa e reflexiona sobre os máis diversos aspectos da cultura universal.

GRIAL

Para enviar a: ***EDITORIAL GALAXIA, S.A.***
RECONQUISTA, 1 - 36201 VIGO (Pontevedra)
Enderezo electrónico: galaxia@editorialgalaxia.es
Páxina Web:
http://www.editorialgalaxia.es/grial/index.htm

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Apelidos e nome ou razón social.....

.....

Profesión.....

Enderezo.....

Localidade.....C.I.F.....

C.P.....Teléfono.....Fax.....

Enderezo electrónico .....

Data: Sinatura:

FORMA DE PAGO

A factura da subscrición emitirase no mes de marzo de cada ano polos 4 números

Contrarreembolso ☐

Domicil. bancaria ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐ ☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐

TARIFA (en pesetas) subscrición (4 números)
España.....4.500 ptas.
Estranxeiro....8.000 ptas.

PEDIMENTO DE NÚMEROS ATRASADOS

Rógolles que envíen os números atrasados que sinalo cunha cruz, ó prezo de 1.125 pesetas cada número:

135 ☐ 136 ☐ 137 ☐ 138 ☐ 139 ☐
140 ☐ 141 ☐ 142 ☐ 143 ☐ 144 ☐

Outros números.....

9 770017 418006 00147

galaxia